



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 91

Sesión plenaria
19 de novembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 (doc. núm. 39155, 10/PL-000010)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 382, do 13.11.2018

Punto 2. Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 39156, 10/PL-000011)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 382, do 13.11.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos

Defensa das emendas: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 15.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 23.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Pax. 32.)

Pausa breve na sesión antes da intervención do señor conselleiro de Facenda. (Páx. 40.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 40.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 47.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 52.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 55.) e Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 59.)

Intervención da Xunta: Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 63.)

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

O señor presidente somete a votación as emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos, formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e polo Grupo Parlamentario de En Marea, respectivamente. (Páx. 67.)

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39789) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 67.)*

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39848) do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 67.)*

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39701) do G. P. de En Marea: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos

Votación das emendas 1 á 13 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación das emendas 1 á 12 do G. P. dos Socialistas de Galicia que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Votación das emendas 1 á 31 do G. P. de En Marea, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos: *rexeitadas por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 69.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 74.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 80.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 84.)*

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 95.)*

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 101.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 103.) e Sr. Lago Peñas (EM). (Páx. 104.)*

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García). (Páx. 106.)*

Votación das emendas do grupo II

Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Votación das emendas número 1 e da 33 á 40 (doc. núm. 39903), que modifican a contía global dos orzamentos, e das emendas números 1 á 33 (doc. núm. 39903), que transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 39849), que modifica a contía global dos orzamentos, e da emenda número 1 (doc. núm. 39849), que transfire créditos entre

seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 39816), que modifica a contía global dos orzamentos, e da emenda número 1 (doc. núm. 39816), que transfere créditos entre seccións, do G. P. de En Marea: *rexeitadas por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108.)

O señor presidente anuncia que, ao seren rexeitadas as emendas á totalidade e ao estar fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, este proxecto de lei se trasladará á Comisión 3ª e seguirá a súa tramitación correspondente, consonte o disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara. (Páx. 108.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas. (Punto segundo da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 109.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 114.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 118.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 122.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 126.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 131.), *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 133.) e *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 134.)

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39804): *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 137.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39866): *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 137.)

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. de En Marea (doc. núm. 39844): *rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx.)

Remata a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos do serán.

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

E entramos na orde do día co punto primeiro.

Debate de totalidade do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo ante o Pleno do Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o 2019.

Debatemos hoxe o principal instrumento que ten a Xunta para desenvolver a súa política económica e, nesta ocasión, facemos fincapé en tres obxectivos principais: o crecemento, os servizos e as persoas. Son unhas contas expansivas pero prudentes e realistas, cuns gastos previstos e encaixados cos ingresos certos para financiarlos; uns orzamentos que atenden ás necesidades da Galicia do 2019, pero que pensan tamén nos retos de país da vindeira década.

Como principal ferramenta de política económica, de pouco serviría ter un orzamento que non puidese ser executado. A gran vantaxe de Galicia, un ano máis, é a garantía de que estas contas —tras o trámite parlamentario no que os grupos decidirán as posibles incorporacións ao texto inicial— serán aprobadas en tempo e forma e poderán entrar en vigor o primeiro de xaneiro de 2019. De feito, somos a primeira comunidade que tramita no seu parlamento o orzamento para o vindeiro ano. Esta seguridade e certeza que achegamos aos galegos contrasta coa inseguridade e as incertezas que existen en España: neste momento ningún cidadán de España sabe se vai haber orzamentos xerais do Estado. (*Murmurios.*) Por circunstancias como a actual cada ano cobra máis valor a estabilidade que renovaron os galegos hai xa dous anos, e que se traduce en beneficios para eses mesmos cidadáns. Porque hoxe máis ca nunca vese a importancia de ter que aprobar os orzamentos.

Señorías, en Galicia, con este goberno, eliximos un camiño; seguramente non o máis doado, pero consideramos que é o máis axeitado e responsable, posto que achega seguridade, certezas e confianza. Tanto na época de crise como en recuperación optamos polo rigor e a planificación para superar as adversidades, consolidar a recuperación económica e sentar as

bases para estar mellor preparados para outros momentos complicados. Por tanto, desde o Goberno galego analizamos o contexto actual de España, que —insisto— vemos con preocupación, e traballamos para poder axudar, desde as nosas competencias e responsabilidades, a poñer Galicia a salvo da inestabilidade xeral que está sufrindo España.

Señorías, as contas para o 2019 están elaboradas nun contexto económico e financeiro que vén marcado por unha revisión do crecemento da maioría das economías occidentais. As previsións máis recentes dos principais organismos internacionais —FMI, OCDE e a Comisión Europea— apuntan a un crecemento sostido nos vindeiros anos, aínda que os riscos á baixa se intensificaron nos últimos meses. Ademais, como digo, o panorama político que está vivindo España desde a moción de censura de finais de maio e a debilidade parlamentaria do novo Goberno provocan certas incertezas que nos aconsellan, unha vez máis, ser prudentes.

Pese a estas circunstancias, a nosa obriga como Goberno é aproveitar a estabilidade política institucional que nos deron os cidadáns —única en España— para salvagardar Galicia desa inestabilidade e non comprometer a recuperación económica que estamos consolidando. Galicia, pois, quere seguir ofrecendo á sociedade certezas e credibilidade, e non hai máis certeza que ser a única comunidade que ten asegurado que aprobará en tempo e forma os seus orzamentos. Porque os orzamentos garanten que se poidan levar a cabo as medidas que anuncia un goberno.

Na política estatal levamos meses asistindo a anuncios, globos sonda e rectificacións, e os anuncios non son cribles sen un orzamento que os permita realizar. En Galicia existe a seguridade de que os anuncios da Xunta poderán ser executados, tal e como facemos desde hai unha década.

Señorías, estes son xa os terceiros orzamentos da lexislatura, e estamos a cumprir os obxectivos da mesma, dedicando os dous primeiros anos a consolidar a recuperación económica. E o reto, agora, inmediato, é aproveitar a segunda parte da lexislatura para seguir axudando coas nosas ferramentas a que cada vez máis galegas e galegos teñan máis e mellor emprego, e compatibilizar este reto inmediato coa preparación e a planificación das prioridades da vindeira década, comezando, obviamente, polo deseño do Xacobeo 2021, coa ambición de que sexa o mellor Ano Santo da historia. ¿Con que perspectivas? Para conseguir ambos retos temos que seguir cumprindo, como ata o momento, a nosa folla de ruta, que non é outra que o Plan estratéxico 2015-2020. E, señorías, sen tentar ser triunfalista, si teño que poñer en valor que os datos analizados demostran que a nosa planificación está funcionando.

Lémbrolles os dous principais retos do plan: un crecemento medio sostido do cinco por cento do PIB e a creación de entre oitenta e cen mil novos empregos. Así, nos últimos catro anos, prevendo un 2,8 por cento do PIB para este ano 2018, o crecemento medio está ao redor do tres por cento; por riba, pois, do estimado. E para o 2019, a pesar dos riscos apuntados, manteremos un crecemento robusto, cun avance do 2,5 por cento do PIB.

En canto á creación de emprego: nos tres primeiros anos do plan —xa pechados— xeráronse cincuenta e cinco mil novos postos de traballo, polo que coas previsións para este ano 2018 e as do 2019 imos tamén polo camiño axeitado para cumprir a folla de ruta.

Non vexan nas miñas verbas que atribúo este éxito en exclusiva ao Goberno galego, que, sen dúbida, desde as nosas competencias, temos axudado en todo o que puidemos. É un éxito de Galicia como sociedade, porque, con esta planificación, nos tres últimos anos Galicia experimentou un notable cambio no seu modelo de crecemento que permitiu rachar coa tendencia da crise financeira de 2008. Así, a produción de bens e servizos creceu a bo ritmo, dando cabida a unha aceleración da senda de converxencia en renda por habitante, tanto coa Unión Europea como con España. En consecuencia, consolidouse unha base menos dependente de sectores particularmente sensibles ao cambio de ciclo, e isto permite afrontar o futuro inmediato nunha posición máis favorable que a nosa contorna e manter un diferencial razoable na senda de crecemento. E non é que o pensemos nós soamente así —que tamén—, senón que as cifras comparadas demostran que tanto este ano como o seguinte Galicia seguirá crecendo máis que a media de España e da zona euro. E os datos actualizados dos principais indicadores económicos tamén nos sitúan en mellor posición.

Galicia mantén o seu pulo exportador no que vai de ano, e ata agosto medraron un 9,5 por cento máis que a media española. A boa marcha da industria tamén segue a reforzar a nosa economía: por unha banda, o índice de produción industrial medrou no que vai de ano —ata setembro— un 6,1 por cento, multiplicando por máis de catro a media española; por outra banda, a facturación do sector industrial segue medrando con forza, e Galicia é a terceira comunidade onde máis medrou. En canto á actividade do sector servizos, tamén en agosto rexistrou un forte crecemento —do 5,3 por cento—, por riba do que está a medrar o conxunto español; de feito, as vendas do comercio polo miúdo medraron ata setembro por riba da media de España.

Señorías, analicemos agora os ingresos dos que dispoñemos. Aínda que para o 2019 seguen mellorando os ingresos procedentes do sistema de financiamento autonómico, non o fan ao ritmo que marca o crecemento económico. Tentarei explicalo: de novo, a inestabilidade que provoca o novo Goberno central ao carecer dun proxecto de orzamentos xerais impide que as comunidades autónomas dispoñamos dos datos que conformarán definitivamente os nosos ingresos para o 2019. A respecto das estimacións dos recursos que forman parte do sistema, empregamos os datos da información provisional comunicada polo Ministerio de Facenda a finais de xullo. Por tanto, nin son exclusivos da comunidade nin se elaboran á marxe do Estado, senón que, neste momento, son consistentes e están referenciadas as estimacións que manexa o Goberno do Estado.

Feita esta aclaración é pertinente preguntarse: ¿por que non medran os ingresos todo o que di o Estado? Porque a comunicación dos ingresos do sistema de financiamento autonómico incorpora a integración do tramo estatal, con efectos de primeiro de xaneiro de 2019, do antigo tramo autonómico do imposto sobre hidrocarburos que, a diferenza doutras comunidades, xa estaba establecido en Galicia. Aínda que puidese parecer un aumento dos recursos do sistema, para Galicia trátase simplemente dun cambio de adscrición do mesmo ingreso. Así, a comunicación provisional do Ministerio sinalaba para Galicia un aumento global total dos recursos do 2,4 por cento, pero se deducimos os ingresos que xa constituían o denominado céntimo sanitario autonómico e que agora pasan ao rendemento de hidrocarburos do sistema, o aumento é de tan só un 1,48 por cento.

Finalmente, se consideramos a liquidación efectivamente satisfeita en 2018, que foi inferior á inicialmente comunicada en 87,5 millóns de euros, a diferenza entre os recursos do sistema comunicados para o 2019 e os orzados en 2018 apenas chega ao 0,8 por cento. Por tanto, a conclusión disto é que a consolidación da mellora das variables macroeconómicas non se está reflectindo nun aumento dos recursos que achega a Galicia o sistema de financiamento autonómico.

Neste punto quixera referirme tamén a que Galicia, co seu presidente á cabeza, liderou a protesta para que o Estado non quedase cun mes da liquidación do IVE de 2017 como consecuencia dun cambio normativo, e outras comunidades autónomas de distinta cor política sumáronse a nós. Fomos leais, pero tamén firmes, para garantir que o Ministerio de Facenda se comprometese a compensar os efectos deste cambio normativo, que para Galicia supoñen cento noventa e oito millóns de euros. Este compromiso —expresado pola ministra ao presidente e a min mesmo nunha reunión que mantivemos en Madrid en agosto— é a razón pola que se recolle esta partida no capítulo IV, de ingresos para o 2019, como transferencia non finalista do Estado. E, pese a que os ingresos non medran ao ritmo doutros anos, desde o inicio da recuperación económica medraron en máis de mil catrocentos millóns de euros, o que nos permitiu e nos permite tomar decisións para rebaixar os impostos aos galegos.

Porque, señorías, no actual escenario a política tributaria do Goberno galego tamén difire completamente da que anuncia —veremos se ten a capacidade para implantala— o novo Goberno central. Así, fronte a un aumento do gasto pilotado sobre máis déficit público, máis débeda e novos impostos —unha receita que se demostrou fracasada no pasado—, nós, como Goberno galego, continuamos coa autonomía financeira para completar a consolidación fiscal, non depender da débeda e rebaixar impostos.

E os feitos estannos a dar a razón, pois a maior baixada de impostos da historia de Galicia, aprobada en 2016, axudou a consolidar a recuperación económica. Por iso xa lles avanzo que non estamos de acordo coa oposición en subirlles os impostos aos galegos. O 99,6 por cento dos contribuíntes seguirán sen pagar sucesións. Desde 2016 ata outubro de 2018 máis de 248.521 persoas recibiron unha herdanza e non pagaron polo imposto de sucesións. O 98,5 por cento dos contribuíntes con rendas medias e baixas seguirán pagando menos IRPF. E manteremos a estratexia de impostos cero para o rural —con medidas como a eliminación dos impostos para as transmisións de solo rústico e de explotacións agrarias, o aumento do tamaño da explotación ou a transmisión de agricultores mozos para a agrupación de fincas rústicas— que tamén está a resultar exitosa, pois desde 2016, tamén, de novo, ata outubro de 2018, máis de 41.313 galegas e galegos non pagaron estes impostos. Igualmente, manteremos a eliminación dos impostos para a adquisición de vivenda habitual en zonas pouco poboadas aos menores de trinta e seis anos, ás familias numerosas e ás persoas con discapacidade; medida que, no peche de outubro, supuxo que se beneficiaran 2.385 galegos.

Para os orzamentos de 2019 incluimos catro novas rebaixas de impostos no Proxecto de lei de medidas que acompaña os orzamentos, e tomamos esta decisión porque cremos que é bo tanto para os cidadáns, que pagan menos impostos, como para a administración, que mesmo pode chegar a mellorar a recadación polo maior dinamismo que producen estes incentivos.

En primeiro lugar, baixaremos os impostos para mercar unha vivenda para residencia habitual, xa que o mercado da vivenda se está recuperando. Coa rebaixa situamos Galicia como a comunidade autónoma en que menos impostos pagarán tres colectivos: os menores de trinta e seis anos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade que merquen esta vivenda habitual. Rebaixamos un vinte e cinco por cento para estes tres colectivos, que pasarán de pagar do catro por cento ao tres por cento do imposto de transmisións patrimoniais. Ademais, rebaixamos, neste caso, un 12,5 por cento os impostos que pagarán aqueles galegos que merquen esa vivenda usada para ser habitual e cun límite de patrimonio, que pasarán a pagar do oito por cento ao sete por cento. Esta medida beneficiará cada ano máis de dez mil familias galegas.

En segundo lugar, apostamos pola innovación, un dos grandes retos do Plan estratéxico. Incentivamos a participación e investimento en pemes innovadoras e en iniciativas empresariais de base tecnolóxica, así como as doazóns para a investigación.

En terceiro lugar, aprobamos unha medida moi demandada: a que afonda na rebaixa do imposto de sucesións, que aprobamos no 2016, para ampliar os beneficios fiscais ás sucesións entre irmáns. Duplicamos a redución ao pasar dos oito mil aos dezaseis mil euros, é dicir, beneficiamos a todos os irmáns. E eliminamos para seis de cada dez herdanzas entre irmáns o imposto de sucesións. Desta forma, Galicia sitúase entre as comunidades con menor tributación para herdanzas entre irmáns.

E en cuarto lugar, revertemos unha das medidas fiscais tomadas durante a crise: a suba do imposto de patrimonio de 2013. Deixamos sen efecto o incremento do vinte por cento da tarifa do imposto de patrimonio acordada en 2013 no contexto da recesión para volver á situación de partida antes da crise. Quero lembrar que fomos o único goberno galego que subimos o imposto de patrimonio, e o que facemos agora é retomar a tarifa vixente no Estado.

Señorías, con esta política orzamentaria, en 2019, de novo, teremos máis capacidade de gasto, o que nos permitirá contar cun orzamento expansivo, o máis elevado desde 2010. Levamos catro anos con orzamentos expansivos. Para o vindeiro ano as contas públicas galegas acadarán os 9.850 millóns de euros, trescentos sesenta e tres máis que este ano 2018 e máis de mil catrocentos millóns en relación ao 2015. E isto permitiranos consolidar a recuperación económica, fortalecer a reactivación do emprego e contribuír a acadar o obxectivo prioritario da acción do Goberno, que é que a recuperación completa chegue a todos os fogares galegos.

E empregamos estes maiores recursos para consolidar o noso modelo de crecemento: un crecemento san e equilibrado que acade a estabilidade orzamentaria e deixe de depender do endebedamento das contas autonómicas. E, para que comprobemos que o modelo non queda no nome, permítanme explicarlles as súas fortalezas: con este crecemento san Galicia amplía e reforza cada ano o seu gasto social, Galicia lidera o esforzo investidor e o investimento per cápita en España, está á cabeza das administracións autonómicas que antes pagan aos seus provedores, e compatibiliza todo isto cunha consolidación fiscal practicamente acadada e case sen depender de novo endebedamento. Esta xestión permítenos manter a nosa autonomía, exercer o noso autogoberno e poder seguir baixando os impostos aos galegos. *(Aplausos.)*

¿Cal é o resultado de todo isto para o orzamento de 2019? Coa xestión destes anos, o Goberno puido entregar a este parlamento os orzamentos máis sans e con menos endebedamento de toda a década. De feito, un dato que reafirma este modelo de crecemento san é que hai cinco anos o peso da débeda sobre os ingresos financeiros superaba o cinco por cento, e o vindeiro ano apenas chegará ao 0,7 por cento.

Como xa comentei no trámite de comisión parlamentaria, ano tras ano recrimínasenos a este goberno que medrase a débeda durante a crise económica, pero, ao mesmo tempo, nas súas emendas pídesenos que nos endebedemos máis. Celebro que este ano algún grupo que acostumaba, na emenda de totalidade, pedir máis endebedamento, nesta ocasión non o faga; semella que, pouco a pouco —aínda que non se recoñeza—, se suma á postura do Goberno galego de non pedir máis endebedamento do autorizado. E celébroo, porque os feitos e os números —pese a que Galicia, como foi común en todas as administracións públicas de España, tivo que acudir ao endebedamento para manter os servizos aos cidadáns durante a forte recesión— tamén proban que Galicia foi a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento desde o 2009.

Este comportamento responsable tivo consecuencias positivas: por un lado, Galicia pasou de estar, antes da crise, entre as comunidades máis endebedadas a situarse na actualidade entre as menos; e, por outro, os galegos tivemos efectos económicos positivos, pois evitamos endebedarnos en máis de tres mil oitocentos millóns de euros respecto ao 2009, se o fixeramos ao nivel medio que o fixeron as comunidades autónomas, e aforramos, en cinco anos, quíntos setenta e seis millóns de euros en pagar os xuros da débeda.

Señorías, o obxectivo final da nosa estratexia orzamentaria é consolidar un crecemento con mellores servizos para as persoas. Para 2019 prevemos un cadro macroeconómico que se caracteriza pola prudencia, polo realismo e por ser moi equilibrado. O crecemento estimado do 2,5 por cento do PIB permite seguir cumprindo a senda prevista no Plan estratéxico e continuar, un ano máis, medrando por riba do estimado para o conxunto de España. Estas previsións baséanse, desde a óptica da demanda interna, nun sólido crecemento do consumo público e privado; tamén a formación bruta de capital fixo medrará un 3,4 por cento, e o gasto en consumo final ao que me referín anteriormente medrará un dous por cento. Polo que respecta á achega da demanda externa, tamén será positiva, pois tanto as exportacións, cun crecemento do 4,5 por cento, como as importacións, que avanzarán aproximadamente un 4,3 por cento, manterán o seu forte dinamismo. A taxa de paro seguirá reducíndose na liña do tamén previsto no Plan estratéxico e situarase, en media anual, no 12,7 por cento, manténdose por debaixo do estimado para España por todos os organismos públicos e non públicos de prospectiva.

Señorías, sempre elaboramos o noso cadro macroeconómico con realismo e prudencia, pero o de 2019 conta co aval da Airef, que cualifica como prudentes as nosas previsións, sen salvidade ningunha, e outorgándolle a máxima posibilidade de que se cumpra, ao situarse na parte central dos intervalos de previsión.

E para manter un crecemento robusto é moi importante como distribuimos os recursos. A nosa estratexia para 2019 baséase en subir máis dun sete por cento as partidas para favorecer

máis emprego e de maior calidade, o dobre do que o fai o orzamento; apostar polo investimento, que sobe un 5,3 por cento por riba da media das contas; reforzar os gastos de persoal para mellorar as condicións retributivas de traballo e de conciliación dos empregados públicos, e, de novo, cunha única partida que descende: o pago do xuros, que acumula unha caída de máis da metade —un cincuenta e tres por cento nos últimos cinco anos.

Señorías, se temos que destacar unha prioridade por riba das demais, esta é, sen dúbida, o emprego. Segue baixando o desemprego e, segundo os últimos datos publicados, Galicia ten agora vinte e oito mil setecentos desempregados menos que cando tiñamos este mesmo debate hai agora un ano. Froito desta recuperación do mercado laboral a taxa de paro en Galicia tamén segue á baixa, e sitúase no terceiro trimestre no 12,24 por cento —2,3 puntos por debaixo da media española—; desta forma avanzamos cara ao obxectivo de baixada de arredor do dez por cento no ano 2020. Ademais, o número de ocupados achégase ás 1.096.500 persoas, situándose en niveis de hai nove anos. E tamén temos un emprego de máis calidade: os asalariados con contrato indefinido soben en trinta e catro mil setecentas persoas, un 5,7 por cento, mentres que a contratación temporal baixa un 1,3 por cento. A suba da contratación indefinida é maior que na media do Estado en 2,4 puntos, sendo o maior incremento desde o 2007. Este é o camiño e nel queremos afondar, pois somos conscientes de que hai que continuar creando máis emprego e máis estable, porque aínda hai moitos cidadáns que queren traballar e non poden.

Señorías, xunto coa aposta do emprego, a segunda gran prioridade é seguir reforzando o gasto social e mellorando os nosos servizos públicos. Son xa máis de mil douscentos millóns de euros adicionais os que podemos destinar a gasto social desde o 2014, e esta priorización ten o seu reflexo, por exemplo, en sanidade, que terá en 2019 o orzamento máis alto da súa historia, rozando os catro mil millóns de euros. Supera en máis de douscentos millóns o gasto sanitario de 2009, que —lembro unha vez máis— estaba inflado nun total de mil seiscientos millóns de euros, tal e como se demostra na liquidación negativa que aínda estamos pagando.

Pero, señorías, con ser importante a cifra global, éo máis a priorización deste Goberno da sanidade, que concentra o 40,5 por cento do seu gasto non financeiro. Señores da oposición, se hai unha década, en 2009, estaban satisfeitos cun 36,1 por cento —cinco puntos menos que agora—, supoño que agora apoiarán que destinemos douscentos dezanove millóns de euros máis. E que tamén estarán de acordo en que acheguemos 1.486 euros para a sanidade de cada galego, cento sesenta e oito euros máis que o que destinaban vostedes.

E, logo da sanidade, priorizamos a educación pública, con practicamente o vinte e catro por cento do gasto; de novo, un punto por riba do orzamento de 2009. E cun investimento por galego de dous a vinte e catro anos sensiblemente superior: de 4.760 euros, case quingentos cincuenta euros máis que o que tiñamos no 2009.

Completamos a nosa aposta polo gasto social cos recursos destinados á política social, que en 2019 chegarán a setecentos setenta e catro millóns de euros; un cincuenta por cento máis do que había no 2009, e que xa representa o oito por cento do gasto non financeiro, moi por riba do 5,1 que supoñía hai unha década.

Señorías, polo tanto, estamos ante uns orzamentos que, de forma moi clara, reforzan o gasto social.

Outra das fortalezas das contas de 2019 é que poderemos compatibilizar este reforzo do gasto social cun forte impulso investidor. O ano que vén teremos 1.652 millóns de euros en investimentos, trescentos sesenta máis que hai catro anos. De feito, cos últimos datos coñecidos, Galicia lidera o esforzo investidor en España e destina quíntos setenta e oito euros per cápita, practicamente o dobre que as comunidades autónomas. E con este novo impulso pretendemos atender as necesidades de toda Galicia, pero tamén axudar a seguir favorecendo o reequilibrio territorial.

E neste capítulo é de gran importancia que sigamos mellorando o aforro bruto, que o vindeiro exercicio chegará aos novecentos dezanove millóns de euros, e que nos permite financiar máis da metade dos investimentos.

Todo este crecemento que veño desgranando na miña última intervención tradúcese en mellores servizos. Dentro da nosa estratexia global, somos conscientes de que temos que seguir favorecendo o I+D+i para que o sector privado nos acompañe e dedique cada vez máis recursos a un ámbito clave para reforzar a nosa competitividade como sociedade. Nos dous últimos orzamentos demos un salto espectacular en recursos para esta materia, cun avance que supera o corenta por cento e que supón pasar do 1,4 a 1,8 por cento do gasto non financeiro; por suposto, tamén moi por riba do orzado en épocas pasadas. Sirva tan só un dato para comprobar este salto: en 2009, o investimento público per cápita en I+D+i era de corenta e sete euros; en 2017, de corenta e nove, mentres que para 2019 rozará os sesenta e cinco euros.

Señorías, se seguimos con esta evolución —e reitero: o sector privado acompaña— poderemos completar a necesaria transformación da economía galega: un modelo aberto e competitivo que debe mellorar a posición das nosas empresas no exterior e consolidar unha comunidade máis accesible para mellorar a mobilidade; máis sustentable, cun reforzo da eficiencia enerxética, e máis moderna, coa plena introdución das TIC.

Mención singular coido que merecen os trinta millóns de euros que incluimos para comezar a posta en marcha do Xacobeo 2021. Neste sentido, ademais da partida de 7,4 millóns de euros para a súa planificación directa, hai que sumar doce millóns para a conservación, mantemento e sinalización dos camiños de Santiago, así como para a rede de albergues. Así mesmo, tamén se inclúen case 8,5 millóns para a rehabilitación de bens de interese cultural dos camiños, así como diferentes actividades audiovisuais, museísticas e expositivas arredor da ruta xacobeá.

Enlazando con isto, seguimos coa defensa e o respecto do noso patrimonio natural, coa continua transformación do noso medio rural e mariño para que todos os galegos poidan contar cos mellores servizos ao longo do noso territorio.

Señorías, detrás da mellora destes servizos públicos están os empregados públicos, aos que queremos, indo da man das organizacións sindicais, mellorarlles as súas condicións retri-

butivas, de traballo e de conciliación. Entre estas medidas están un importante incremento retributivo, cunha subida salarial básica de arredor do 2,4 por cento —e con outras subas adicionais asinadas con sindicatos para os traballadores do ensino, da xustiza, da sanidade...—; a recuperación da carreira profesional, e, tamén, a implantación da carreira profesional do persoal funcionario da Xunta, que esperamos culminar este ano en consenso, se fora posible, coas organizacións sindicais. Pero tamén o abono do cen por cento das retribucións nas baixas por enfermidade; a ampliación en dúas semanas do permiso de maternidade, que pasará de vinte e dúas a vinte e catro, contando as de parto —o que sitúa a nosa comunidade á cabeza de España na duración acumulada do permiso de maternidade—, e, tamén, a execución do plan de estabilidade, que prevé máis de quince mil prazas para situar a nosa taxa de temporalidade arredor do sete por cento, é dicir, en termos de práctica estabilidade.

Falemos agora das persoas. Porque, señorías, a terceira prioridade destas contas non é outra que as persoas, é dicir, os destinatarios dos servizos públicos.

Desde hai tres anos, coa creación da Consellería de Política Social, estamos reforzando as políticas de infancia, de maiores e de persoas dependentes e favorecendo a inclusión dos máis desfavorecidos. Para o 2019 redobramos a aposta polas políticas sociais, cun crecemento do 4,6 por cento, moi superior á media do orzamento, e con tres prioridades: en primeiro lugar, a atención ás persoas en situación de dependencia, que xa absorbe trescentos oitenta e tres millóns de euros, catorce máis que este ano 2018; en segundo lugar, a integración das persoas en risco de exclusión, con cambios na Risga para que se poida cobrar un maior importe por persoa beneficiaria, para que se poida compatibilizar o seu cobro cun traballo e para que poida haber máis dun beneficiario por fogar, e, en terceiro lugar, o apoio ás familias e á infancia, ampliando a cobertura da Tarxeta Benvinda ata os tres anos para rendas máis baixas, consolidando os programas do Bono Concilia, Bono Coidado, casas niño e escolas infantís, tamén en contornos empresariais, e ampliando as medidas de conciliación e de dinamización demográfica.

E o maior orzamento da historia para a sanidade pública tamén ten, por suposto, repercusións positivas nas persoas: por unha banda, modernizando toda a rede sanitaria, con novos investimentos tanto en infraestruturas hospitalarias como na rede de atención primaria; e, por outra banda, con melloras na asistencia sanitaria, con avances na prevención, coa introdución de novos tratamentos con medicamentos biolóxicos e para as enfermidades raras e con especial atención á cronicidade e ao avellentamento demográfico.

Completamos a atención ás persoas coa potenciación dun ensino público cada vez máis equitativo. Ampliamos e modernizamos infraestruturas, reforzamos o ensino plurilingüe e a nosa aposta pola dixitalización nas aulas. E non só atendemos o ensino obrigatorio, senón que atendemos de maneira global a formación profesional, con especial incidencia na FP dual, e tamén as universidades.

Tamén incluimos un paquete de medidas para favorecer a igualdade, con medidas como os catorce millóns para protección e apoio das vítimas de violencia de xénero, a constitución dunha quenda de oficio de atención psicolóxica ás vítimas, o reforzo das medidas de acceso

á vivenda e á inserción laboral e o incremento das axudas periódicas ás vítimas. Ao mesmo tempo, dotamos de medidas de apoio as vítimas da violencia de xénero ao garantir o anonimato nas oposicións e nas listas de emprego temporais da Xunta ou a implantación dun complemento persoal que garante as súas retribucións cando teñan, por desgraza, que trasladarse de administración como medida de protección. Ao mesmo tempo, incluímos 1,6 millóns para apoio á conciliación e á corresponsabilidade, ou outros 1,8 millóns para a promoción do autoemprego da muller.

En definitiva, señorías, debatemos un orzamento expansivo pero prudente, con máis recursos e menos impostos. Levamos cinco anos con datos positivos, con cada vez menos parados e con máis familias que notan a recuperación económica, pero seguimos sendo conscientes de que aínda existen familias e persoas que continúan en dificultades. O Goberno galego non é alleo a esta realidade. Para iso, propoñemos este orzamento para 2019 como unha ferramenta útil para recuperar a consolidación económica, cun novo impulso ao investimento, e para fortalecer a creación de máis e mellor emprego e a protección do Estado de benestar; para favorecer, pois, o crecemento, con mellores servizos para as persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gasto

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora a debater as emendas do grupo primeiro, que en concreto son as emendas á totalidade, que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gasto.

Comezamos. Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para isto ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día a todos e a todas.

Permítanme, señorías, que as miñas primeiras palabras non sexan para falar de orzamentos, que sexan para enviarlles todo o noso afecto ás veciñas e veciños de Viveiro, que viviron esta noite unha situación moi angustiada, e enviarlles desde aquí todo o noso afecto e todo o noso cariño á familia e ás amizades desa persoa falecida, que penso que era unha mención necesaria.

E empezando xa na cuestión que hoxe nos ocupa, que é analizar estes orzamentos, teño que dicirle, conselleiro, que a súa intervención —non só aquí, senón tamén na Comisión de Orzamentos— o que vén un pouco é a recordarnos esa película que foi tan famosa nos anos 90, de Bill Murray: *O día da marmota*. Porque, realmente, a Xunta de Galiza converte o debate

destes orzamentos nunha especie de día da marmota para o noso país; vén ano tras ano co mesmo discurso, coas mesmas promesas, co mesmo... Agora temos unha novidade, e é que desde que non goberna o PP no Estado hai unha hecatombe sideral. É a única novidade do seu discurso, pero en realidade co que nos vén é coas mesmas promesas e cos mesmos titulares.

Fíxese, tomeime a molestia de repasar as notas que a Xunta de Galiza fai en relación cos orzamentos. No ano 2017, os orzamentos reforzaban o gasto social, impulsaban os investimentos e consolidaban o crecemento san. No 2018, os orzamentos permitían reforzar a creación de emprego, o gasto social, a innovación e o crecemento. No 2019 din exactamente o mesmo: impulsan o crecemento, reforzan o gasto social, máis investimentos e novas baixadas de impostos. Teñen vostedes convertida Galiza e o debate dos orzamentos nunha especie do día da marmota.

Non sei se recorda esta película. Hai anos que non a vexo, pero o argumento desta película era un meteorólogo que ía contar a un pobo que pasaba o día que había un ciclón, e todos os días espertaba vivindo exactamente no mesmo día. Tivo varias fases este protagonista, primeiro caeu no hedonismo, logo desesperouse e case se suicida, pero realmente, ata que empezou a reexaminar a súa vida, que cousas estaba facendo mal e cales eran as súas prioridades, non conseguiu saír dese día da marmota.

Nós o que esperamos con estas emendas é que, efectivamente, reexaminemos o que está facendo o Goberno, sobre todo que falemos das persoas. Porque esa idea da Arcadia feliz que vostede nos presenta, na que todo vai vento en popa, non é o día a día da xente, pois hai miles de persoas instaladas na crise no noso país. Sobre todo, cambien as prioridades, para que Galiza poida saír desta especie de día da marmota que nos está impedindo progresar e avanzar.

A verdade é que sorprende que veñan aquí dicíndonos que estamos na boa dirección cando vemos como fracasan nun dos principais obxectivos que vostedes establecían, que era cambiar a situación demográfica do país. A crise demográfica avanza, e non hai nin un só indicador que sexa positivo. Estamos peor que cando vostedes chegaron á Xunta de Galiza.

Señorías, ¿como poden dicir que estamos na boa dirección, cando estamos á cola de todo o Estado na recuperación do emprego? É máis, o problema é que o emprego que se está creando é un emprego precario, e vostedes mesmos recoñecen, no informe que envían a este Parlamento nos orzamentos, que unha parte importante da caída da taxa de paro ten que ver coa caída da taxa de actividade. Que non é porque se estea xerando realmente o emprego necesario, o emprego previo á crise, senón que aí estamos nunha mala situación.

E, dende logo, nós non entendemos como poden dicir que estamos na boa dirección cando seguimos tendo case medio millón de galegos e galegas en risco de pobreza, cuns salarios baixísimos, cunhas pensións que están á cola do Estado; ou como poden vir aquí cun discurso triunfalista cando na súa década de Goberno emigraron deste país 270.000 persoas. ¡É como se desaparecera toda a cidade da Coruña! Este é realmente o retrato deste Goberno; un goberno que non ten nin impulso nin ideas, e que tampouco ten capacidade de xestión.

O primeiro que teñen que saber os cidadáns é que o que aprobamos aquí é unha previsión, é algo que o Goberno di que vai facer. Pero tan importante como o que din que van facer é saber que foi o que fixeron, que está facendo o Goberno, ano tras ano, cos orzamentos. E aquí o certo é que hai unha realidade, e o que din logo non aparece sustentado na execución dos orzamentos.

Collamos os últimos datos que temos deste ano, ano 2018, que nos dicían que ían crear emprego, gasto social, innovación, crecemento e estabilidade. O seu obxectivo era crear emprego. ¿Que está facendo a Xunta nesta materia? Pois cando miramos o nivel de execución —insisto—, o que nos envía o seu Goberno a 30 de setembro de 2018, o que vemos é que as cinco consellerías que teñen unha incidencia maior na creación de emprego, porque poden incidir na actividade económica, resulta que teñen un nivel de execución realmente baixísimo a 30 de setembro. Infraestruturas, 46 % de execución; Medio Rural, 37,9 %; Consellería do Mar, 34,5 %; Consellería de Economía, Emprego e Industria, 25,7 % de execución. É dicir, durante todos estes meses o seu goberno non foi capaz de desarrollalo no inicio de ano, que é cando se necesitaría ese investimento e ese apoio público. Deixan todo para o final, e logo queda unha parte moi importante de orzamentos sen investir.

¡Claro!, logo a realidade non é este esforzo investidor do que vostede nos fala, porque, realmente, cando vemos a execución por capítulos, son precisamente os investimentos reais e as transferencias de capital, é dicir, os que teñen maior vocación de estímulo na economía, onde temos uns peores niveis de execución. En investimentos reais deixaron sen gastar seis de cada dez euros no que levamos de ano; e nas transferencias de capital, sete de cada dez. É dicir, que estamos ante un goberno paralizado e sen capacidade de execución. (*Aplausos.*)

Ademais, dinnos que a súa maior preocupación é o emprego, pero resulta que os programas relativos ao emprego son os que teñen unha execución moito máis baixa. Son os seus datos, fíxese: mellora e fomento da empregabilidade, 21 % de execución; formación profesional de desempregados, 25 % de execución; formación profesional de ocupados, 9,6 % de execución; promoción da economía social, 15,2 % de execución; competitividade da produción pesqueira e da acuicultura, 19,9 % de execución. Esta é a realidade, e así poderíamos seguir desgranando outras que vostedes nos din que son as súas prioridades: fixación da poboación no medio rural, 8,9 % de execución.

Efectivamente, aquí o que estamos vendo é un goberno que, fronte á propaganda, os feitos demostran que non é capaz de executar en tempo e forma os seus orzamentos; con importantes modificacións que tamén acaban cambiando as prioridades de gasto que aparecen nos orzamentos; e que non está utilizando toda a capacidade e potencia que tería como Goberno para poder realmente incidir na mellora da evolución deste país.

E o grave é que isto non pasa só neste ano nos orzamentos, que poderían... ¡eu que sei!, estar convulsionados porque perderon o Goberno en Madrid. Non, non, o problema é que isto vén sendo a tónica xeral do seu goberno, onde sobre todo en materia de emprego, na Consellería de Pesca, na Consellería do Mar e do Agro, presentan un nivel de execución moi baixo, e son elementos importantes para, realmente, poder articular e dimensionar a nosa economía.

Despois vén outra das grandes apostas que vostedes nos repiten todos os anos pero que tampouco vemos na realidade, que é esa aposta pola innovación e polo coñecemento. Sabemos que a innovación é clave para que un país poida desenvolverse. Hai numerosas teorías económicas que así o constatan, e, polo tanto, non ten ningún tipo de discusión. Pero é que realmente o seu goberno estase convertendo nun goberno innovicida, porque o que realmente conseguiu durante estes anos foi situar a Galiza na cola da innovación e destruír a metade das empresas innovadoras. ¡Son un goberno innovicida! (*Aplausos.*) E isto non é que o diga eu, é que o din os propios datos da súa xestión.

Fíxese como actúan, porque é importante que isto o saiban os cidadáns. No ano 2017 dixeron que ían incrementar —despois de reduci-lo drasticamente— o investimento en I+D+i. Presentan os orzamentos e logo fan unha modificación, e quítanlle 24,5 millóns de euros á innovación. E restándolle eses 24,5 millóns de euros, logo resulta que non son capaces de executar 63 millóns de euros nese ano 2017. E agora, a 30 de setembro de 2018, teñen sen executar o 77 % do Plan galego de investigación e innovación; só executaron o 13 % de investigación universitaria; e só o 14,4 % do apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade. É dicir, que non só están facendo un esforzo investidor moi por baixo da media dos países da nosa contorna, desde logo moi lonxe do que fan Cataluña e Euskadi, senón que ademais o que presentan nos orzamentos logo, realmente, non son capaces de executalo, e, polo tanto, vemos como non hai aposta pola nosa base produtiva nin aposta pola innovación.

Isto eu creo que é moi preocupante porque ten consecuencias desde o punto de vista práctico. Claro, vostedes levan sendo incapaces de dimensionar e apostar pola base produtiva do noso país. A pesca e o mar acumulan os recortes máis importantes ao longo desta década nos orzamentos, e isto ten resultados. E os resultados son que se perderon 3.600 empregos na pesca e 13.300 na gandería e na agricultura.

Pero tampouco vemos logo que fagan outras apostas por sectores que poderían ter potencial. Analicemos que está pasando nas vilas e cidades do noso país co pequeno e mediano comercio. ¿Que está pasando, señor conselleiro? Pois o que nos din os datos é que, no último ano, en Galicia pecharon cada día tres comercios no noso país. Cada día tres comercios menos, mentres vostedes seguen alimentando as grandes superficies comerciais. (*Aplausos.*)

¿E sabe en parte —non digo todo, pero en parte— por que pasa isto? Pois porque o seu goberno recortou nesta década un 50 %, ¡un 50 %!, o apoio ao comercio galego, cando é un elemento base para crear emprego, e emprego de calidade; para que teñamos vilas e cidades con calidade e cun tecido produtivo; e tamén é importante para darlle saída aos nosos produtos. Pero a súa política neste ámbito é realmente apoiar as grandes superficies comerciais.

E esta falta de proxecto, esta falta de visión, porque nin apoian o sistema produtivo, nin apoian a innovación, nin apoian o pequeno e mediano comercio, logo ten consecuencias directas no emprego. E eu síntoo moito, pero non estamos para darlle os parabéns ao seu goberno pola situación laboral que ten Galiza. Vostedes poden torturar as estatísticas todo o que queiran, son realmente mestres na tortura das estatísticas, pero a realidade é que seguimos tendo un problema grave, porque emigra xente formada que tiña que estar xerando

riqueza no noso país. Se non tivésemos esa emigración, a situación demográfica hoxe de Galiza sería de crecemento desde o punto de vista do número de poboación.

E temos uns datos que calquera Goberno estaría aquí dicindo: ¡joia!, temos un problema moi serio, imos ver como o solucionamos. Porque é un problema grave que, recuperándose o PIB, non se recupere o emprego. E cando imos a analizar que está pasando neses novos empregos, o que vemos, señor conselleiro, é precariedade; unha precariedade crecente que afecta cada vez máis á xente nova e ás mulleres.

No último ano no que podemos ver unha radiografía completa do emprego, que é o ano 2017, vemos como o 92 % dos contratos asinados foron temporais; deses 100.000 contratos asinados, o 35 % tiña unha duración menor a unha semana, un indicador que aumenta porque moita xente está traballando en precario, e aumentou a taxa de temporalidade sobre todo entre a mocidade e as mulleres. Hai moitos empregos cuns salarios que non permiten ter unha vida digna, señor conselleiro. Hai xente que traballa todos os días de maneira dura e non consegue chegar a fin de mes, porque con 600, 400 e 500 euros é imposible que se poidan dar condicións para desenvolver proxectos de vida dignos.

Na situación laboral hai moitos elementos que inciden. Un, as contrarreformas laborais que fixeron o Partido Popular e o Partido Socialista, que deberían estar xa derrogadas. Pero tamén nesta materia hai unha parte que ten unha incidencia importante na calidade do emprego, e é o que fai a Xunta de Galiza nas súas contratacións.

Poderíamos vir aquí falar da sanidade, da precarización que se está producindo, que expulsa a moitísimos profesionais. Poderíamos traer aquí unha pila así de grande de xente que cada día que vai traballar asina un contrato. ¡Así é imposible que os médicos e médicas, que os enfermeiros e as enfermeiras, aposten por este país, porque non se lles está dando estabilidade!

Pero este é un problema global que hai na Xunta de Galiza, porque a Xunta de Galiza destruíu emprego público e está precarizando as condicións laborais. Mire, datos do Instituto Galego de Estatística. O persoal ao servizo da Xunta de Galiza caeu en case dúas mil persoas desde xaneiro do 2009 até o último dato dispoñible que temos, que é xullo de 2017. Pero cando vemos que tipo de emprego, como evolucionou o emprego en función da súa estabilidade ou non, o que vemos é como o persoal estatutario fixo, o funcionario de carreira e o persoal laboral fixo experimentaron fortes caídas, e como, pola contra, vostedes o que fan é incrementar cada vez máis o persoal estatutario temporal, o funcionario interino e o persoal laboral temporal. É dicir, estamos vendo como a Xunta de Galiza, nestes anos, suprimiu emprego público e precarizou cada vez máis as condicións dos traballadores e das traballadoras da Administración pública. Polo tanto, nun momento no que vostedes podían ter investido en estabilidade, en crear máis servizos públicos, en atender mellor as necesidades sociais —e, polo tanto, desde a Administración pública incidir na realidade económica do noso país— vostedes foron unha máquina de destruír emprego e de precarizar as relacións laborais.

Efectivamente, hai outro aspecto sobre o que hoxe tamén queremos facer unha mención, que ten que ver con toda esa propaganda que vostedes fan de que son os campións do gasto

social e de que fixeron sempre unha aposta estratéxica neste ámbito. Aquí hai un feito que é obxectivo, e é que o groso das competencias que ten a Xunta de Galiza son: sanidade, educación e dependencia, e teñen un gasto fixo estrutural moi forte polo número de empregados e empregadas públicas. Polo tanto, se analizamos esta realidade do peso que teñen esas competencias en calquera goberno autonómico, vai ser moi similar porque son realmente as competencias que ten a Xunta.

Pero é importante que analicemos exactamente que é o que está facendo a Xunta de Galiza coa sanidade, coa educación ou coa dependencia, porque están xogando con algo que é fundamental para a vida das persoas pois son os piares do Estado do benestar. Neste sentido, eu creo que neste debate de orzamentos vimos que a Xunta de Galiza tiña intención de seguir deteriorando a sanidade pública. Vostedes presentaron un proxecto de orzamentos no que se querían cargar a atención pediátrica deste país. Fixérono pola porta de atrás, porque, efectivamente, (*Aplausos.*) como non teñen pediatras, o que querían era suprimir o dereito á atención pediátrica no sistema de atención primaria. (*Aplausos.*) Esa é a maneira en que vostedes queren solucionar un problema. Se hai un problema e non o podo solucionar, escóndoo debaixo da alfombra ou fago desaparecer ese dereito.

Tiveron que rectificar porque se montou un lío importantísimo e con razón, porque estaban xogando coa atención dos nenos e das nenas deste país. Evidentemente, o que nos demostra é que, cando rectifican, o seu goberno acerta. Nós, polo tanto, o que pedimos é que non só se rectifique en materia de atención pediátrica, senón que rectifiquen en todos os recortes que seguen presentes nos orzamentos da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

Porque, miren, é importante analizar o que está pasando na sanidade, ¿verdade? Vostedes xa sabemos que non queren investigar, queren unha comisión autoexculpatoria e non queren que as voces críticas da sanidade pública se escoiten neste Parlamento; é a censura á democracia o que vostedes practican. E non queren que se escoiten porque é moi grave o que se debuxa nos orzamentos da Xunta. Nestes orzamentos, realmente, o peso da Consellería de Sanidade baixa; é dicir, o esforzo que estamos facendo, comparativamente, é inferior, e aparece así, desde logo, recollido nos orzamentos.

¿E onde se concentra o recorte? Pois segue recortándose na atención primaria. Hoxe temos 200 millóns de euros menos que hai dez anos destinados a atención primaria. E todo isto despois dun recorte acumulado de 2.000 millóns de euros. É dicir, por moito que vostedes nos digan que hai un orzamento no que hai máis recursos, estanlle dedicando máis recursos á privada, estanlle dedicando máis recursos ás privatizacións, pero non lle están dedicando máis recursos á base do sistema, que é precisamente a atención primaria, que segue tendo un recorte moi importante: o 13 % menos que en 2009.

Os resultados, evidentemente, están á vista. ¡Claro!, temos a xente nas rúas protestando porque non teñen calidade nos seus centros de atención primaria, e persoas que non protestan pero que teñen que aguantar unha semana de espera para poder ir ao seu médico de cabeceira. Temos os centros de saúde colapsados. Temos problemas tan graves como os que vimos na Estrada. E os recortes na atención primaria consolídanse nestes orzamentos.

Outro tanto podemos dicir dun aspecto fundamental como é o que está pasando co sistema educativo no noso país. Eu teño que dicírllelo con toda sinceridade: é preocupante que estean deteriorando tamén o ensino público porque iso significa deteriorar un dos elementos sobre os que pode medrar este país, que é sobre unha mocidade mellor formada e sobre unha investigación e unha universidade que sexan un puntal no noso desenvolvemento.

Aquí o que vemos é como temos un recorte en educación que se concentra, sobre todo, no ensino obrigatorio e no Sistema universitario galego. Nós cremos que fan falta moitos máis recursos para avanzar, para acabar coa fuga de cerebros e coa precariedade que hai hoxe instalada na propia universidade, que ten case un 5 % de recursos menos dos que tiña no ano 2009. Polo tanto, con precariedade, con baixos salarios, con menos recursos, non se lle pode pedir excelencia ás nosas universidades, que realmente están facendo moito despois dos recortes aos que vostedes as someteron.

E outro tanto podemos dicir do estado da atención aos nosos dependentes e ás nosas dependentes, porque, realmente, o esforzo que se ten feito non é suficiente. O Goberno galego incumpre a Lei de dependencia, e incumpre a Lei de dependencia porque hai 10.000 persoas que teñen dereito a unha prestación que non reciben; porque temos 30.000 dependentes que necesitan axuda no fogar e que non a teñen; porque hai 14.000 persoas que necesitan transporte adaptado e non o teñen; ou porque hai 12.300 persoas que piden ir a un centro de día e non teñen praza.

E fíxese se incumpren a lei, señor conselleiro, que cando se di que unha persoa ten que agardar nove meses como máximo para ter unha praza nunha residencia, resulta que a realidade é que teñen que agardar dous anos. ¿E sabe cal é a resposta que dan vostedes nestes orzamentos? Consignar tres millóns de euros para construír sete residencias públicas; é dicir, propaganda, pero asegurarnos de que non vai haber nin unha soa obra iniciada destas residencias nesta lexislatura. Propaganda preelectoral, pero, *(Aplausos.)* desde logo, non solucións para o problema da dependencia. *(Aplausos.)*

Estamos, polo tanto, ante uns orzamentos que son como unha casca baleira, que nos demostran que neste Goberno non hai estratexia de futuro para este país no tema económico. Que tamén son uns orzamentos antisociais, porque seguen con recortes en aspectos que son básicos para mellorar a vida das persoas, como a sanidade, a educación ou atender como se debe as persoas dependentes.

E aquí hai unha cuestión á que eu penso que vostede debería de responder, porque fai unhas aseveracións en relación coa débeda deste país que, en fin, eu vexo que hai que crerse moito a súa propaganda para ser capaz de dicir o que vostede dixo nesta tribuna. Vennos dicir algo así como que vostedes endebedaron pouco Galicia. ¡Claro!, ¡triplican a débeda pública deste país e temos que estarlles agradecidos! *(Aplausos.)* ¿Agradecidos de que, señor conselleiro? *(Aplausos.)* ¿De que nos deixen unha herdanza de 15.000 millóns de euros que van ter que pagar outras xeracións? *(Aplausos.)* Porque iso é o que está facendo o seu goberno.

Mire, esta é a evolución da débeda en relación co PIB. Un 360 %, se o medimos con este indicador, é o que vostedes incrementaron a débeda. Polo tanto, non sei de que boa xestión

nos falan porque é o Goberno que máis hipotecou Galiza e é o Goberno que máis débeda xerou dos últimos corenta anos da historia deste país.

Efectivamente, que exista a débeda ten razóns, e temos que analizar cales son esas razóns. A primeira, é que temos un sistema de financiamento inxusto, ¡claro que si! Pero é que ese sistema de financiamento quen o asinou foi o señor Feijóo, que está agora ausente neste debate. *(Aplausos.)* E nese sistema de financiamento —que se tiña que ter revisado hai catro anos— vostedes estiveron aplaudindo todos os atrasos e incumprimentos do señor Rajoy, e aínda non sabemos cal é a súa proposta nesta materia. Porque vostedes critican que o BNG defenda que teñamos unha facenda galega para recadar todos os impostos e ter máis recursos para a sanidade, para a educación e a dependencia, pero o certo é que non sabemos cal é a súa proposta.

Outra das causas de que nós teñamos un déficit tan importante no financiamento é que, durante estes anos da crise, se atacou moitísimo e limitouse a escasa capacidade que tiñamos nós tamén en materia financeira. Levouse adiante un proceso de recentralización que fixo que o Estado acapare moitos dos recursos dos que se podía dispoñer durante os anos da crise e non se utilizaron eses recursos nin para salvagardar a sanidade, nin para salvagardar a educación, nin moito menos para atender os dependentes. O que fixo o Goberno do PP durante eses anos foi incrementar o gasto militar, *(Aplausos.)* a iso destinaron eses recursos durante este tempo. *(Aplausos.)*

E, en terceiro lugar, temos este problema porque tampouco o Goberno está utilizando a capacidade fiscal que ten para xerar máis ingresos e poñer en marcha unha fiscalidade xusta. Fiscalidade xusta que para nós significa que os que máis teñen paguen máis e que as rendas do capital tributen máis. Porque nesta crise tamén vimos como cada vez os traballadores e traballadoras cotizan máis e as grandes rendas do capital cotizan menos, e estase producindo unha acumulación da riqueza que, desde logo, vai en contra de calquera principio de igualdade e de solidariedade.

E nós por iso lles dicimos, se necesitamos máis recursos, ¿como se entende que vostedes agora lles fagan un agasallo fiscal de doce millóns de euros ás rendas máis altas con esa rebaixa no imposto do patrimonio? ¿Sabe cantos profesores e profesoras podería contratar con eses recursos? Case 300 profesores e profesoras para atender os nosos nenos e nenas.

Pero hai outras políticas que se podían facer neste ámbito, nós imos propoñerlles na nosa emenda. Subirlle realmente a carga do IRPF ás rendas máis altas; pódense poñer impostos a empresas que están aglutinando unha boa parte da vivenda baleira que hai no noso país, como o Sareb. ¿Por que non lle poñemos un imposto ás empresas que teñen un gran número de vivendas no noso país e que significarían máis recursos para a nosa economía? Podémoslles poñer un imposto tamén ás grandes superficies comerciais e destinar eses recursos a apoiar o pequeno e mediano comercio. Podemos recadar máis se gravamos as bebidas azucaradas, ou tamén se gravamos as redes de alta tensión. Segundo os nosos cálculos, coa reforma fiscal que propón o BNG teríamos 200 millóns de euros máis; pero, evidentemente, o seu goberno prefire recortar.

Estamos, señor conselleiro, polo tanto, non ante uns orzamentos que vaian traer a felicidade, senón ante uns orzamentos que son antisociais, sen proxecto de futuro e que nos deixan unha Galiza en precario, con salarios baixos, mentres se lles dispara a factura da luz, o gas, a gasolina... Estamos vendo, polo tanto, como deixa vostede unha Galiza na que a xente moza emigra e na que as persoas maiores teñen as pensións máis baixas. E demostran que temos un Goberno que está instalado na parálise, que é un lastre para Galiza e que vostedes non son parte da solución; vostedes son parte do problema porque representan a un Goberno e a un presidente acomplexado que non confía nas posibilidades de Galiza.

E a mellor mostra de que non confían nas posibilidades de Galiza nin no que somos como galegos e como galegas é esa asfixia económica á que teñen sometida a lingua nos orzamentos. Un recorte acumulado do 62 % nos programas de normalización lingüística mentres vemos como se vai deteriorando todo o que ten que ver coa normalización do idioma.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Vemos tamén, señor conselleiro, como son incapaces de darlles resposta nestes orzamentos ás dúas grandes vagas mobilizadoras que houbo no noso país. As mulleres saímos á rúa o 8 de marzo para reclamar máis igualdade e vostedes recortan un 80 % os fondos de igualdade nunha década. E aos pensionistas deste país, que soportan as segundas pensións máis baixas, mantéñenlles conxelado ese complemento autonómico ás pensións non contributivas.

Efectivamente, señor conselleiro, estes son os orzamentos dun Goberno que non ten ningún proxecto para este país, que é unha casca baleira, que non confía nas potencialidades do país, e que, lonxe de ser unha axuda, é un lastre para que Galiza poida avanzar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Antes de continuar co debate, saudamos os alumnos e alumnas de primeiro de bacharelato do Colexio Xelmírez, de Santiago. Benvidos ao Parlamento, e tamén aos seus profesores que os acompañan.

E agora si, polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, en relación coas súas primeiras palabras, ten que lembrar vostede cando foi aprobado o orzamento de 2018 do Estado. E, en fin —para poñelo en situación—, dá a impresión de que partimos dun goberno estable con maioría absoluta, que era o do señor Rajoy, e que en maio, xuño, cambiou completamente todo. Pero, precisamente, a moción de censura indica que iso non era así. (*Aplausos.*) Por tanto, un pouquiño máis de prudencia á hora de avaliar a situación política. E, por certo, esqueceu vostede dicirnos que eses 198 millóns de euros que estaban pendentes e non sei que en relación co IVE foi unha decisión do

señor Montoro, á que vostedes *mutis por el foro*, calados, mentres non houbo un novo goberno. (*Aplausos.*) Hai que contalo todo, señor conselleiro.

Mire, este debate é moi importante. A Xunta é o principal axente económico. Non só é que mova fondos que son o 16 % do PIB, senón que é o maior empregador do país. E a través das contratacións que fai mobiliza ao mellor outro 6 % ou 7 % do emprego que existe en Galicia. E, ademais, regula. Vostedes, nesta lei de medidas que acompaña o orzamento, modifican 29 leis e 6 decretos. Por tanto, hai unha notable capacidade de regulación. E, ademais, a través das emendas do Partido Popular, resulta que isto aínda se vai incrementar substancialmente. E, ademais, son un exemplo e unha referencia para todos os axentes económicos. Se a Xunta reduce a precariedade, hai unha mensaxe; se sobe determinados aspectos, tamén hai outra mensaxe. Quero dicir que teñen unha grande importancia. É un debate que nos importa a todos. Pero xa vexo, polas ausencias que hai nas súas filas, que este debate é menos importante do que parece, sobre todo para a propia Xunta de Galicia. E ese non é un bo traslado que lles estamos facendo aos cidadáns. (*Aplausos.*) Porque ¿sabe o que iso denota? Que o orzamento en boa medida non é un instrumento para a acción, é un instrumento de propaganda. E iso a nós parécenos que devalúa este Parlamento, devalúa o propio debate orzamentario e devalúa a vostede, señor conselleiro. E iso é o que pasa cando acompañamos un debate con toda solemnidade con modificacións orzamentarias de tal calibre ao longo do exercicio, froito da decisión autónoma do propio executivo, que despois transforman substancialmente o orzamento que se presenta. E antes a portavoz que me precedeu no uso da palabra xa deu algúns datos.

E o debate da lei de medidas que acompaña este orzamento é un indicativo tamén de como ven vostedes o Parlamento. É o primeiro proxecto de lei que envía o Goberno a este Parlamento no ano 2018, o primeiro. (*Aplausos.*) E modifica 28 leis, vinte e tantas leis. Por tanto, algo pasa, algo temos que cambiar.

Hai tres razóns para a devolución deste orzamento. A primeira, que non compartimos o diagnóstico. Non o compartimos no ano 2017, e no debate do estado da Autonomía expuxemos as razóns. Non o compartimos no 2018 e volvemos no debate do estado da Autonomía a dar as razóns. Discrepamos nas prioridades de políticas públicas deste orzamento, tanto en ingresos coma en gastos, e vouno explicar a continuación, porque cremos que é posible facer moito máis para reducir a desigualdade, para impulsar a economía e para reforzar os servizos públicos. Creemos que non fan todo o posible cos instrumentos que temos. E, en terceiro lugar, consideramos que a relación entre medios e fins non é a máis eficaz posible. Poderían facerse, para os fins que vostedes proclaman, outras cousas.

En primeiro lugar, discrepamos sobre a situación. As feridas abertas pola crise non están pechadas, señor conselleiro. No debate do estado da Autonomía indicabamos as catro fracturas que máis nos preocupan: a fractura social, a fractura territorial, a fractura de xénero e a fractura xeracional. E ningunha delas está ben tratada neste orzamento. E fronte a isto temos unha visión compracente, que é a súa, ou que é a do señor Núñez Feijóo no debate do estado de Autonomía. Como —digamos— nunha estratexia panglossiana, estamos no mellor dos mundos posibles; en todo caso con pequenas deficiencias que algún axuste fino permite resolver. Por facer unha referencia culta, Keynes hai moitos anos nunha situación similar

desde o punto de vista económico e social falaba do pesimismo dos reaccionarios, que consideran que non hai que cambiar nada porque o equilibrio social é moi fráxil e porque todo vai no mellor dos mundos posibles. Tamén nos alertaba contra o pesimismo do outro extremo. Aqueles que cren que o asunto está tan mal que só un cambio radical, profundo, violento, pode levarnos a un mundo mellor. E nós non estamos nunha situación nin noutra, nós estamos nun optimismo razoable. Cremos que este sistema ten deficiencias pero seguramente é o mellor comparado con calquera dos outros que podíamos ter en mente. Pero necesita fondas reformas. E estamos nese reformismo profundo, nun reformismo que ataque algunha das deficiencias máis notables que vemos hoxe sen cargarnos os fundamentos do noso sistema político e social. E cremos que este orzamento non vai por aí, é un orzamento da compracencia, que está baseado nese pesimismo dos reaccionarios que considera que todo está ben. E vou intentar demostralo.

No debate do estado da Autonomía de 2018 puxemos catro exemplos de aspectos sobre os que había que reflexionar e modificar as políticas públicas. Falamos da demografía e do emprego como síntomas dun malestar profundo na nosa sociedade. E falamos da crise dos servizos básicos e do incumprimento do plan de infraestruturas como síntomas dun goberno que non tiña ambición suficiente, que carecía dun proxecto integrador e que estaba desconnectado das necesidades sociais.

En demografía algo xa se dixo. Pero fagamos o que agora está tan moda, o *fact check*, chequear os feitos. No ano 2017 houbo o menor número de nacementos desde que se rexistran estes na nosa historia, ¡o menor!; despois de haber un máximo local no ano 2008 —no que, por certo, gobernaba ese Emilio Pérez Touriño que vostedes tanto critican—. Aí houbo un máximo local e a partir de aí houbo un descenso continuado. Pero resulta que no saldo vexetativo negativo nos atopamos con que o máximo histórico tamén se dá no ano 2017. Claro, e isto despois de que houbera tres plans de dinamización demográfica protagonizados por don Manuel Fraga e polo señor Alberto Núñez Feijóo, tres plans que foron un absoluto fracaso e que, ademais, pretendían incidir xustamente sobre as decisións que tiñan que ter as familias, as parellas, as persoas, sobre tenza dos seus fillos. Foron un fracaso e, polo tanto, hai que modificar as políticas públicas en relación con este tema e hai que facelo cunha certa profundidade porque, se non, non obteríamos bos resultados. Por certo, ten razón o señor Feijóo. No único lugar onde en termos estatísticos —se non facemos unha análise moi fina— temos algún resultado é en relación coa inmigración. O saldo acumulado desde 2009 é un saldo lixeiramente positivo. ¡Olló!, coas seguintes cautelas: é fundamental o que sucede nos países de emisión. Cando hai crise en Venezuela, dadas as nosas raíces históricas, Galicia recibe máis inmigrantes; cando hai crise en Arxentina, recibe máis inmigrantes. Pero iso ten que ver co que pasa neses países, non co que pasa no noso. Porque, se atendemos ao que sucede na mobilidade interrexional, resulta que seguimos exportando mozos e mozas que van buscar os garavanzos a outras partes de España. E isto é o importante, porque é aí onde as condicións de emprego son fundamentais. E, por certo, louvarse desde o Partido Popular dun bo resultado en termos de inmigración non deixa de ser paradóxico dada a posición que ten o seu partido en España. Resulta que alí onde inciden, que é na política de fecundidade, non obteñen ningún éxito; e onde non só non inciden senón que teñen unha posición contraria é onde isto permite ver algún resultado positivo.

Pero as proxeccións a futuro indícanos que, cunha alta probabilidade, imos experimentar un devalo demográfico moi notable, moi notable. Eu non me atrevo a poñer unha cifra porque as proxeccións en si mesmas están sometidas a moitos criterios. Pero, en todo caso, o máis probable é que no prazo de poucas décadas esteamos rozando os 2 millóns de habitantes en Galicia. E a nosa posición é que debemos facer un cambio radical nas condicións de vida da mocidade, que afecta ao emprego, afecta á política de vivenda, afecta aos servizos sociais, afecta á formación —á formación tamén—, afecta a todo isto, se queremos ter algunha oportunidade de revertir esa tendencia demográfica tan forte. E ao mesmo tempo debemos alimentar unha inmigración ordenada, unha inmigración controlada e unha inmigración que permita, polo menos a curto prazo, resolver os déficits que temos en materia de poboación.

E non vemos un reflexo diso no orzamento. Por exemplo, no ano 2019 o parque público de vivendas que ten previsto aumentar a Xunta de Galicia aumenta na destacada cifra de 3 vivendas —de acordo coas cifras do seu orzamento—, 3 vivendas adicionais nesta situación; un 0,1 % do que foi aprobado moi recentemente para cinco anos. Pero é que, como antes se dicía, vaiamos á execución do programa de vivenda, á última execución dispoñible: execución dun 41 % en materia de vivenda; un programa raquítico que ten unha execución moi por debaixo do que é razoable.

E de emprego imos falar agora. É certo que Galicia medra desde 2014 a taxas elevadas, seguindo o ritmo do impulso español. Non máis que España, como España. Está ben. Os nosos axentes económicos privados incrementan a exposición ao mercado internacional dada a depresión da demanda interna —a privada e a pública—, e o axuste salarial favorece isto porque permite aumentar a competitividade aínda que seguramente non é a razón fundamental. A produtividade evoluciona positivamente. Hai factores positivos que hai que destacar. Os ventos de cola estannos impulsando, aínda que se están esgotando e isto non deixa de ser un problema.

¿Pero cal é o aporte da Xunta de Galicia a isto? Primeiro, en termos fiscais esa estratexia de consolidación retira combustible ao crecemento. Isto é así. Seguramente había que facela, e nós non discrepamos da estratexia de consolidación, discrepamos do ritmo ao que se está producindo. Pero, en todo caso, retíralle combustible. Pero é que alí onde podemos incidir desde o lado da oferta, nas condicións de competitividade, que son as importantes a medio e longo prazo, resulta que en innovación, en formación e en infraestruturas a política da Xunta de Galicia ten que dar un xiro rotundo. E nós, dende logo, non a aprobamos.

O Igape está paralizado. Executa un de cada dous euros que están consignados no orzamento. Podemos poñerlle moito máis. Este ano aumentan os créditos. Pero, se non modificamos as cuestións de base, imos executar unha cantidade moi parecida á do ano pasado. E, polo tanto, ¿que máis dá o que consignemos? ¿Onde está a imprescindible reforma do Igape?

E ¿que pasa en I+D+i? Efectivamente, tamén incrementamos este ano os créditos, pero de novo a execución é escandalosamente baixa. E temos unha porcentaxe, aínda con este incremento, que é aproximadamente a metade en termos de PIB que a do País Vasco; e moi por debaixo, en termos de PIB, do que había no ano 2009 —estou falando en termos de

PIB—. Cómpre resolver a execución, cómpre reformar a estrutura integrando todo nunha axencia de verdade para que isto poida resolverse. Non o fan, e podemos seguir así noutros ámbitos.

En resumo, hai parches orzamentarios —benvidos sexan— pero sen garantía de execución. E as respostas organizativas son insuficientes ou nulas. E, por tanto, non podemos estar conformes con isto.

Como se indicou antes, a máis grave diferenza está en materia de emprego. España ten máis emprego xa que no ano 2009; e Galicia, nas últimas cifras, 77.000 empregos menos, ¡77.000! Se nos comportáramos igual que España, teríamos 90.000 empregos máis dos que temos agora; que é moi importante, 90.000 empregos é un 9 % adicional e significaría poder darlles emprego a todos os xóvenes que temos en paro, ¡a todos! O cal é unha cifra moi seria. E a iniciativa de emprego xuvenil financiada pola Unión Europea e que xestionou a Consellería de Emprego aínda merece unha avaliación deste Parlamento. Non se presentou ningún balance, porque supoño que o conselleiro non quere vir aquí a pasar polo rubor de ter que defender un fracaso tan absoluto.

Cae o emprego industrial. A taxa de actividade da mocidade é inferior á española. Hai unha caída notable no número total de mozos e mozas que viven en Galicia e, a pesar de todo, a taxa de actividade é inferior á española.

Vostede mesmo, señor conselleiro, cando presentou os orzamentos nunha entrevista radiofónica, recoñeceu que a precariedade era un problema moi grave: 9 de cada 10 contratos asinados son temporais —tamén en España—; 2 de cada 3 empregos creados desde o ano 2014, desde que empeza a recuperación, son temporais; todo o emprego para menores de 30 anos é temporal e todo o emprego público creado desde 2014 é un emprego temporal, ¡todo!

Nestas condicións ¿como van os xóvenes levar adiante o seu proxecto vital? ¿Como lles podemos pedir que sigan investindo en formación, que emprendan carreiras profesionais no país, se lles estamos ofrecendo este panorama? Por iso, para nós, darlles un horizonte á mocidade é unha prioridade básica, e iso significa actuar en educación e en inserción laboral. A prioridade para FP, para FP dual, é dar oportunidade a todos —tamén aos que van a institutos públicos— para saír ao estranxeiro a perfeccionar o seu manexo de idiomas. A gratuidade na primeira matrícula universitaria, o reforzo das políticas de bolsas para os mestrados, para os máster, todo isto, é unha necesidade absoluta se queremos darlle un futuro á mocidade.

Xa falei antes da política de vivenda, pero tamén na de inserción laboral ten que haber unha política clara da Xunta de Galicia en relación coa precariedade. E nós sabemos que están facendo algunha cousa, pero é moi insuficiente. Ten que ir máis alá e teñen que desenvolver as cláusulas sociais da contratación introducindo límites á precariedade por esa vía, porque iso vai permitir que, sectores que están arredor da Xunta e que non forman parte do seu corpo, teñan tamén unha evolución positiva. Isto é o que lles pedimos, porque a precariedade desincentiva a formación dos traballadores, porque desincentiva a implicación dos traballadores. E, no contexto laboral que temos, esas son dúas variables básicas.

Tampouco estamos de acordo coa súa xestión dos servizos básicos neste orzamento. Evolucionan no 2019 por debaixo do PIB nominal, evolucionan por debaixo do gasto orzamentario total. Se temos en conta o impacto da inflación sobre compras, os compromisos salariais —que están ben aínda que son moi tardíos— e a carga dos compromisos públicos-privados, a marxe orzamentaria para o reforzamento dos servizos públicos é mínima. Non vai haber unha mellora substancial dos servizos, non está previsto no orzamento. E, polo tanto, o que van percibir os cidadáns como actuación da Xunta de Galicia vai ser unha repetición, no mellor dos casos, do ano pasado.

Non podo determe moito, pero voulle dar dous exemplos. As axudas complementarias ao estudo aumentan o 1,17 %, por baixo do IPC; polo tanto, estamos reducindo o apoio público nesta materia. A construción de centros é moi insuficiente. E en sanidade Galicia, que, de acordo coa percepción dos seus cidadáns, é a terceira peor sanidade pública das comunidades autónomas —e un 75 % das persoas consideran que debe haber cambios no Sergas—, o que lles dicimos é que en atención primaria ten un incremento moi ridículo, con efectos inmediatos. Eu collín os apartados de persoal de 2018 e de 2019, e ao comparalos vemos que en atención primaria hai unha caída, ¡unha caída!, no persoal previsto en 58; e nun contexto de recuperación económica no que o conselleiro nos di que hai un reforzo considerable dos servizos públicos. Pero resulta que imos ás cifras que eles mesmos poñen nos orzamentos e hai unha caída de 58 persoas na atención primaria. Esa é a mensaxe que lles estamos dando aos cidadáns, que lles estamos dando ao persoal que está mobilizado nos PAC (*Aplausos.*), e non tanto por melloras salariais como por un cambio organizativo e de recursos que permita reforzar a atención primaria, que é a porta de entrada no sistema e é a que agora mesmo atende mellor a cronicidade e a que permite reducir tensións sobre outras partes do sistema —que son moito máis onerosas, como todos sabemos—. E a precariedade é unha lacra que está corroendo a eficacia do sistema sanitario.

O outro día estaba cunha persoa de Noia, que non coñecía, que me contaba que en dez anos tivo máis de 600 contratos no Sergas, ¡máis de 600! Sae a unha media de 60 por ano. E considerábase afortunada. Esa é a situación que temos hoxe. Hai un 25 %, aproximadamente, dos traballadores do Sergas que son precarios, que están escravos das listas, con desánimo profesional, que teñen que estar pendentes todo o ano dunha chamada porque, se non están dispoñibles, van para atrás e deixan de traballar. E esa é a situación á que estamos condenando a nosa mocidade.

E xa as fundacións de investigación sanitaria son un escándalo. Teñen que integrarse no orzamento da Xunta. Nós facemos unha emenda nese sentido, que esperemos que recollan, porque saben vostedes que están sendo utilizadas para dar funcións asistenciais a baixo custo contratando aquelas persoas que acaban o MIR, que acaban o FIR, o PIR ou o que sexa, para cubrir necesidades asistenciais e non para facer o seu labor de investigación sanitaria. Teñen que integralas no orzamento, pero sobre todo teñen que darlles unha satisfacción a eses traballadores.

Podíamos seguir noutras materias, como os servizos sociais, nos que hai unha dependencia excesiva das transferencias procedentes do Estado. Isto é o que permite reforzar a súa dotación económica pero non permite suturar as feridas —que hai demasiadas aínda nestes

momentos en Galicia —, non permite suturar esas feridas nin permite solucionar o problema das residencias, tantas veces anunciadas pero que aínda non teñen unha plasmación concreta no orzamento. Hai unha previsión xeral pero non teñen nomes e apelidos; e, polo tanto, somos bastante escépticos en relación coa posibilidade de que sexan postas en práctica no ano 2019. Parece máis un instrumento de propaganda *urbi et orbi* que permita ir recorrer o país antes das eleccións municipais anunciando residencias en todas partes para despois non facer ningunha. E iso a nós non nos gusta.

E as infraestruturas, un ano máis, están preteridas. Eu dicía no debate do estado da Autonomía que a Xunta de Galicia tirou a toalla. E este ano tíraa un pouco máis lonxe, porque resulta que o programa correspondente á construción de infraestruturas descende en 7 millóns. Nun momento en que o conselleiro di que imos facer un enorme esforzo de capitalización pública cae ese programa decisivo en 7 millóns.

Pero é que é moito peor se analizamos o que pasa nun orzamento tras outro. A reprogramación que existe en materia de estradas é fenomenal. As obras previstas en 2018 de infraestruturas viarias máis importantes tiñan orzados dez millóns de euros nese ano e prevían 42,5 para o 2019. ¿Que pasou? Non se executou nada, asintoticamente, diríamos, o nivel de execución é cero para o ano 2018, ¡Ah! e reprogramábase para o 2019 e, en vez de 42,5 millóns, a previsión de agora é de 14. Iso é o que pasa dun ano para outro. A VAC da costa norte, en 2018, ten 4,4 millóns previstos, e cero de execución. En 2019, 10 millóns. A previsión para o 2019 agora, neste novo orzamento, é de 3 millóns. Redúcense 7.

Falemos da intermodal da Coruña, falemos de calquera outra infraestrutura importante, isto é o que pasa. O Plan Move non é que mova persoas, non é que mova mercancías en Galicia en condicións mellores; o que está movendo son recursos orzamentarios dun dano para outro sen executalos, e permitíndolle á Xunta dicir, ano tras ano, que vai facer cada vez máis. (Aplausos.) E as infraestruturas viarias son importantes non só porque melloran as condicións de vida dos cidadáns e porque conectan e integran, senón porque, ademais, nun país pequeno e demograficamente limitado como é o noso, permite xerar un efecto de masa que é absolutamente necesario para a competitividade.

E vostede presume da formación de capital. ¡Pero se a formación bruta non consegue superar desde o ano 2011 a barreira dos mil millóns! Para dar unha referencia, nese goberno nefasto do señor Touriño do ano 2008 estaba por riba dos dous mil millóns de euros —con pasivos financeiros netos cero, ¡eh!—. Estou falando do ano 2008. E agora vostede presume de que estamos por debaixo dos mil millóns. É máis, este ano descende a formación bruta de capital, esqueceu dicírnolo. ¡Descende, si, si!, vaia ás cifras do orzamento. Téñoas aquí, podemos repasalas despois.

E a formación bruta de capital expresa o compromiso da Xunta coa modernización do país sobre bases propias e autónomas. E cando un orzamento carece de ambición e a aposta polo futuro é moi raquítica, pois iso é o que pasa.

O señor Julio Camba falaba dun antigo ministro de Fomento, de Pontevedra, o señor Besada. E dicía que a súa era unha obra de cantería, porque alí por onde pasaba deixaba unha estrada,

un peirao, unha obra relevante. Eu creo, señor conselleiro, que nin a vostede nin ao señor Núñez Feijóo os van comparar nunca con Besada, porque non darían a talla neste sentido. *(Aplausos.)*

Pero imos falar un pouco da política de ingresos antes de rematar. A versión oficial é coñecida: «superman» Feijóo colleu unha Xunta de Galicia quebrada, e, con enorme esforzo de austeridade e unha determinación exemplar, conseguiu traernos ata as praias actuais de prosperidade, equilibrio, estabilidade, etc. Cruzou o mar de bágoas seguindo o coello branco e traéndonos ata aquí, unha especie de «Alberto no país das marabillas». É un retalo heroico, un relato, en fin, moi interesante. O único problema que ten é que é un relato fantástico, porque é falso. E para velo non fai falta máis que ir aos balances da Xunta de Galicia. O balance do ano 2008 dinos o seguinte: acredores a longo prazo, 3.381 millóns; reservas, 5.546; fondos propios, 4.384 millóns de euros. No 2017: acredores a longo prazo, 10.603 millóns; reservas, 1.272 —practicamente liquidaron o 80 % das reservas que colleron—; e fondos propios, en negativo, cun resultado do exercicio tamén negativo en 281 millóns; cifras oficiais que vostede asinou. Pero é que a Xunta de Galicia tivo un resultado negativo en todos os exercicios desde o ano 2010. E no ano 2009 famoso, no que vostedes din que estaba quebrada, resulta que ese ano 2009 ten un resultado en positivo de dous centos e pico millóns de euros, un resultado en positivo. E vostedes, resultado en negativo, e triplican a débeda, reducen a reserva substancialmente e sen apenas elevar o valor do inmovilizado.

¿Que diríamos, en termos empresariais, se colleramos esta situación? Despois resulta que o discurso oficial é que outros despilfarran e a Xunta de Galicia é un exemplo de aforro. E o que indican os datos é xustamente o contrario. Houbo un enorme endebedamento sen ter a capacidade de preparar o futuro, iso foi o que pasou. Despois podemos poñerlle todas as cautelas, e outras comunidades autónomas fixeron igual, tiñamos unha situación moi difícil... Si, pero vostedes mesmos presumen de que levan cinco anos, cinco anos, crecendo a taxas moi elevadas. Polo tanto, cinco anos de vacas fracas pero cinco anos de crecemento a taxas elevadas. Xa están compensados. A partir de agora xa non poden dicir o mesmo.

E ¿que dicir das concesións público-privadas que tanto o señor presidente como a señora conselleira de Infraestruturas nos din que iso é unha herdanza do goberno anterior? Pero resulta que dous terzos da carga que está pendente é froito de contratos da época do señor Alberto Núñez Feijóo, que ademais ampliou o asunto a servizos básicos, como hospital de Vigo. E no hospital de Vigo, que tiña un custo de 325 millóns de euros no orzamento do ano 2012, ao final imos pagar case 800 —froito desa xestión— cunha taxa de xuro implícita do 8 %. *(Aplausos.)* Esa é a xestión do señor Alberto Núñez Feijóo.

E, polo tanto, en relación co endebedamento nós compartimos que convén respectar as regras, pero tamén convén non pasarse de freada. Convén respectar as regras pero, cando a Comisión Europea nos dá unha marxe de endebedamento dentro das regras comunitarias, ¿por que non utilizala? Esa é a gran pregunta, sobre todo cando non estamos nun ciclo económico normal senón que estamos saíndo da peor recesión que temos en oito décadas. ¿Por que non facelo se estamos pagando moi pouco polo endebedamento novo e se a ratio débeda-PIB seguiría baixando a pesar desas dúas décimas adicionais? Hai proxectos para elixir que permitirían pagarse a si mesmos o endebedamento. E, polo tanto, ¿por que non facelo?

E vou dedicarlle un pouquiño á política fiscal. A súa política fiscal incide na redistribución de xeito relevante, pero cando incide é regresiva. E voulle explicar por que no orzamento do 2019.

No imposto de patrimonio prevese unha caída da recadación como consecuencia da baixada de tipos dun 20 %. Pero as cifras da Axencia Tributaria dinnos que os contribuíntes que pagan o imposto de patrimonio son o 0,25 % dos cidadáns de Galicia. Non estamos falando do 1 % fronte ao 99 %, non, estamos falando do 0,25 % fronte ao 99,75 % que non pagan. Son eses contribuíntes, eses contribuíntes e non outros. ¿Son as clases medias? A base im-
poñible supera os 5,5 millóns de euros de media, e unha proporción moi elevada dela, pois arredor do 90 %, son valores inmobiliarios, son accións. ¿A clase media? Estamos falando das maiores fortunas, estamos falando da *crème de la crème* da nosa sociedade, e non se trata de facerlles pagar demasiado. ¿Sabe canto supón o que pagan en imposto de patri-
monio? Son 10.000 euros de media por ano, iso é o que paga cada un destes contribuíntes que teñen, xa digo, unha riqueza declarada, para efectos de imposto, de 5,5 millóns de euros. E a estes contribuíntes vostede di que hai que facerlles unha rebaixa dun 20 %. Pois iso é o que van aprobar cos seus votos neste orzamento, e iso é o que ten que explicarlles aos cidadáns. E ten que explicarnos tamén a nós cal é a cuestión económica que quere re-
solver con esa rebaixa. Porque, sen dúbida, debilita o Estado de benestar e sen dúbida está lanzando unha mensaxe que non é prudente. Pero algunha razón terá. A min gustaríame escoitala.

E do resto dos incentivos, nós podemos compartir moitos fins, pero fíxese: investimento no mercado alternativo bursátil, beneficio fiscal, 3.000 euros; investimento en adquisición de novas sociedades, 76.000; creación ou ampliación de novas empresas, 50.000; redución por adquisición de explotacións agrarias en doazóns, 4.000 euros. É dicir, con 133.000 euros, fronte aos 12 millóns de aforro en patrimonio, pretende incidirse no ritmo e no perfil da creación de empresas. É unha gota de auga no océano, iso non é nada, señor conselleiro. Iso é puro márketing electoral. Pode ser barato en termos de márketing porque permite facer varias roldas de prensa e convencer incautos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Pero nós, aínda que podemos compartir os fins, consideramos que isto non é relevante.

E hai unha cuestión final —medio minuto, señor presidente— que vou exemplificar na Secretaría Xeral de Igualdade. Hai un reforzo orzamentario notable —é verdade— que está ben. Pero case todo el procede de fondos procedentes do Estado. As políticas nas que nós coincidimos, e que vostedes priorizan, son políticas que están sendo reforzadas desde a Administración do Estado con transferencias finalistas. (*Aplausos.*) E falamos de igualdade, pero poderíamos falar tamén de emprego, poderíamos falar de vivenda ou poderíamos falar da dependencia. E iso —que está ben— son prioridades que outros establecen e que, en cambio, reducen a autonomía da Xunta de Galicia, que se deixa gobernar por outros.

Vou rematar xa.

Nós solicitamos a devolución destes orzamentos por todas esas razóns, porque non reforzan suficientemente as partidas destinadas a resolver as carencias da nosa sociedade, porque non apostan decididamente pola modernización da nosa estrutura económica, pero tamén pola regresividade en materia de impostos, que, desde logo, para nós é unha tacha grave destes orzamentos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, algúns esquecementos, algúns silencios, algunhas omisións en relación co seu propio discurso dan idea tamén de cal é a súa política económica, e dan idea de cal é a política social e a sensibilidade social da Xunta de Galicia que presentan hoxe estes orzamentos. Ningunha mención explícita á palabra «precariedade», á precariedade, que é o que asolaga moitos fogares do noso país e a moitos concidadáns e concidadás, mesmo a moitos deles que non poden estar hoxe en día no noso país. Nin unha mención explícita á palabra «desigualdade» —a desigualdade social, desigualdade laboral, desigualdade de xénero, desigualdade de oportunidades...—, que non se vai ver pechada como consecuencia duns orzamentos que seguen agrandando estas fendas. En consecuencia, é unha mensaxe explícita e implícita de desesperanza, de desesperanza para a xente nova, que non se ve reflectida nesos orzamentos na procura dunha solución para as súas necesidades, e onde o único que se lle ofrece é a porta da emigración para buscar as oportunidades que vostedes non lles xeran con estes orzamentos. É unha desesperanza tamén para todas aquelas persoas que non chegan á fin de mes, para toda aquela xente que fai números e á que o mes lle é demasiado longo para o seu salario —cando teñen salario—, cun salario e unha situación, ou unha capacidade de chegar á fin de mes, que non se ve apoiada por uns orzamentos que en nada atenden a estas necesidades. Polo tanto, é un orzamento e un discurso —o feito hoxe polo señor conselleiro— de inxustiza social.

O orzamento é o respaldo económico das políticas. Non fan referencia estas políticas a combater nin a desigualdade nin a precariedade, non se refiren ás persoas. Vostedes viñeron aquí a facernos unha mala conta de números e agora nós teremos que explicarlles o que significa isto para as persoas. Por certo —e falando de persoas—, dos 48 minutos que durou o seu discurso é no minuto 43 cando vostede di: «Bueno, e falemos agora das persoas». Ben, desde de En Marea dicimos desde o minuto 1: falemos xa das persoas cando estamos falando dos orzamentos; dun ciclo orzamentario que sempre nos pareceu, e que nos segue parecendo, inxusto na súa propia formulación. O proceso orzamentario tiña que comezar aquí cun debate político sobre que necesidades temos que satisfacer aí fóra do Parlamento, que necesidades temos que satisfacer os cidadáns e as cidadás. ¿Que necesidades teñen? ¿Que dereitos temos que satisfacer? Iso temos que falalo aquí nesta Cámara e, a partir de aí, temos

que cuantificar esas necesidades. ¿Canto custa satisfacer eses dereitos? A partir de aí temos que facer unha conta de onde está a riqueza do noso país, porque riqueza haina. Repíteno constantemente: a crise pasou, a recesión pasou, temos a mesma riqueza ou máis ca nunca na nosa historia. É certo en termos de PIB. E ¿en que se traduce iso despois nos orzamentos que se encargan de satisfacer as necesidades sociais? ¡En nada!

Ese tiña que ser o curso de elaboración orzamentaria: primeiro, saber que competencias temos, que dereitos temos que satisfacer, que necesidades sociais hai, canto custa isto e onde está a riqueza; e despois facer uns orzamentos que recollan a riqueza alá onde está para poñela alá onde falta. A redistribución da renda e da riqueza, uns orzamentos sociais, iso é o que lles falta a vostedes no discurso que acaban de realizar.

É un discurso que tamén está incompleto en termos políticos, porque En Marea non vai poder debater aquí todas as súas propostas políticas, porque sufriu un veto inicial na Mesa do Parlamento: a imposibilidade de debater sobre que facer, de forma completa, co diñeiro das galegas e dos galegos. Efectivamente, pola aplicación directa do artigo 135.3 da Constitución española non poderemos debater do que queremos facer con parte dese diñeiro que vostede dedica á débeda. Ese diñeiro que vostede dedica á débeda, a devolver uns cartos aos bancos —ocasionada por un furado que non ocasionou a xente senón que ocasionaron as súas malas políticas—, non poderemos destinalo a determinados investimentos sociais. Nós queríamos, polo menos, poder debater diso, aínda que despois a maioría votase que non; pero queríamos poder formular aquí unha alternativa política e económica que puxese as persoas por riba de Angela Merkel, por riba da devolución dos cartos aos bancos alemáns, por riba doutras prioridades que non son as prioridades do conxunto da cidadanía galega. E non podemos facelo.

Di vostede, para xustificar a baixada do imposto de patrimonio —esa baixada infame aos patrimonios máis ricos que fará que aquelas persoas que teñan un patrimonio declarado de máis de 10 millóns de euros en Galicia vaian ter un regalo fiscal pola parte súa de aproximadamente 40.000 euros— que a crise pasou. Vostede dixo: A crise pasou e por iso facemos esa rebaixa. Ben, pasou a recesión, non pasou a crise. Porque para moita xente non volveron os dereitos. E ademais quedáronnos as reformas. Entre elas, a do 135, que nos impide debater en profundidade o que nós queríamos facer cos cartos dos galegos e das galegas, que estamos seguros de que preferirían investilos en máis profesorado, en máis persoal sanitario, en máis e mellor atención á dependencia; e non en pagar os xuros duns préstamos que nunca deberíamos ter solicitado se houbo outras políticas no seu momento.

Señorías, os orzamentos xerais para o exercicio de 2019 presentados pola Xunta consolidan —na nosa opinión— uns recortes do gasto público xa realizados en anos anteriores; en especial, no período 2010 a 2014. Esa é a razón fundamental pola que En Marea votará «non» a esta proposta de orzamentos para o ano que vén.

A economía galega, igual que no conxunto do Estado e na propia Unión, iniciou unha fase alcista do ciclo —recoñecida unanimemente a partir do 2014—. Levounos cinco anos pero xa o produto interior bruto está por riba do nivel previo á dobre recesión, tanto en termos reais como en termos nominais. Unha década perdida, certamente, como consecuencia da

política neoliberal de recortes de gasto e de devaluación salarial, con efectos moi negativos sobre a vida das persoas que aínda continúan. Este é o motivo central do rexeitamento de En Marea a estes orzamentos: a volta ao crecemento económico non se traslada en benestar á cidadanía. Temos o mesmo nivel de riqueza e é necesario repetir e é necesario que se saiba socialmente que temos o mesmo nivel de riqueza que en 2009 pero que esta riqueza está mal repartida porque a xestión neoliberal da crise provocou unha redistribución da renda en contra da maioría social para beneficiar a elite. Uns poucos beneficiáronse da perda de moitos. Temos máis riqueza pero menos orzamento; isto é, menos recursos para o benestar da cidadanía e para a capitalización do noso país.

Expresado en valores nominais —por dar algunhas cifras—, o cadro macroeconómico que acompaña o orzamento da Xunta estima en 66.000 millóns de euros o PIB de Galicia para o 2019. Esta cifra supón a maior da historia e supera en 9.500 millóns a do 2009. Sen embargo —a pesar disto—, o orzamento do gasto non financeiro para o ano que vén é inferior, en termos reais, en 611 millóns ao de 2009. Máis riqueza pero menos gasto público, máis riqueza pero menos repartida, máis riqueza pero menos recursos destinados ás persoas, a financiar a sanidade, a financiar o persoal sanitario que nos falta nos PAC, a financiar o profesorado que nos falta no ensino —en Brión, en Portomarín, en Lugo, na Coruña...—, á protección social, á política de emprego e mesmo en investimento.

O resultado final é a perda de peso público na economía. Medido a través do rateo gasto público-PIB, en 2009 a Xunta xestionou o 18,5 % da riqueza producida en Galicia e agora vai ser do 14,9 %; un retroceso de 3,6 puntos que supoñen a frioleira de 2.300 millóns de euros. Iso é o que se deixa de redistribuír como consecuencia da súa forma de facer política.

Os orzamentos de 2019 en ningún caso se poden cualificar de expansivos, como nalgún caso tiveron a tentación de dicir, xa que o gasto non financeiro medra o 3,8 % en comparación co de 2018, e, polo tanto, medra por debaixo do crecemento nominal do PIB previsto para o ano 2019. É un incremento, polo tanto, para nós decepcionante e insuficiente para recuperarmonos dos recortes da fase aguda da austeridade. Son 363 millóns de euros máis pero apenas serven para ir tapando unha parte mínima dese enorme burato de 2.000 millóns de euros que sufrimos dende o ano 2009.

Que o orzamento medre por debaixo do que o fai a economía supón a continuidade da política de recortes pero baixo unha fórmula diferente. Na recesión o orzamento caía en termos nominais e agora medra por debaixo do PIB. O resultado é a renuncia a recuperarnos dos recortes e supón tamén ir reducindo o papel do público na prestación de servizos da economía; en definitiva, de redistribuír.

Para nós esta é unha evolución absolutamente inaceptable, porque os recortes consolídanse nos orzamentos, fanse permanentes, cronifícanse. Se despois de seis anos de crecemento do PIB apenas avanzamos na recuperación dos recursos, a pregunta é: ¿cando imos facelo?

Imos ver agora onde se deixa de gastar por parte da Xunta de Galicia. As cifras concretas permiten cuantificar o devalo dos recursos públicos. En 2019 a Xunta disporá de 363 millóns de euros máis que en 2018, pero con 2.500 millóns de euros menos que no ano 2009. Por iso

dicimos que os orzamentos consolidan os recortes, o retroceso na cifra global, que se fai máis evidente cando se analizan as diferentes funcións de gasto.

Imos repasar con vostede agora as principais funcións de gasto, e na quenda de réplica dirá se si ou se non. Mire, o gasto en sanidade é inferior en 549 millóns de euros ao de 2009, unha redución equivalente ao 13 % en termos reais —fáleme en termos reais, non nominais, en termos reais sobre a cifra inicial—. En educación, o retroceso é de 413 millóns de euros, o que supón un recorte do 15 %. A caída aínda é maior en infraestruturas, que perden o 48 % do seu importe, deixándose de investir 331 millóns de euros. Temos unha cifra similar en termos relativos tamén nas políticas de emprego.

Alegrámonos de que por fin esta vez diga que ten capacidade de incidir no emprego de forma significativa cos seus orzamentos. Pois, mire, para ser iso así, a pesar de ser o principal problema da cidadanía, a Xunta vai gastar en 2019 221 millóns de euros menos que en 2009 —un retroceso do 46 % en termos reais—. A política de vivenda practicamente desaparece en termos orzamentarios porque se recorta, desde o 2009, o 66 %.

Tamén a evolución da partida número 71 demostra a realidade que se agocha tras o discurso propagandístico da «lexislatura do rural», e fai que a dinamización económica perda 151 millóns de euros, o que supón un retroceso do 32 %; unha deterioración das políticas cara ao rural que se ve agravada polo retroceso das actuacións e valoración do medio rural, que perde 64 millóns de euros en termos reais sobre a cifra do 2009.

O mesmo sucede tamén noutra actividade relevante do sector primario, porque os recursos destinados, por exemplo, á política pesqueira caen en case 100 millóns de euros, cun retroceso do 49 %, de novo, en termos reais.

Menos orzamentos tamén para a política económica, porque os recursos destinados á industria, á enerxía e á minería caen o 26 %; o desenvolvemento empresarial cae o 31 %; as políticas de apoio ao comercio, o 61 %; e o orzamento de turismo —a pesar de crear neste ano a consellería— vai ser o 32 % menor que en 2009.

Hai retrocesos que afectan tamén gravemente a outros eidos non directamente económicos, como sofre a cultura, que perde o 56 % dos seus recursos —moitos deles enterrados nese mamotreto que é a Cidade do Gaiás—. En termos reais tamén cae para a normalización lingüística. Cae a normalización lingüística na medida en que cae tamén o número de falantes de galego, sobre todo entre a mocidade, cun recorte do 68 % duns xa, no seu momento, minguados orzamentos.

É o mesmo que lle sucede ao territorio, porque a función 54, de actuacións medioambientais, perde o 65 % dos recursos que tiña en 2009; un recorte de 220 millóns de euros ao que hai que engadir os 43 millóns de euros que se deixan de investir na función 52, en ordenación do territorio, que perde así o 73 % dos recursos en relación con 2009 en termos reais.

¿Por que insistimos en 2009? Porque está vostede dicindo continuamente que xa temos a mesma riqueza que no ano 2009, a mesma riqueza que antes da crise. Pois ben, queremos

uns orzamentos á altura desa riqueza, queremos redistribuír o diñeiro dispoñible, a riqueza que hai no país, en función das necesidades da xente. E non nos vale con consolidar a desigualdade e para que uns poucos vivan moito mellor á custa dunha maioría social que vive peor.

O recorte social, ademais, ten unha orixe nunha evolución de ingresos —tamén queremos facer fincapé nisto, e ver agora, na parte dos ingresos, por que son estes gastos así— que para nós é inaceptable. Tanto no ano 2019 como na senda que seguen desde o 2015 crecen estes orzamentos por debaixo do PIB nominal, o que significa perda de peso do público na economía. E impide isto recuperar o nivel de recursos dispoñibles previo á recesión a pesar de que o PIB xa é superior. As razóns desta negativa evolución son varias, desde logo. Unha é o mal funcionamento do sistema de financiamento das comunidades autónomas. Por suposto, estiveron vostedes gobernando sete anos —catro deles con maioría absoluta— no Parlamento do Estado e non foron quen de solucionar o problema de financiamento das comunidades autónomas. E agora veñen sinalalo como un dos problemas que temos para financiarnos. Outra é un inaceptable devalo do Fondo de Compensación Interterritorial e outras transferencias de capital. E —e isto é para nós o máis relevante en termos políticos— un papel determinante e relevante da política fiscal aplicada tanto polo Goberno central como, neste caso, pola Xunta de Galicia. E hai que dicilo ben claro: a política fiscal neoliberal do Partido Popular provocou a desfiscalización das rendas de capital, dos beneficios empresariais e dos grandes patrimonios. É dicir, a crise veulles ben aos máis ricos, porque foi a escusa que vostedes tiveron para que deixasen de pagar impostos, así de claro. Esta deserción fiscal —que non se lle pode chamar doutra maneira—, esta deserción fiscal dos máis ricos reduciu os ingresos públicos, pero ademais tamén desequilibrou o reparto da carga fiscal, de forma que a maioría social agora está pagando dúas veces as súas nefastas políticas económicas. En primeiro lugar, porque a maioría social soporta unha maior carga fiscal, esa da que vostedes eximen os máis ricos mediante a súa rebaixa do imposto do patrimonio. E, ademais, tamén volven pagar as consecuencias porque recibe a maioría social peores servizos públicos e peor protección social. Para que nos entenda todo o mundo, ¿que é isto? Que un vaia a urxencias ou a un PAC e non encontre equipo médico. Iso é no que se traduce na práctica a súa política económica que vostede nos vén presentar aquí de forma consolidada ano tras ano. (*Aplausos.*)

No orzamento de 2019 a propaganda de rebaixa de impostos segue ocupando un lugar central, acabamos de velo. Pola contra, hai que facer o cadro completo desa estratexia fiscal do Partido Popular nestes últimos anos. Hai que explicalo todo. Primeiro, caeron os ingresos de forma significativa; en segundo lugar, aumentou a débeda como nunca na nosa historia; e, en terceiro lugar, retrocedeu o gasto público, que sufriu durísimos recortes. Pero, aínda así, din vostedes que hai marxe para baixar impostos. A nota oficial da presentación dos orzamentos dicía: «Os beneficios fiscais inclúen todos aqueles ingresos que a Xunta de Galicia decide non percibir». ¡Deciden vostedes non percibir ingresos dos máis ricos! ¿Para que? ¿Para que sigamos tendo que soportar as carencias en servizos esenciais? ¿Para iso deciden vostedes non percibir os ingresos dos máis ricos?

Dando por bos os datos deste orzamento, en 2019 os beneficios fiscais chegarán a 430 millóns de euros, cifra á que hai que sumar os 1.900 millóns acumulados de 2012 a 2018. E

agora preguntámoslle, señor conselleiro: ¿canto da débeda pública se corresponde con estas rebaixas fiscais, con estes ingresos que a Xunta decide non percibir? Para que o entenda todo o mundo, cando vostede lles perdoa aos ricos, cando lles fai as rebaixas fiscais, cando lles fai os regalos fiscais —esas dádivas fiscais aos que teñen máis de 10 millóns de euros no seu patrimonio— (*Murmurios.*) e di que baixa os impostos, estao cargando á débeda pública. É dicir, un endebedamento que imos ter que pagar todas e todos non agora senón nos próximos anos. Beneficia vostede a moi poucos no imposto do patrimonio para cargalo sobre moitos. ¿E está vostede orgulloso desta política económica, desta política fiscal? Esta política fiscal é inxusta, é unha política fiscal que carga sobre os ombros das clases populares os beneficios para os ricos. E isto para nós é absolutamente inaceptable.

Hai que preguntarse e hai que preguntarlle a vostede: ¿que recortes na sanidade e no ensino foron provocados por estes menores ingresos? Porque —e repetímolo— o que non se paga con impostos págase ou con recortes ou con máis débeda. A política fiscal que se vén aplicando nestes anos e que segue aquí de forma presente no orzamento do 2019 ten un profundo sesgo ideolóxico de carácter conservador. Porque reducir impostos sempre beneficia os máis ricos e recortar gasto público sempre prexudica os máis débiles. Esta é a opción: elixir fiscalidade e gasto público para a elite ou para as maiorías sociais. E a de vostedes é un claro exemplo dunha política fiscal para ricos, porque a medida fundamental é rebaixar o imposto do patrimonio, isto é, a tributación de persoas que teñen un patrimonio neto de máis de 700.000 euros.

O que non se paga con impostos págase con recortes ou con débeda, e por iso, como consecuencia desta política fiscal, a débeda pública non vai baixar senón que vai volver subir noutros 238 millóns de euros este ano. E explicamos por que. O ano que vén a Xunta vai emitir nova débeda por un importe de 1.768 millóns de euros para pagar 1.530 millóns de euros que vencen este ano. ¿Certo? Certo, ¿verdade? Ben, esta é a realidade, pedir novos préstamos para pagar os préstamos que vencen. Empregando os datos do orzamento, a función 91, a débeda pública, vai ter unha dotación de 1.675 millóns de euros, equivalentes ao 14,5 % do orzamento total. En 2018 destinárase o 11,4 %; polo tanto, a súa propaganda sobre a baixada da débeda pois é simplemente propaganda. Dende que gobernan, a función 91 multiplicou por 5 veces o seu peso no orzamento; isto é, agora destinamos 5 veces máis recursos ao servizo da débeda.

Hai un endebedamento que tamén reflicte o sobrecusto no que incorreu a Xunta por endebedarse con bancos en vez de acudir aos mecanismos estatais de financiamento que o Estado puxo á disposición das comunidades autónomas a partir de 2014, a un tipo de xuro máis baixo que no mercado. Para que o entenda todo o mundo tamén: unha familia, cando vai mercar unha casa, busca nos bancos a ver cal lle dá o tipo de hipoteca máis baixo; vostedes foron ao máis alto en vez de ir ao máis baixo. ¿Que familia faría iso? ¡Ningunha! ¿Por que vostedes o fixeron? Porque xogaban cos cartos doutros. Así de claro, vostedes puideron acudir ao mecanismo público de financiamento, ao FLA, para obter recursos a un xuro máis baixo que no mercado privado, que na banca privada. Pero non o fixeron. ¿Por que non o fixeron? Para dicir que non acudían aos mecanismos públicos de financiamento.

¿O FLA supuña a intervención das contas galegas? ¡Non, señor! E aquí demostrámolo, co BOE enriba da mesa. ¿Onde estaba que, se se cumprían os obxectivos de déficit, tivesen que

intervir as contas públicas? ¡En ningún sitio? Pero vostedes preferiron non ir. E ese sobre-
custo financeiro que provocou a súa actitude supuxo unha perda de ingresos, supuxo un so-
brecusto, neste sentido, de 549 millóns de euros, ¡549 millóns de euros! E agora véñense
gabando de que, claro, de que van aforrar porque acoden ao mecanismo público de finan-
ciamento. ¡Benvidos! ¡Benvidas! Xa En Marea lles dixo no 2016 que había que facelo naquel
momento. Teríanse aforrados 549 millóns de euros.

A crise, pero sobre todo a xestión neoliberal da crise, provocou un profundo desequilibrio
no reparto primario da renda, é dicir, de salarios e beneficios. Pero tamén un reparto se-
cundario, unha inxusta redistribución nese reparto secundario, o que se fai a través da ac-
tuación das administracións públicas, do sistema impositivo e do gasto público; unha inxusta
redistribución da riqueza que explica que desta vez o crecemento económico apenas se tras-
lade ao benestar, tal e como o demostra tamén que, despois de cinco anos de fase alcista, o
94 % da cidadanía galega considere que a situación económica é regular, mala ou moi mala.

As persoas, detrás dos números; e a opinión das persoas, detrás dos números. Vostedes agó-
chense nos números, e nós estamos empeñadas e empeñados en seguir falando das persoas.
Volvemos ao seu discurso. ¿Temos a mesma riqueza que antes da crise? Si, pero está peor dis-
tribuída. Temos o mesmo nivel de riqueza pero menos emprego, máis precariedade laboral e
peores salarios. Estas son as persoas, esta é a realidade que está detrás dos seus números: en
Galicia hai 120.000 empregos menos que antes da recesión, e 60.000 menos que en 2009,
cando empezaron a gobernar. Menos emprego e, ademais, de peor calidade, porque a metade
da clase traballadora xa é precaria. Hai 153.000 persoas desempregadas, 67.000 máis que antes
da recesión, e moitas delas son paradas de longa duración. Hai, ademais, 53.000 fogares con
todos os seus membros en paro e, dentro deles, 32.000 que non teñen ningún tipo de ingreso
laboral, nin salario nin pensión nin prestación por desemprego; ¡32.000 fogares que teñen
que facer máis que malabares para chegar á fin de mes! Xente que non chega á fin de mes,
xente que ten dificultades para satisfacer as súas necesidades básicas, xente que ten dificul-
tades para acender a calefacción agora que chega o inverno, xente que ten dificultades e á que
en moitos casos, sobre todo a xente máis nova, non lle queda máis remedio que coller a maleta
e marchar. E iso é o que vostedes ocultan nestes orzamentos.

Os salarios. Os salarios baixaron de media un 8 %. Ese é o tipo de emprego que se está creando
grazas ás súas políticas económicas e de emprego. Pero é que, ademais, os máis precarios
perderon neste tempo o 25 % do seu poder adquisitivo. É dicir, xente que traballaba antes da
crise e que volve traballar agora en traballos análogos está cobrando o 25 % menos. E estes
son datos oficiais. ¿Está vostede satisfeito con esta situación, coa precarización das condicións
materiais de vida da xente? ¿Estes son os orzamentos que a vostede lle gustan? ¿Este é o cre-
cemento san? ¡Será san para vostede, pero para a maioría social non o é! (*Aplausos.*)

Falemos claro. Arredor de 450.000 persoas asalariadas teñen ingresos por debaixo dos 900
euros, e 1 de cada 3 asalariados galegos está na pobreza laboral. Pobreza que tamén afecta
os autónomos, porque o 55 % declara ingresos por debaixo dos 500 euros ao mes. O 44 %
dos fogares galegos ingresan menos de 1.500 euros ao mes sumando os ingresos de todos os
seus membros. E en 2017 as familias gastaron, de media, 3.600 euros anuais menos que en
2008, unha caída do 25 % do gasto real. Hai —e son datos oficiais— 612.000 persoas en

risco de pobreza ou de exclusión social, que non foron mentadas polo señor conselleiro. Temos unha taxa AROPE do 23 %, o que implica que 1 de cada 4 persoas no noso país está nesta situación, que tampouco foron mentadas polo señor conselleiro. O 63 % das pensións están por debaixo do limiar da pobreza, algo que non foi mentado polo señor conselleiro; pensionistas pobres que, no caso das pensións de viuvez, chega ata o 81 % —por certo, cunha fenda de percepción da pensión entre mulleres e homes do 50 %—, para as que vostede tampouco tivo ningunha mención.

¿É isto do que está falando o señor conselleiro cando fala de crecemento san? ¿Este é o crecemento san que vostede desexaría para a súa propia familia? Non, ¿verdade? Pois nós non o queremos para ningunha familia de Galicia. É un modelo de crecemento, ademais, que deixa atrás unha parte moi importante da poboación, algo que non podemos cualificar de crecemento san. É un modelo, para nós, insán, excluínste, inxusto, insolidario, antisocial. Xa temos o mesmo PIB que antes da recesión pero moito peor distribuído, por iso temos unha sociedade máis inxusta, máis desigual, con máis pobreza, con menos dereitos laborais, con menos emprego, con máis paro, con salarios devualados e con maior precariedade laboral que antes de caer no pozo da dobre recesión. O proxecto de orzamentos que presenta a Xunta non serve para dar resposta a esta situación, e por iso os avaliamos como decepcionantes, como restritivos e, si, como mediocres, como antisociais, como continuístas e como neoliberais. E non valen nin para mellorar a calidade de vida da cidadanía nin para empezar a darlles a volta aos recortes nin para impulsar a actividade económica nin para recuperar o emprego.

É un proxecto de orzamentos que é restritivo e que vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, segundo as propias previsións da Xunta de Galicia —que non fai nada, por outra parte, para revertelo—; un orzamento que se incrementa menos do que medra o produto interior bruto nominal, e, polo tanto, reduce en termos reais os recursos destinados aos servizos públicos, ás prestacións, á protección social e á capitalización do país. En definitiva, un orzamento da desesperanza.

Fronte a este modelo neoliberal, nós propoñemos dende En Marea avanzar por unha vía diferente, por unha vía baseada nun modelo de crecemento inclusivo que non deixe a ninguén á marxe e, polo tanto, que sexa máis xusto e máis sólido; por uns orzamentos que aposten por unha mellora na actividade en sectores de maior valor engadido —en especial, cun peso importante nas ramas industriais—, que faga da produtividade do conxunto dos factores —a do traballo incluída, señor conselleiro— o instrumento da competitividade das empresas e do país, o que permitiría —na nosa opinión— recuperar o traballo estable e con dereitos como regra e non como excepción. ¿É que hai que dar grazas por ter un contrato indefinido e por non concatenar 11 contratos consecutivos para traballar durante un ano? Esa é a media que unha muller galega ten que estar firmando, a nivel de contratos, para traballar un ano consecutivo, segundo datos oficiais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, son datos oficiais; se non, suba aquí e rebátao. Con salarios decentes, si, con salarios decentes, non con salarios precarizados, sobre os que se poida soste o Estado do benestar grazas aos impostos e ás cotizacións. Fronte ao modelo de devaluación salarial como factor de competencia, a nosa proposta é o impulso da demanda interna, con máis e mellor emprego, con salarios decentes e mellores prestacións sociais, como factor de cre-

cemento, e da produtividade como vía sostible, a medio e longo prazo, da competitividade exterior do noso país.

O crecemento da actividade económica está na lóxica do discurso. Daquela, ¿cal é o papel da política? O papel da política e dos gobernantes — neste caso vostedes— ten que ser trasladar os incrementos desa riqueza do PIB á recuperación de dereitos da xente. Durante os últimos dez anos recortaron dereitos. ¡Devólvanos! ¡Devólvanos! Esta é a nosa proposta orzamentaria: devolver dereitos á xente.

Temos dereito a vivir mellor, a ter empregos estables, con salarios decentes, que sexan a norma e non a excepción. Temos dereito a recuperar os niveis de calidade dos servizos públicos. A ter unha mellor protección social para pensionistas, para persoas desempregadas ou dependentes. A reducir a pobreza e a desigualdade; a dispor dunha rede de protección pública que remate cos desafiuzamentos ou a pobreza enerxética. Temos dereito, en definitiva, a un país xusto.

Fronte a esa resignación aos recortes e ao axuste permanente, nós demandamos e comprometémonos cunha posición ambiciosa da Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o orzamento en 400 millóns de euros —e por esta liña vén a nosa emenda—, mellorando os ingresos coa finalidade de financiar unha política económica que impulse o crecemento; que o transforme en desenvolvemento económico pero tamén social, baseado nunha economía produtiva, non especulativa; que traslade a maior riqueza e o benestar á cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

A resultados do devandito, non podemos facer outra cousa, dende o Grupo Parlamentario de En Marea, que explicar que hai razóns máis que dabondo para rexeitar o proxecto de orzamentos xerais da comunidade autónoma de 2019 na súa totalidade, e solicitamos a súa devolución ao Goberno para que faga outros que —desta vez si— teñan en conta a xente.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villares.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

Suspendemos dous minutos, simplemente, a sesión e continuamos. Grazas.

(O señor presidente suspende a sesión por un espazo breve de tempo.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Reanudamos a sesión.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Bos días de novo.

Grazas, señor presidente, por esta interrupción momentánea.

De verdade que agradezo o ton das distintas intervencións dos portavoces dos grupos da oposición, con distinta incidencia, e teño que recoñecer que bastante ben estruturados. E retomando un pouco as palabras da señora Pontón, eu tamén quería utilizar o do día da marmota nos argumentos do Goberno.

Non miren nisto tanto o día da marmota como unha evolución e unha persistencia coas determinadas reformas que imos introducindo ano a ano nas liñas fundamentais. O que si é verdade é que os argumentos que fun oíndo no día de hoxe eran bastante previsibles, polo tanto, eu creo que ese Día da marmota, por parte da oposición, ten un corolario e unha forza bastante máis grande.

Por certo, sen facer ningún tipo de chascarrillos, paréceme que o último *spot* televisivo sobre o día da marmota non remataba tan mal. Entón, digamos que a veces determinados chascarrillos que se fan, con base en determinadas cuestións, non necesariamente teñen que concluír mal, señora Pontón. O que si é verdade é que algún tipo de argumentos do grupo que vostede representa son os mesmos, en esencia, que hai practicamente corenta anos. ¡Iso si que é manter xa non o día da marmota, senón a década e década e década da marmota! Pero bueno, é algo bastante normal.

En principio, tamén dicía vostede que nós estamos nunha Arcadia feliz. ¿Referíase á crise demográfica? ¡Benvidos ao club! Non hai tanto que desde determinados grupos a cuestión demográfica non era unha cuestión de primeiro nivel. ¡Benvidos! Nós así o estamos dicindo xa desde o ano 2009. Unha cousa é poñer os distintos medios e ter as actuacións con participación de todos, porque nisto ninguén ten a verdade, e poñer as condicións para que, cada vez máis, a xente queira vivir e ter fillos en Galicia e queira vir; non soamente hai que ter fillos, senón vir, o concepto de inmigración. Concepto ao que tamén se referiron moito vostedes ao cabo desta primeira intervención, e, se me dá tempo, tamén me gustaría explicar, unha vez máis, a miña opinión sobre este tema.

Tamén hai un tema moi recorrente, e non por moito dicilo temos que asumilo tal como o formulan, con distinta sensibilidade, cada un dos tres grupos, que é o tema do emprego.

Das miñas palabras, e tamén das intervencións doutros membros do Goberno, nunca poden deducir que nos autocompracemos nesa pretendida Arcadia feliz —tamén lle poñía nome vostede, señora Pontón—, cando temos que ter en conta que aínda hai moitas persoas que queren traballar e non teñen emprego, que aínda hai moitas persoas que queren mellorar o seu traballo e aínda non o teñen, ¡de ningún modo! Pero non se pode negar que nestes momentos, pouco a pouco —e xa non hai tan pouco tempo—, a tendencia é que existe un diferencial no concepto de emprego, non tanto na magnitude absoluta pero si na cualidade dese emprego: chámese emprego a tempo parcial ou a tempo completo, mellor comportamento nos dous últimos anos que no Estado; chámese indefinido ou non indefinido, mellor comportamento; chámese materia salarial, hai un incremento lixeiramente maior en Galicia que na media de España. Aínda así, de ningún modo podemos darnos por satisfeitos. Pero unha cousa é non darse por satisfeitos e outra notar que pouco a pouco, con carácter evolutivo, cada vez o estamos facendo mellor, como sociedade, sempre.

Como tamén outro tema que é un clásico: o tema da emigración.

Cando se analiza de novo o tema da emigración, vemos que Galicia —ano 2016–ano 2017—, en termos comparativos, é a comunidade que presenta taxas de emigración máis cativas ao sumar os dous efectos, que é como hai que mirar as cousas, sen ningún tipo de desmerecemento da xente que vén de terceiros países onda nós. Polo tanto, cando analizamos a compoñente global —xa é o terceiro ano que está en positivo, os tres anteriores estaba en negativo, e historicamente sempre estivo en positivo en materia de emigración—, ou cando confrontamos o tema da estrutura desas persoas que saen ou que veñen estar con nós, resulta que sempre estamos en taxas positivas.

Cando se fala de pobreza —e xa adianto que comentarei isto un pouco máis polo miúdo dentro dun momento—, algún grupo acaba de introducir aquí a taxa AROPE, e hai que ter un pouco de sangue frío para dicir o que se di aquí. Cando vemos a taxa AROPE, persoas en risco de pobreza ou exclusión, o resultado que temos a día de hoxe é mellor en Galicia que o que temos en España. E en canto á referencia que algún grupo facía, en termos máxicos, respecto do ano 2009 e 2008, resulta que daquela o índice era peor que o que temos a día de hoxe. Daquela o índice era maior que o que tiñan en España, hoxe en día témolo menor, e resulta que se trata de transmitir esta mensaxe de que todo vai mal, deste mundo cuasi dickensiano. Permítanme que non se compadece a realidade soamente por utilizar o que vostede utilizou, señor de En Marea, señor Villares, o tema da taxa AROPE. Digo eu: hai algo que non cadra. Porque se vostede mira a taxa AROPE e mira —respecto do ano máximo 2008–2009— o que é a Comunidade Autónoma de Galicia, resulta que daquela, que se facía todo tan ben, era un índice peor que o que temos a día de hoxe; daquela estabamos por riba de España e agora estamos por debaixo de España. E volvo repetir, en materia de pobreza, como en materia de débeda, nunca nos oirán a nós regoearnos. Porque, ¡xa ten narices!, falando de persoas en risco de exclusión social, como comprenderán vostedes, este Goberno ten a mesma sensibilidade cando menos, senón maior, que calquera de vostedes.

Outro clásico tamén é o tema da execución orzamentaria. Eu comprendo que tamén é difícil. Cando se fala —vamos por partes, non é un gracejo— do que é o proceso orzamentario, do que é a elaboración, do que é a discusión no Parlamento, do que son os créditos iniciais, do que son os créditos definitivos, do que é a execución como tal, varias veces temos discutido neste Parlamento. Calquera parámetro comparativo o que nos di é que a Comunidade Autónoma de Galicia é das que mellor executan o seu orzamento, tanto en referencia a cando medimos inicial como sobre o executado.

Pero vamos máis alá, vamos ao definitivo. Cando comparamos o definitivo, tampouco hai que saber demasiado para ver que a estrutura de financiamento non se perde. É dicir, hai fondos finalistas, capítulo IV e VII, que non se perden; hai fondos europeos que non se perden. O que hai é que tratar de facelo cada vez mellor, pero aí o concepto de anualidade non é tan limitativo.

Pero seguimos incidindo no mesmo tipo de cuestións, e iso é moi importante cando aquí se cuestionan, desde o punto de vista da execución, partidas tan importantes como as que poden ser, dentro da Consellería de Economía e Emprego, as que están ligadas ao emprego.

Xa se deu suficiente explicación. Xa se dixo que verdadeiramente non existe unha perda da capacidade de incidencia porque non se pode ligar o concepto de anualidade, nestes momentos, a esa estrutura de financiamento, pero seguen incidindo nos mesmos tipos de cuestións. Agora miraremos, dentro dun momento, cales son os resultados que se está obtendo, tanto en termos rexistrados como de afiliación, como de EPA, etc. É dicir, que non hai por onde tratar de contestar sobre este tema.

Outra cousa non fixen, pero no tema de I+D+i, señora Pontón, facía referencia pública ao que daquela tiña o gran goberno no ano 2009, ao que tivemos no ano 2017, ao que temos no ano 2018 e, sobre todo, ao que teremos no 2019. E séguense vendendo determinados mantras e determinadas cuestións que se compadecen en totalidade cos datos que din.

Volvo repetir, falaba de 47 ou 48 euros no ano 2009; falaba dos mesmos 47 euros no ano 2017; falaba de 65 no ano 2019, pero aínda seguimos cos mantras. Eu comprendo que debe ser bastante máis fácil negar este tipo de cuestións e non pararnos a pensar, ás veces, no que dicimos, pero tildar de innovicida, con este tipo de *gracejos*, a este goberno, permítanme que lles diga que non podo estar máis en desacordo.

En materia de innovación, o gran cambio que se produce, sobre todo desde o punto de vista de financiamento, é coa estrutura de fondos ligados aos fondos europeos, como ben coñece. Sabe que eses programas teñen un lanzamento que suele ir un pouquiño máis tardío ca o resto de fondos, por unha simple cuestión, porque eran cuestións relativamente novas no ámbito estatal, tamén no autonómico e no europeo, e este tipo de programas, que tamén son bastante innovadores na forma de lanzalos, na forma que teñen de ser xestionados, resulta que teñen un período de aclimatación ou de lanzamento lixeiramente superior ao que ten o resto de fondos. E aí é onde nos atopamos.

Polo tanto, a gran eiva que nestes momentos presenta en materia de innovación non é tanto no lanzamento destes fondos de carácter público dentro de cada programa, senón no acompañamento do sector privado, que necesitamos como auga de maio. Tamén é responsabilidade nosa tratar de incentivar non esta acomodación, pero si este acompañamento do sector privado. Pero todo indica que cada vez o estamos facendo mellor.

De novo, emprego e emigración. Ligar estes temas... Permítanme dicir que non podemos estar sempre falando deste tipo de cuestións cunhas mensaxes tan contraditorias. Eu non digo que todo o que facemos desde a Xunta o estamos facendo ben, pero do que estou segurísimo é de que esta mensaxe tan dickensiana que empregan non coincide.

Centrémonos un pouco na EPA, terceiro trimestre. Resulta que estamos falando de que temos unha cifra de ocupados de 1.096.459 persoas. Temos practicamente 80.000 persoas máis que cando marcamos a referencia do terceiro trimestre do Plan estratéxico, cando daquela predeterminabamos contar cunha cifra de entre 80.000 e 100.000 novas persoas. Dous anos antes de rematar, resulta que xa estamos no tramo baixo e aínda nos seguimos regodeando.

Se miramos, por exemplo, a compoñente mulleres-homes, homes-mulleres, hai un incremento do 1,8 % no que é a ocupación masculina e no 2,7 % na feminina. Terémonos que

alegrar, polo tanto, de como vai evolucionando isto, que é a primeira das políticas sociais de máis e mellor emprego. Ou cando falamos de que a tempo completo se incrementa un 2,5 % e a tempo parcial un 0,4 %, e seguimos incidindo nas características destas cuestións. Polo tanto, non podo estar de acordo.

Cando falamos —dato que foi introducido por un dos membros da oposición— de 53.000 fogares con todos os seus membros en paro, ¿por que non se di que son 8.700 fogares menos dos que tiñamos hai un ano? ¿Por que non se di que esas porcentaxes son das máis baixas que hai en España? ¿Por que nos regodeamos neste tipo de cuestións?

No nivel sectorial, unha evolución perfecta. E non digamos no que é a nivel provincial, en todos os sectores. Polo tanto, non podo coincidir con vostedes nesas mensaxes catastrofistas, porque a realidade máis obxectiva o que nos indica é que en materia de ocupación, en materia de emprego e, consecuentemente, en materia de paro os resultados que estamos logrando son uns resultados moi bos. De ningún modo nos sentimos satisfeitos porque —volvo repetilo— hai moito que facer, pero creo que imos na forma correcta. E tamén sempre utilizamos —outros predicán— o diálogo social.

Diálogo social que utilizamos en materia de emprego público, e houbo algún membro que aquí chegou a falar da temporalidade no sector público. Efectivamente, o que me estraña é que lancemos este tipo de cuestións e non sexamos un pouco máis pulcros e obxectivos, porque os resultados que presenta a Comunidade Autónoma de Galicia en materia de temporalidade e emprego público son os mellores de España. De novo, ocultando unha realidade. (*Aplausos.*)

Resulta que en toda a fase de crise houbo unha cousa que se chama taxa de reposición que esta comunidade autónoma, incluso para agora, 2018, e para o 2019 de maneira incrementada polos seus resultados, sempre executou ao máximo a nosa capacidade a partir da normativa básica estatal, e, sen embargo, cuestiónannos. Cuestiónase que, en materia de sanidade, a día de hoxe teñamos máis efectivos traballando que os que había no ano 2008, e seguimos regodeándonos. Cuestiónasenos que, en materia de xustiza, teñamos moita máis xente traballando; que en materia de Administración pública esteamos practicamente iguallados, lixeiramente por debaixo, e o mesmo en educación, como consecuencia dunha simple adecuación. Outra tamén das mensaxes que tratan de transmitir moitas veces é sempre a referencia do 2009, cando non nos enteiramos de que isto é outra cousa, isto empeza a ser outra cousa, e ¡bendita cousa!, que nos fai máis fortes incluso para posibles momentos de crise que poden chegar, e nos fai máis resilientes.

E outra cousa, desde o punto de vista do modelo económico, do modelo social e de cada unha das súas compoñentes. Imos ver, gasto social. Cando se critica aquí o gasto social, comparemos de novo o ano 2009, ano máxico, 1.600 millóns de euros que estaban pintados. Pero, aínda así, falemos dos 1.600 e do crédito que había. Xa levamos devoltos, aproximadamente, 1.100 millóns de euros este ano deses 2.200 en total, de 2008 e de 2009, mais o que sería para o ano que vén, practicamente case 1.200.

Pero sigamos polo razoamento que teñen vostedes. No razoamento que teñen vostedes, resulta que no ano 2009 había uns 105 millóns de euros —paréceme recordar— que eran fi-

nalistas do Estado. Non se nos achaque isto ao Goberno da Xunta, non recibir máis do Estado. ¡Nós encantadísimos de recibir máis do Estado! Non se nos achaque a nós os 150 millóns de euros menos que veñen vía FCI. E críticasenos o nivel de investimento. ¡Benvidos sexan! ¡Estamos dispostos!

A Administración central do Estado, polo tanto, cos seus distintos grupos, durante toda esta etapa, o que está clarísimo é que ten unha incidencia sobre o noso orzamento de gran magnitude, ata chegar aos 600 millóns de euros neste caso concreto, ano 2009. Como tamén se nos critican os 390 millóns de euros, que daquela había a posibilidade de financiarse mediante débeda. Débeda que para o ano que vén só o facemos en 69 millóns de euros.

Pero entón, ¿en que quedamos?, ¿a débeda é boa ou é mala? A débeda que non temos, e que non collemos, ¿como podemos...? ¿Non se dan conta de que isto empeza a ser outra cousa? Aínda así, o nivel de investimento que presenta a Comunidade Autónoma de Galicia é dos máis altos de España. Se non somos os primeiros, somos os segundos. A nosa estrutura de gasto social —como dicía—, o gasto en sanidade, o gasto en educación, o gasto en calquera política social, é inmensamente superior ao que tiñamos no ano 2008-2009 real. E encima, a nosa economía está medrando por riba do que é a Unión Europea, por riba do que é a media española, e estamos saíndo mellor da crise. *(Aplausos.)*

E xa que se utilizou aquí outro termo moi concreto, como é a inclusión, analizando con normalidade os datos obxectivos, o que nos están a dicir é que a nosa saída da crise está sendo mellor que o que está pasando en España, máis inclusiva. Estamos chegando a máis mulleres. ¿Que existe precariedade nunha parte? Aí é onde nós temos que incidir, e, dunha maneira ordenada, corrixir esa cuestión. Pero é innegable que estamos saíndo mellor. Ese é o gran logro como sociedade, non soamente como Goberno galego. Porque, como lles teño dito moitas veces, cando miramos as dúas cousas que resumen verdadeiramente que como sociedade suba, resulta que remataremos practicamente case o 91 % a ratio de PIB por habitante, cando partiamos de niveis ínfimos hai vinte ou vinte e cinco anos, e xa non digamos hai oito anos ou nove, cando tiñamos aproximadamente cinco ou seis puntos.

Pero o que nos está dicindo é que a nosa compoñente demográfica está restando por unha parte, parte do denominador, pero ao mesmo tempo somos quen de facelo mellor que o que o está facendo en xeral calquera outra comunidade autónoma. E sitúanos, xunto co País Vasco, como as únicas dúas que están gañando ese diferencial. E ao mesmo máis inclusivas, porque habendo moitísimos fogares e persoas que necesitan da nosa axuda, resulta que estamos nun índice AROPE inmensamente mellor que o que tiñamos na etapa de bonanza que vostedes pretenden. Polo tanto, non podo estar máis en desacordo.

Como non podo estar máis en desacordo cando se fala de débeda. É unha cuestión moi clara. Partindo dunha situación con toda a etapa da crise onde estabamos por riba da media, a situación —xa dende hai varios exercicios— é que estamos por debaixo. Ademais, é falsa a mensaxe que se está largando. Porque resulta que no ano 2009, cun volume de débeda que nós achegamos a 4.000 millóns de euros, había uns xuros que eran de 145 millóns de euros. E nestes momentos, co volume de débeda que temos, resulta que estamos en 160 millóns de euros. ¿En que quedamos? Cando temos un tipo de xuro que é do 1,4 e un pouquirrichiño

máis, resulta que está aproximadamente en 8 décimas por debaixo, e en 9 a do propio Tesouro do Estado, e como en calquera outra comunidade autónoma.

Iso o que nos está dicindo é que temos unha débeda mesetada, moi ben estruturada, onde no seu momento primou, efectivamente, porque hai algo ao que ás veces non lle podemos poñer números, nin debemos, como é gañar a capacidade de autogoberno que nunca debemos de perder. Iso foi o que se fixo con determinadas decisións, e, sobre todo, cando se modifican sobre a marcha cuestións como pode ser o FLA. E nós, facilidade financeira, nada máis que coa Comunidade de Canarias.

Polo tanto, deixémonos de cuestións... (*Aplausos.*)

Outra das cuestións da que si me gustaría falar é a capacidade fiscal. Eu máis que de capacidade fiscal, de incremento de capacidade fiscal, o que deduzo das súas palabras —pero xa falaremos pola tarde— é verdadeiramente case unha situación de sablazo fiscal. Porque as noticias que imos coñecendo, tanto do Goberno central como de distintos grupos e distintos anos, é sempre unha cuestión de esgotamento fiscal. Pero tamén para este que lles fala é verdadeiramente agotante —xa non digo doutro xeito— volver repetir o que significa que este foi o único goberno que subiu o imposto de patrimonio. O único que facemos é retomar o que xa tiñamos no ano 2013. É increíble, increíble, tratar desde esta tribuna de darlle explicacións a un goberno do PSOE, a un goberno do Bipartito, que en determinados momentos non é que baixara o imposto de patrimonio, é que desapareceu. É que unha baixada do 20 % inhabilita calquera tipo de razoamentos de futuro. Verdadeiramente é algo increíble que agora se nos fagan determinadas cuestións cando daquela eliminar o imposto de patrimonio era de acordo, cando daquela o Partido Socialista en Galicia e o BNG estiveron calados; tamén un terzo de Podemos e de En Marea, da parte máis nacionalista.

Pero cando facemos o nivel comparado, a esta Xunta o que se lle critica é o mesmo que... Paréceme recordar que o único goberno directo que ten nestes momentos a xente de Podemos é co PSOE en Castela-A Mancha, e resulta que levamos xa tres anos, imos xa polo cuarto, nos que a tarifa aplicada é menor que a que temos e a que nós pretendemos retomar. E de repente, este tipo de adxectivos que se utilizan. ¡Non teñen ningún sentido! Como tamén cando miramos en Asturias, que ten o tipo por debaixo do noso a día de hoxe, esperemos que non a partir daquela. E aquí vénsenos dicir e relacionar a cantidade de profesores que non teremos... ¡Xa está ben de manipular! (*Aplausos.*), porque, verdadeiramente, ¿cantos profesores non temos entón noutras partes?, ¿cantos médicos deixamos cando, se verdadeiramente se analiza —como dicía antes— a nosa ocupación, resulta que non hai tal, que temos plantillas verdadeiramente estables? O que por desgraza temos é cada vez menos nenos. Esa é a realidade que temos. Pero este goberno foi o primeiro que o puxo aquí. ¿Quere dicir que en política se vai mirar os resultados inmediatamente? Non. Como dicía tamén outras veces noutros anos, sen pasarme de listo: mestúrate comigo, poñámonos de acordo porque iso verdadeiramente, como sociedade, é un dos grandes cabalos de batalla que temos de futuro; participen dunha maneira activa no observatorio, desenvolvan os plans, gañemos en conciliación. Por certo, ninguén di aquí que en escolas infantís somos a comunidade autónoma que está nos tramos máis altos. Eu creo que non hai ninguén igual que nós. Eu comprendo que non lles guste falar de máis tal, pero hai que falar de conciliación tamén nisto e de

poñer todas esas cantidades. Polo tanto, creo que estamos bastante ben en todo este tipo de cuestións.

Señor Fernández Leiceaga, non podo estar de acordo con vostedes cando se di que os servizos básicos están medrando por debaixo do PIB nominal. Non xoguemos coas cifras, porque soamente se temos en conta a incidencia do capítulo I respecto de cada unha das cuestións nos servizos básicos, miraría que todos os capítulos que teñen que ver verdadeiramente coa prestación de servizos medran por riba do PIB nominal, e segue. Como tamén se segue dicindo que o 3,8 fronte ao 3,9 non é tal. Pero, ¡por favor!, se xa o ano pasado xa se explicou aquí ata a saciedade o que é o concepto de gasto primario. Eu comprendo que non haxa por que entender todo, pero non se regodeen no mesmo tipo de tonterías.

O gasto primario é moi claro, que é a verdadeira capacidade dentro do gasto non financeiro que ten calquera goberno. ¿E iso que é? É o gasto non financeiro menos os xuros da débeda. Se illamos os xuros da débeda, resulta que temos 10 millóns de euros máis este ano para poder gastar que os 64 millóns que tivemos en proporción o ano pasado. Por iso, os orzamentos do ano pasado en gasto primario eran expansivos, que é o que de verdade pode gastar calquera administración, e os deste ano expansivos son. ¿Será tan difícil de entender? Pois nada, seguimos erre que erre polo tipo de cuestión.

Polo tanto, xa lles digo: son políticas moi equilibradas as que pretendemos desenvolver con estes 9.850 millóns de euros. Creo que é moi importante a secuencia lóxica, aínda que sexa no día da marmota que predeterminabamos. Necesitamos o crecemento económico e social para ter mellores servizos para as persoas, sempre as persoas. E cando se analiza de verdade a estrutura do orzamento, e falouse moi pouco do orzamento durante esta primeira intervención por todos e cadaquén de vostedes, o que atopamos é un orzamento que reflicte moi ben, incluso no nivel orgánico, o que son estas prioridades e como goberno nos damos, e que están esperando como certezas os nosos cidadáns e as nosas empresas para poder ser executados.

E, por suposto, en materia de fiscalidade, non se equivoquen, hai moitas persoas —que aquí nos riamos— e familias, e no ano 2016 foron en sucesións máis de douscentos corenta mil. Hai máis de corenta e unha mil persoas que foron beneficiarias coa mobilización de terras e de negocios que supón no ámbito rural. Son máis as persoas que teñen no tema de ZPPs e no de vivenda habitual. Non desprecen as cuestións de carácter *quasi* de acupuntura, porque son de carácter acumulativo e incluso teñen unha compoñente social ao mesmo tempo que de dinamización económica.

E, sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Iniciamos a rolda do grupo parlamentario non emendante.

Ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Bos días, señorías.

Eu teño que recoñecer que a estas alturas do debate, e todos os anos cando interveño neste debate, teño unha sensación de ser un glosador. Como saben, os glosadores eran os que anotaban á marxe sobre textos moi longos e moi profundos pequenas anotacións que contribúen a enriquecelos — neste caso, o Código de xustiza de Justiniano —, pero que certamente aportaban pouco ao conxunto do debate.

Pese a que o debate é certamente moi importante, estamos a falar realmente como concretamos neste ano as arelas de Galicia por incrementar o benestar, por facer unha sociedade máis xusta, unha sociedade máis próspera e, en todo caso, para ver se hoxe votamos que siga a tramitación dos orzamentos de Galicia ou non.

E teño que dicir que lin esas emendas á totalidade con devolución, así como escoitei as intervencións dos portavoces da oposición esta mañá, e eu creo que o conselleiro vén acompañado á Cámara non só coa tranquilidade que lle dá saber que conta co respaldo da maioría, senón tamén cun discurso coherente, avaliado polos feitos, avaliado polos resultados e tamén avaliado polas autoridades independentes e os organismos técnicos de toda caste, e que teñen analizado as contas públicas autonómicas, e particularmente o seu efecto sobre o crecemento e sobre a igualdade en Galicia.

Polo tanto, como primeiro comentario, primeira glosa, eu quero salientar que en canto ás formas estamos presentando os orzamentos en prazo, que están axustados á lei, están baseados en previsións prudentes, e di concretamente a Airef que Galicia cumpre satisfactoriamente coas recomendacións e suxestións de boas prácticas realizadas en anteriores informes. E este aval, evidentemente, é un aval para votar favorablemente a admisión a trámite destas contas, e moito máis convincente que as apelacións ao patriotismo que se fan noutros casos, cando se trata de pasar polo Parlamento os orzamentos, neste caso do Estado.

Como segunda glosa, eu quero dicir, que fronte ao catastrofismo de antes, e os que levamos aquí xa tempo cos debates orzamentarios lembramos o que dicían de que os orzamentos de Galicia ían afundir, que era imposible que fósamos crecer ou que estamos a crecer, que ¿como iamos superar Alemaña nun prazo curto de tempo?, e mesmo fronte ao catastrofismo de hoxe, o certo é que Galicia está crescendo dúas décimas máis que a media de España, catro décimas máis que a media da OCDE e seis décimas máis que a media da Unión Europea.

Deste xeito, o Parlamento ten hoxe uns orzamentos que apuran o teito de gasto, o máximo, que chegan a un gasto total de 9.850 millóns de euros de gasto non financeiro, cun crecemento do 3,8. Estas cifras reflicten que nos estamos a recuperar, como o demostra tamén o dato obxectivo de que Galicia acaba de acadar o seu máximo PIB per cápita como media do conxunto do Estado español.

Pero é que estes días se fixeron públicos varios informes adicionais con relación ao crecemento en 2018-2019. O do BBVA Research di que España vai medrar no 2018 o 2,6, e Galicia o 2,8. Para o ano que vén prevé España, 2,4; Galicia, 2,6. E Funcas o pasado 12 de novembro, no 2018: España, 2,6; Galicia, 3,1; e no 2019: España, 2,2; Galicia, 2,4. E explicitamente di Funcas que será Galicia xunto a Cantabria e tras o País Vasco e Navarra —as dúas comunidades de réxime foral— a que máis creza do conxunto de España.

Como consecuencia, estamos tamén a mellorar o principal problema que ten a sociedade galega, que non é outro que o do paro. Xa fixo algunha alusión o conselleiro á evolución das últimas cifras coñecidas. Van cinco anos consecutivos de baixadas de paro, e no último interanual coñecido en Galicia descende un 8,69, fronte ao 6,12 España; é dicir, que cae máis. É certo que a afiliación á Seguridade Social que correspondentemente sobe nos dous ámbitos, sobe máis en España que en Galicia —en Galicia está a subir o 2,35 e en España sobe máis—, como consecuencia, efectivamente, do devalo demográfico, que precisamente é algo que dificulta o crecemento económico e que contribúe a iso. A contratación indefinida, por certo, no último acto coñecido increméntase un 26 %, mentres que España o fai no 19 %.

O certo é que, ademais, no texto escrito das emendas a propia oposición reconece que as cousas están mellor. Por exemplo, o Bloque fala dun contexto económico máis favorable, a Marea fala de que o PIB de Galicia está en máximos históricos e o Partido Socialista di que Galicia nos últimos anos está expandindo o seu produto, que a produtividade do traballo está recuperando o seu atraso e que o comercio exterior evoluciona satisfactoriamente.

Sen embargo, pese a iso —e resúmoo coa emenda escrita que presenta o Grupo Socialista—, neste bo contexto pouco ten que ver a Xunta con este positivo comportamento empresarial. É unha conclusión interesante que hoxe volvemos escoitar: quen predixo que os orzamentos nos ían afundir, quen reconece que agora as cousas están mellor e que a economía está a funcionar relativamente ben, pois o que di é que todo o bo que pasa en Galicia é culpa e grazas á sociedade, e todo o malo que pasa en Galicia é culpa do Goberno, así como que o pouco bo que hai, se non é da sociedade, é dos ventos de cola, que Galicia medra porque medra todo o mundo. Evidentemente, isto non explica por que Galicia medra máis, non explica por que Asturias medra menos; non sabemos, non coñecemos que puxeran un cortaventos no río Eo, podería ser. Pero o caso é que simplemente por esta contradición eu creo que bastaría para rexeitar as emendas de devolución do orzamento.

Como terceiro comentario ou glosa, gustaríame defender que pasen a trámite estes orzamentos polo que reflicten a través da súa estrutura. Primeiro, os ingresos crecen en 363 millóns de euros. Iso quere dicir que nos últimos anos, desde o ano 2014, creceron en 1.452 millóns de euros. Polo tanto, o gasto tamén crece. No gasto, o 72 % dos orzamentos son as tres consellerías eminentemente sociais: Sanidade, Educación e Política Social. Se lle engadimos ademais a política social que se fai desde outras moitas, como, por exemplo, desde Industria ou desde Cultura, etc., que aí tamén hai apoio de tipo social, estaríamos cerca do 80 % do total do gasto. Pero, ademais dese peso do gasto social, o feito é que estes orzamentos este ano o que nos traen é un aforro bruto de 918 millóns de euros. É dicir, máis da metade do investimento este ano finánciase con aforro bruto. Estamos a falar da Comunidade Autónoma que nos últimos anos cos seus propios recursos investiu máis no seu territorio, e cun incremento con relación ao ano pasado de 5,2.

E, ademais, cun endebedamento testemuñal. É dicir, cumprimos o obxectivo do déficit, cumprimos a regra de gasto, que son os mecanismos que garanten a sostibilidade deste gasto para vindeiros anos. E todo isto sen necesidade de introducir, máis alá que o aval das organizacións ás que acabo de facer referencia, ningún concepto de contabilidade patrimonial externo que dea a impresión de que a Xunta consumiu uns cartos que non recibiu, de acordo

como estaba a situación no ano 2008-2009, no que sabemos positivamente que a Xunta tivo moitos máis recursos, incluso moitos máis dos que lle corresponderían como o demostran as liquidacións negativas.

Señorías, neste punto hai que recordar que Galicia non é a España que goberna actualmente o Partido Socialista, a España que lle presenta unhas contas á Unión Europea que, concretamente, en relación co documento que o Goberno de España e Podemos asinan conxuntamente e remiten á Unión Europea, a propia Unión Europea considera que debe haber un incumprimento dos ingresos, que vai haber un impacto fiscal negativo nas contas como consecuencia da suba do salario mínimo —as cifras que propón ese documento—, ou que iso vai conlevar unha deterioración do déficit estrutural —e subliño estrutural— ou unha inexecución do gasto. O que, basicamente, xa o dixo tamén a Airef. A Airef dixo que *«Estima una menor recaudación por el impuesto sobre determinados servicios digitales al incorporar un pacto menor en la recaudación de las medidas contra el fraude fiscal, y las estimaciones sobre el impuesto de transacciones financieras también presentan una elevada incertidumbre. É dicir, algo moi semellante ao que nos atopamos nós precisamente no ano 2009 nos orzamentos: máis impostos, pero cunha recadación moi por baixo da que se estimaba ou se prevía nos orzamentos. Algo que, evidentemente, engade incerteza non só aos ingresos, senón tamén, polo tanto, ao gasto, que se tería que axustar a esa caída dos ingresos sobre o previsto, e que se engade a outras incertezas que o Goberno está a introducir, sexa no ámbito enerxético ou sexa no ámbito industrial, ou en tantas outras cuestións.*

En Galicia os orzamentos son cribles. En concreto, o ingreso está dando execucións de máis do cen por cento, é dicir, que melloran o orzado inicialmente. Por certo, nos ingresos deste ano non escoitamos a típica crítica de que crecían máis os indirectos que os directos, que teñen unha compoñente redistributiva, porque, de acordo coa información facilitada, os ingresos directos crecen un 6,9 e os indirectos caen un - 0,2. Polo tanto, mesmo a composición da imposición directa ou indirecta é máis redistributiva, aínda que se suprime ou —digamos— se fai unha reversión da suba que acordou esta cámara por un pacto entre o Grupo Socialista e o Partido Popular en relación co imposto sobre o patrimonio.

Sobre o imposto do patrimonio, eu vou ler algo que se dixo no ano 2008 no Congreso dos Deputados: *«La supresión del impuesto sobre el patrimonio es el cumplimiento de una promesa electoral. Es verdad que a algunos grupos parlamentarios no les gusta, y es verdad que defienden desde su posición que esto es favorecer a los ricos. En España había que suprimirlo. No vivimos en una burbuja, somos parte del mundo, para lo bueno y para lo malo. Es verdad que hay muchas desigualdades y que aún hay fronteras, pero no para el capital; el capital viaja a velocidad de Internet, recuérdenlo. Ya no hay impuesto sobre el patrimonio en Europa, y no podía haberlo en España. Es un impuesto que ya no sirve; por tanto, no lo necesitamos»*. Isto foi o que dixo o portavoz socialista no Congreso dos Deputados para xustificar a supresión do imposto sobre o patrimonio. E digo eu que entre ter o imposto do patrimonio cunha suba do 20 % na peor época da crise e impoñer sobre o capital para poder cubrir o gasto social que a caída dos ingresos ordinarios xeraba na Xunta de Galicia, entre iso, entre subilo ou facelo desaparecer hai un termo medio. Isto é xusto o que recupera a Xunta, recuperando a imposición sobre o patrimonio que o propio Goberno socialista aprobou cando o tivo que recuperar precisamente por mor da crise.

Finalmente, os orzamentos teñen moi pouco endebedamento, practicamente testemuñal. Galicia empezou no ano 2008 estando lixeiramente por riba da media do endebedamento de España, das comunidades autónomas; hoxe está 6,7 puntos por baixo. É certo que pasou do seis e pico por cento do PIB ao 17 % do PIB. Pero o certo é que hoxe os galegos deben per cápita 4.200 euros de débeda autonómica, e a media dos españois debe 6.346. Tamén é certo que foi a terceira Comunidade Autónoma que menos incrementou o seu endebedamento desde o ano 2014.

Cando agora escoitamos dicir que estamos moi endebedados —e a señora Pontón dinos que parece que nos teñen que dar as grazas porque non nos endebedamos— creo que polo menos nos debería dar as grazas porque non aceptamos as emendas que nos presentaban AGE, hoxe as Mareas, que serían un endebedamento de mil millóns máis, concretamente, 1.010 millóns, ou que non fomos coa media do Estado, porque nese caso serían 3.800 millóns máis de endebedamento.

É certo tamén que algo melloramos porque hoxe só pide endebedamento o Partido Socialista. Hoxe o Partido Socialista pídenos un incremento de 130 millóns de euros de endebedamento, en liña co que propón o presidente do Goberno. E fíxense vostedes nun detalle interesante: nos dous exercicios anteriores a este, o Partido Socialista emendaba para pedir 60 millóns máis de endebedamento, e este ano pide 130 millóns máis de endebedamento. ¿Cal é a diferenza? A diferenza é que o ano pasado e o anterior completaban as cifras pedindo un incremento do financiamento autonómico de 40 e 60 millóns de euros. Este ano non piden un incremento do financiamento autonómico, o que piden é un incremento do endebedamento da Comunidade Autónoma. (*Murmurios.*) Supoño que isto ten algo que ver con que cambiara o Goberno de Madrid, (*Aplausos.*) pero, evidentemente, tampouco é en si mesmo un feito positivo que nos pidan que Galicia se endebede máis.

En Marea, pola súa parte, mantén os 200 millóns que pide extras do financiamento autonómico. Ben, eu supoño que isto estará na axenda galega en Madrid. Porque onde hai que pedir que haxa máis financiamento autonómico non é neste parlamento, que non é quen decide o financiamento autonómico, senón que é naquel no que vostedes propiciaron que governe outra persoa, que é quen ten que tomar a decisión ao respecto.

Cuarta glosa —e vou concluíndo—. Din que van rexeitar estes orzamentos porque consolidan os recortes e porque non chega aos fogares. Fíxense con relación aos recortes este paradoxo: o Bloque incrementa a contía global dos orzamentos nuns 191 millóns de euros, o PSdG en 293 millóns de euros e o propio Grupo de En Marea en 400 millóns de euros. Hoxe o señor Villares dixo que gastamos só en sanidade 500 millóns menos dos que cumpriría con relación ao ano 2009. Están falando de que hai 2.000 millóns menos de euros no orzamento deste ano, pero propoñen 191, 293 e 400 millóns de euros. Se facemos unha porcentaxe sobre 2.000 millóns, o que quere dicir é que está consolidado o 95 % dos recortes para o Bloque; para o PSOE un pouco máis, un 15 %; e no propio Grupo de En Marea, que pide 400 sobre 2.000, estamos a falar do 20 % que non está consolidado; o 80 % dos recortes, de acordo con estas emendas, dano vostedes por consolidado. É dicir, nin sequera subindo os impostos como fan eles nas súas emendas nunca chegaríamos aos 2.000 millóns que din que hai de diferenza cos orzamentos dos anos 2008 e 2009. Iso é o que hai. Polo tanto, aquí hai unha contradición

e un paradoxo, porque eu supoño que vostedes non están a favor dos recortes —como non o estamos nós—, senón que están a favor de ter cartos para facer o que vai nos orzamentos. E nin sequera pintando cartos chegan as cifras que vostedes nos recriminan que recortamos nós nos orzamentos.

E o segundo tema é que hai un crecemento que non chega aos fogares. Ben, Galicia está entre as catro comunidades nas que máis subiron os salarios no 2017, un 4,6 %; o número de fogares galegos con dificultades a fin de mes descendeu máis dun dez por cento no último ano, despois de ter descendido un 29 % no anterior —isto si é falar de persoas—. O informe AROPE di que a taxa de risco de pobreza en Galicia se reduciu un 2,8 no ano 2017; é dicir, máis de setenta e oito mil galegos —máis de setenta e oito mil persoas— saíron desa situación neste ano. Outra vez —datos do INE— Galicia reduce...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...un 40 % o número de persoas que se atopan nunha situación de carencia de material severa, é dicir, pasa do 4,1 a 2,4; son persoas que deixaron de estar nesta situación. E o índice de Gini en Galicia dinos que temos moita menos desigualdade que na media europea e na media española.

En definitiva, as contas veñen avaliadas con resultados, e os resultados son os que avalían os orzamentos.

E con isto conclúo. A pregunta despois destas glosas que fixen —sería a última— é: ¿aprendemos algo da crise? Eu estou convencido de que o Goberno da Xunta e o grupo maioritario si.

Vendo os seus argumentos e vendo o que vostedes presentan, o que se ve é que hai nostalxia dos orzamentos dos anos 2008 e 2009, que foron os que provocaron, entre outras cousas, que a crise fose máis grave, ou mesmo que hai nostalxia da forma de orzar en Madrid. Nós non a temos e por iso rexeitaremos as emendas á totalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde.

Eu, se me permite, señor Martínez, vou empezar por dicirle unha cousa con absoluta claridade: estamos moi fartas do paternalismo co que vén vostede afrontar este debate dos orzamentos. (*Aplausos.*) (*O señor Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, porque vostede confunde que non lle deamos a razón con que non entendamos. E non podemos darlle a razón, señor Martínez, porque creo que hai que estar en Babia ou hai que ser

un —diría— sádico político para vir aquí dicirnos que estamos mellor da crise despois de todo o que tiveron que soportar e seguen soportando centos de persoas neste país. Paréceme unha falta de respecto por toda a xente que quedou tirada durante esta crise. Paréceme unha falta de respecto por todas as persoas que non chegan a mediados de mes. Unha falta de respecto porque se perderon cinco mil postos de traballo na banca despois de que vostedes lle destinaran 9.000 millóns de euros que sacaron da sanidade e da educación. (*Aplausos.*) Paréceme que realmente, señor Martínez, é ter moi pouca sensibilidade vir cun discurso triunfalista, cando a que está caendo aí fóra é gravísima. Si, si, está caendo aí fóra unha gravísima para moitísimas persoas.

E, claro, como non ten razón, ten que subir aquí —subido nese paternalismo— e non foi capaz con cifras de desmontar nin un só dos argumentos, ¡nin un só dos argumentos! Veu aquí dicirnos que vostede é o máis listo da clase e que os demais case non sabemos ler, sumar, restar e dividir. Pois esa non é a realidade.

E mire: moléstalles que falemos da situación demográfica e dun fracaso. ¿Como non imos falar dun fracaso? Temos que falar dun fracaso porque a tendencia cambiou desde que chegaron vostedes á Xunta de Galiza. E hoxe temos unha Galiza que perde poboación nun estado que a gaña. E hoxe ten Galiza unha caída da taxa bruta de natalidade do 13,8 % desde que vostedes gobernan. E todo isto despois de dicirnos que con esas políticas rancias e natalistas —que son as que practican desde a Xunta de Galiza— a situación ía mellorar. Pero é que a situación non mellorou desde un punto de vista demográfico.

E claro que hai un problema moi grave no emprego, que hai un problema que debería de ser a vostede ao primeiro que lle preocupara. Porque, claro, veñen aquí dicirnos que non pasa nada porque emigraran duascenas setenta mil persoas. Case só lle faltou dicir que era unha boa noticia. Se non tiveran marchado esas duascenas setenta mil persoas, ¿cal sería hoxe a situación deste país? Desde o punto de vista demográfico, en vez de estar en regresión, estaríamos medrando. E desde o punto de vista do pulso á natalidade, ¿non lle preocupa que estea marchando a xente nova e que o que veña sexan persoas moito máis maiores? Moita xente que se xubila, que a min me parece xenial que a xente cando se xubila poida volver, pero é que me preocupa que a xente nova en idade de traballar sexa a que está marchando, aportando ao desenvolvemento doutros territorios e supoñendo unha perda, en termos económicos, en termos sociais e tamén en termos humanos, moi importante para este país.

Claro, para vostede a precariedade non é un problema. Non hai precariedade; díxonos algo así como que estamos moi ben. Sen embargo, hai un problema moi grave de precariedade entre a xente nova en Galiza, que ten uns salarios moi baixos. Seguramente esa é unha das causas polas que teñen que emigrar. Hai un problema de precariedade tamén nas mulleres. E vostede non falou, pero é importante que falemos, de que está medrando de novo a fenda salarial. ¡Está medrando a fenda salarial neste país! É dicir, cada vez hai máis mulleres que cobran menos que os homes por facer o mesmo traballo. E ao seu Goberno non lle preocupa, ¡pasando de todo! Total: non pasa nada. Esa é a conclusión do seu discurso.

E mire: que hai un problema grave coa recuperación do emprego non é que llo diga o BNG, que tamén, é que llo están dicindo outras institucións. Abanca —supoño que non os acusará

de querer demoler o Goberno do Partido Popular—, no seu último informe sobre a situación económica, alerta de que Galiza está á cola na recuperación de emprego de todo o Estado. E dille: «O diferencial acumulado con respecto á evolución do conxunto de España é cada vez maior. Desde o 2013 a ocupación en España medrou case o dobre que en Galiza. Un mal resultado maquillado por unha taxa de paro galega que é inferior á nacional, pero é que antes da crise era moito máis inferior que a que hai neste momento». É dicir, que imos perdendo terreo. Iso é o que nos están dicindo os informes.

E hai tamén, evidentemente, unha situación na que vostedes teñen unha responsabilidade. E vén aquí dicirnos que é normal que non executen os orzamentos e que a vostede non lle preocupa que ano tras ano os fondos de emprego, os fondos de innovación, os fondos de pesca, a Consellería de Medio Rural teñan unha execución máis baixa. Porque o que están é incidindo negativamente na evolución económica, porque son recursos que deixan de investirse, son empregos que deixan de crearse. E, polo tanto, o Goberno, na parte na que ten responsabilidade, non está activando todo o seu potencial, senón que a súa parálise, a súa falta de iniciativa e a súa falta de proxecto de país está facendo que a crise en Galiza sexa máis profunda. E, desde logo, non estamos mellor que hai dez anos, nin saímos ben parados desta crise económica. Todo o contrario, Galiza sae peor parada, coa xente con menos poder adquisitivo, manténdose un diferencial co Estado nas pensións, que seguen sendo as segundas máis baixas, e mentres ve a xente como cada día o custo da vida é moito maior. Pero a vostede todo isto non lle preocupa, ¿non? Supoño que desde San Caetano é moito máis cómoda a vida que para a maioría das persoas deste país.

Vin que lles molestou moito que faláramos de «goberno innovicida», pero —insisto— é que o seu é un goberno innovicida. E non porque o digamos nós, é que o din os datos. Ano 2008, en Galiza investíase o 1 % do produto interior bruto en innovación; o resultado das súas políticas é que estamos á cola, no 0,89 %. E mesmo se analizamos os datos entre o 2016 e 2017 —que son os últimos que temos completos— é que o que vemos é que descendemos, a pesar de que, en teoría, había máis investimento e a pesar de que en teoría estábamos nun ciclo económico positivo. Polo tanto, vostedes estannos poñendo á cola na innovación, destruindo empresas, cada vez hai tamén menos solicitudes de patentes, é dicir, que hai un problema clave nun dos sectores que ten que ser un dos elementos sobre os que sustentar un novo modelo económico. E fronte a esta realidade vostede enfádase porque llo dicimos. Pero o que ten que facer é recoñecer o problema que hai e cambiar unha estratexia, que, desde logo, non nos está situando nos primeiros postos.

Estamos moi lonxe da media europea. Claro, aquí dise que estamos mellor que Alemaña. En fin, Alemaña inviste o 2 % en innovación, Cataluña inviste o 1,9 %, Euskadi tamén se está situando máis cerca da cifra do 2 % e Galiza perdendo posicións. Pero para que non se nos enfade o señor Martínez resulta que tiñamos que vir aquí dicirlle que todo está ben e poñerlle unha alfombra vermella. Pero é que a realidade impide que poidamos darlle a razón. E vostedes o que terán que asumir é que non son capaces de colocarnos nun dos elementos centrais para poder cambiar o modelo económico nunha posición de saída vantaxosa. E o Goberno ten responsabilidades, porque hai outros que están facendo ben as cousas. En Euskadi e en Cataluña ten vostede referencias de como se podería cambiar ese modelo. Porque cada vez que imos a un centro de investigación público o que nos piden é que se poñan en

marcha aquí medidas para poder reter talento e poñer ese talento ao servizo do desenvolvemento económico do noso país.

E outro tanto poderíamos dicir en relación coa débeda. Claro, é que triplican a débeda, e veñen dicirnos que a baixan. É que é imposible poder ter un debate con vostedes destas características. A quen lles parecía mal a débeda era a vostedes. Vostedes eran os que lles dicían aos cidadáns que non se podía gastar máis do que ten. Quen nos dicía que ese non era un recurso positivo eran vostedes. Pero o grave é que nós non sabemos a que se destinou a débeda deste país.

Porque poden dar todas as reviravoltas que vostedes queiran, pero o certo é que sabe vostede —igual que o sei eu—, porque está nos orzamentos da Xunta de Galiza, que hoxe temos menos recursos no sistema sanitario en atención primaria. E non nos explicou por que lle recortan case douscentos millóns de euros en «Persoal médico en atención primaria». Con toda a situación tan grave que se está producindo de deterioración, en que hai persoas —e iso debería de sabelo— que para poder acudir ao seu médico de cabeceira tardan unha semana; unha semana para poder ir ao seu médico de atención primaria! Polo tanto, nós preguntámoslle por que recortan en atención primaria. Non nos dixo absolutamente nada.

E outro tanto estamos vendo coas universidades, que teñen un plan de financiamento que se deseñou no medio da crise e que sabemos que é insuficiente, porque temos as universidades con menos financiamento que a media do Estado e moi lonxe da media europea. E ter unha boa capacitación desde un punto de vista do coñecemento e tamén para a innovación é básico, e a universidade tiña que ser un motor neste ámbito. E vostedes seguen cun plan pactado durante a crise, que afoga economicamente as universidades, que non permite reter talento e que non permite, en definitiva, poder salvagardar un dos elementos claves do Estado do benestar.

E xa para rematar, porque se me acaba o tempo, dicíanos vostede que o día da marmota que non acababa tan mal, que tampouco nos tiñamos que preocupar, que tiña un final feliz. Pero o final feliz, señor conselleiro, viña porque o protagonista recoñecía que se estaba equivocando e cambiaba a súa estratexia. O grave é que vostedes veñen aquí coas mesmas receitas fracasadas de sempre, non son capaces de recoñecer os profundos problemas que existen neste momento. E, polo tanto, ao que nos condenan é a seguir repetindo día tras día unha película que non ten ese final feliz do que vostedes nos falan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bo día de novo.

Señora Pontón, o día da marmota non é só porque cambie a actitude do protagonista, é porque decide ser solidario en vez de insolidario; decide que fronte ao que estivera facendo du-

rante todo ese tempo, que era lucrarse, (*Aplausos.*) ía compartir os froitos da sorte do azar con todos os demais, con aqueles que o necesiten. Ben, pois aplíquese vostede o conto, señor conselleiro, acepte as emendas dun grupo da oposición e poderá seguramente superar o día da marmota, se tanto lle preocupa.

A verdade é que non me convenceron os seus argumentos, e téñollo que dicir. A vostede mólestalle que nós falemos da cuestión demográfica. ¡Benvidos á cuestión demográfica! Xa estabamos no ano 2009. Efectivamente. É que ese é o problema: que nos levan dicindo desde o ano 2009 que están moi preocupados pola situación demográfica, pero esta cada vez vai a peor. Nós non é que non esteamos na cuestión demográfica, é que queremos que modifiquen as políticas que atenden este feito. ¿Onde vai actuar vostede para que o que ocorreu ata agora non siga pasando? Iso é o que ten que dicirnos. Para iso vale un orzamento; é un instrumento de actuación na realidade. Pois díganos vostede como pensa modificar o comportamento. ¿Cando imos empezar? Dínos: é que as políticas demográficas teñen moita inercia. Teñen moita inercia, pero levan vostedes gobernando dez anos. ¡Non poderán esperar que creamos nós que van seguir gobernando corenta! E, por tanto, ¿cando van empezar a ter efectos as súas políticas demográficas? Iso é o que ten que contarnos.

Sabe vostede que eu falei da inmigración nun sentido preciso. Eu o que digo é que na inmigración co resto de España estamos tendo un saldo negativo. E isto é importante porque o resto de España ten unhas condicións parecidas ás nosas. E, por tanto, a mobilidade que fan os mozos, que son os que se moven basicamente co resto de España, é indicativo da capacidade de atracción ou de expulsión que ten cada unha das comunidades autónomas, e nós aí estamos perdendo. E non pode taparse isto co feito de que están regresando persoas de orixe galega ou non, en fin, que os seus pais ou os seus avós o eran, que veñen da América Latina ou doutros puntos do mundo, e que volven a Galicia, porque iso é facernos trampas todos. E iso non é propio de vostede, que xa sei que non quere facernos trampas a ninguén.

Na Secretaría Xeral de Igualdade —que falamos disto e non contestou demasiado—, o problema non é que suban xe millóns, que se expandan os fondos para a igualdade. ¡Claro que se expanden!, pero é basicamente porque hai unha inxección procedente do Pacto de Estado da violencia de xénero, e que isto recollido nos orzamentos da Xunta permite maquillar as cifras. Pero o que é importante é canto pon adicionalmente a Xunta de Galicia. Se a Xunta de Galicia puxera aproximadamente o que vén de fóra adicionalmente, teríamos duplicados os fondos da Secretaría Xeral de Igualdade. (*Aplausos.*) E non estaría mal. Pero iso é o importante.

Igual que en emprego. Aquí, os fondos finalistas para as políticas de emprego, fundamentalmente políticas activas e de formación, medran en 25 millóns de euros este ano, pero o conxunto dos programas de emprego incrementan as súas partidas en 17 millóns. O que quere dicir que a aportación propia da Xunta baixa en 8 millóns de euros. ¡E vén vostede aquí presumir de políticas de emprego! É dicir, vén presumir das políticas do Goberno de Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Iso é o que está pasando.

Os programas que aumentan —e nos que coincidimos— son o resultado da achega adicional de fondos da Administración xeral do Estado, como consecuencia do cambio político que

houbo en maio, e das institucións europeas. Porque isto é o que permite que algúns gastos de capital medren e algunhas políticas se reforcen, como a política de vivenda. O incremento nas transferencias correntes e de capital finalistas —sábeo vostede perfectamente— é de 171 millóns de euros. É dicir, aproximadamente a metade da marxe orzamentaria adicional que ten a Xunta procede de aquí. E logo vén vostede presumir de autonomía, cando o que está ocorrendo é que aproximadamente a metade son fondos finalistas que veñen xa condicionando os resultados.

Pero hai tamén outro aspecto que tamén citou antes o portavoz do Partido Popular, en relación co incremento de fondos que nós destinamos a algunhas partidas, de onde os sacamos. Nós defendemos un goberno humilde, un goberno republicano no sentido de Petit; é dicir, un goberno que se preocupa fundamentalmente das necesidades dos cidadáns. E consideramos que isto non está levado á práctica suficientemente.

Primeiro, hai unha ausencia de transparencia. Se alguén quere saber cal é o volume de persoal eventual da Xunta de Galicia vai ao documento de orzamentos e é imposible. Non hai unha casilla; hai unha casilla que pon «Persoal eventual», pero é unha casilla que está en branco de maneira sistemática, para que non o saibamos. Primeiro problema: falta transparencia; moi importante.

Pero, segundo problema, cando imos a cada unha das seccións, e vemos o que pasa en cada unha das seccións, vemos que en moitas delas o persoal eventual significa un volume de gasto que é superior ao do persoal directivo das consellerías, e a nós iso parécenos excesivo. Por exemplo, en Presidencia, Presidencia da Xunta: «Persoal directivo», altos cargos, 419.000 euros; «Persoal eventual», 1,8 millóns. Esta é a referencia. E se me di incluso persoal eventual máis altos cargos é o 25 % do gasto da sección de Presidencia, 25 % do gasto, ben, pois a nós iso parécenos excesivo.

E vostede dirame: non é que no ano 2009 vostedes facían non sei que. Pasaron dez anos, hai unha reflexión a partir da crise de como debemos actuar en política, e eu creo que vostedes non están incorporándoa suficientemente. Por exemplo, en «Investimentos inmateriais» tampouco é posible saber cal é este gasto no conxunto do orzamento consolidado da Xunta de Galicia. Non hai transparencia, cada vez fan uns orzamentos menos transparentes. Pero podemos sabelo na Administración xeral, son 180 millóns.

E vostedes preocupáronse na memoria de dicir: ben, aquí fanse moitas cousas que son necesarias. Claro que son necesarias moitas cousas; non vou discutir iso. Pero simplemente un 25 % disto dedicado a outro tipo de investimento permitiríanos levar corenta e tantos millóns de euros, que serían benvidos, por exemplo, para reforzar o Plan MOVE ou, por exemplo, para gastos en I+D+i, ou para a construción de residencias, ou para a construción de centros de saúde. Corenta e cinco millóns de euros dan para moitas cousas, para propaganda tamén, pero, sen dúbida, o rendemento social é maior no primeiro.

E nós pedímoslles que fagan iso, como lles pedimos que reorganicen a estrutura da Xunta para facela máis efectiva, que non fagan só axustes *ad hominem* ou *ad mulierem* para non ser discriminatorios, e de maneira que agora Augas de Galicia, en vez de estar con Medio Am-

biente, está noutro lado. Claro, se Augas de Galicia non ten un compoñente medioambiental serio, eu creo que non o ten nada. (*Aplausos.*) E vostedes claramente o que nos din é que non lles preocupa a sostibilidade, porque a están colocando na Consellería de Infraestruturas en vez da de Medio Ambiente. Son reorganizacións que non responden a principios xerais, senón a obxectivos políticos a curto prazo.

E hai moitas políticas que precisarían un reforzo considerable e son esquecidas: desde o combate á fraude fiscal, co reforzamento da Atriga, a unha oficina parlamentaria do orzamento de Galicia; a construción e conservación de estradas, que inclúe as políticas de seguridade; a planificación e xestión hidrolóxica, que se rebaixa considerablemente; a investigación sanitaria, que cae considerablemente; ou a ordenación forestal e infraestruturas rurais. Sen dúbida, isto tamén se debaterá esta tarde na emenda transversal, pero non quería deixar de reseñalo.

E, claro, hai algunhas cousas que me chaman a atención. Teño un minuto. Vexamos: a cuestión da taxa AROPE, da que eu non falei antes, pero que me parece relevante. Vostedes presumen de que a taxa AROPE mellora e de que o índice de Gini é mellor que antes. Como saben vostedes, o que pasou na crise é que a pobreza tendeu a rexuvenecerse, e o que pasa en Galicia é que temos unha proporción moito maior de persoas maiores que a media española e, en cambio, temos menos proporción de poboación xove. É dicir, a caída demográfica e a caída da poboación xove está afectando directamente en positivo os índices agregados como a taxa AROPE ou o índice de Gini. E vostedes pónense a medalla. Pero ¿pónense a medalla a partir de políticas que permitiron incidir nisto? A única que permite incidir é a caída demográfica, é dicir, xustamente o seu fracaso. É dicir, están poñéndose unha medalla polo seu fracaso. ¡Isto é onde chegamos! E isto mesmo podería dicirse dalgúns outros aspectos relevantes da súa política.

É un fracaso que o número de xoves en Galicia se reducira nun terzo desde que empezou a gobernar o señor Núñez Feijóo; é un fracaso, recoñézoa comigo. E é un fracaso que en cambio alenta o crecemento do PIB per cápita, en contra do que di o señor Puy. E como alenta o crecemento do PIB per cápita, vostedes presumen diso. Pero é un fracaso que compromete a medio e longo prazo, porque eses son os efectos demográficos sobre o crecemento. A curto prazo pode ter efectos positivos, porque temos menos nenos e menos xoves que non traballan, que demandan menos gasto en educación. Pero que non traballan, non consomen, efectivamente, e permiten que os aforros das familias se destinen a máis formación, o cal está moi ben, pero é un fracaso. E compromete a medio prazo a nosa base física, a nosa base produtiva. Non poden poñerse medallas polos fracasos, teñen que atender as cousas.

Por último, a cuestión da plurianualidade *versus* anualidade. Claro que coñecemos que hai créditos plurianuais, ¿como non o imos saber? O que pasa é que cando vostedes os meten no orzamento é que consideran que van estar dispoñibles ese ano, e se non os gastan están atrasando a solución aos problemas. Nós o que criticamos xustamente é que, nun contexto en que o gasto cae, recursos dispoñibles normalmente procedentes de fontes externas non sexan usados diligentemente, porque iso significa que van atrasar a súa aplicación efectiva á resolución dos problemas da sociedade. E un moi importante —lamento que o conselleiro de Emprego non estea aquí— é o Fondo de Iniciativa de Garantía Xuvenil, que foi un fracaso

estrepitoso tamén en Galicia, e que eran fondos procedentes basicamente da Unión Europea que non foron utilizados.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eses son os problemas que vemos no orzamento e aos que vostede non deu resposta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Comentaba o portavoz do Partido Popular —non sen retranca, evidentemente— que non debían de ser tan insatisfactorios os orzamentos da Xunta de Galicia cando o orzamento proposto por En Marea e no incremento na súa emenda era de 400 millóns de euros. A pouco que lea a emenda, pódese ver na súa xustificación que se trata de 400 millóns de euros anuais, nun plan a cinco anos, para recuperar eses 2.000 millóns de euros aos que nos referimos. Desta maneira, poderíamos levar a cabo unha recuperación paulatina do gasto público cumprindo a lei con toda a normativa, tanto estatal como comunitaria, e ao ir incrementando paulatinamente esta situación provocar tamén os beneficios inherentes a un maior peso do orzamento público dentro da redistribución da renda-riqueza e, polo tanto, o dinamismo económico que iso xeraría. Evidentemente, non nos cabe ningunha dúbida de que o señor Puy leu a emenda na súa totalidade. Polo tanto, atribuímos isto simplemente a unha omisión política. E creo que era bo tamén explicalo: saber de onde, como e de que maneira establecemos nós unha estratexia, que ten que ser necesariamente combinadora do medio co curto prazo, así como tamén co longo prazo. E iso é unha das cuestións que queríamos aquí sinalar.

Contestando algunhas das cuestións que suscitaba o señor conselleiro na súa intervención inicial e despois tamén na réplica, dixo literalmente ao comezo da súa primeira intervención que de pouco serviría un orzamento que non puidese ser executado. Entón, claro, se un colle e vai ao grao de execución de entre os anos 2011 e 2018, ben, 2017 para ser exactos, que son os anos sobre os que hai datos dos gobernos nos que vostedes levan xestionando os orzamentos, cabería deducir da súa propia afirmación que os seus orzamentos serven para pouco.

Imos con cinco funcións concretas que pensamos que poden ser moi reveladoras:

Fondos destinados ao emprego. Póñense a medalla esa dos cincuenta e os cen mil postos de traballo dese famoso plan. Deixaron sen executar 814 millóns de euros entre 2011 e 2017; vai tan ben a cousa, tan boiante que non é necesario executar aquilo que se orza. Poderíamos ir ao último ano, pero iso deixareino para un pouco máis adiante.

En segundo lugar, en materia de vivenda. Entre 2011 e 2017 deixaron vostedes sen gastar 138 millóns de euros, sen gastar. Vese que á Xunta de Galicia non lle interesa ou non ten coñecemento do incremento dos prezos dos alugueiros dos últimos anos, e particularmente do último ano nas cidades do noso país, que máis demanda teñen —superiores ao 10 % nas principais cidades e vilas—, mentres seguen aumentando —e son os datos oficiais do Consello Oficial do Poder Xudicial— os desafiuzamentos que se producen nas novas cidades e vilas, provocados pola imposibilidade de impago do alugueiro, non da vivenda en propiedade que non se pode pagar, senón dos alugueiros. E a vostedes parécelles que teñen suficiente política en vivenda feita como para deixar sen executar 138 millóns de euros. ¡Fantástico!

En I+D+i, que xa é unha partida de por si exigua acumuladamente ao longo destes seis anos 2011-2017, deixa vostede sen executar a frioleira de 215 millóns de euros, o cal consolida esta partida como unha das de máis baixo grao de execución de todas as que vostedes teñen en carteira. Preguntámonos se consideran suficiente o esforzo en I+D+i no sector da automoción, que podería estar desenvolvéndose de forma autónoma completamente en toda a área metropolitana de Vigo, onde se poderían estar captando novas empresas, que desta maneira foxen ao norte de Portugal, non mediante deslocalizacións, senón mediante novas implantacións xa de novas empresas cunha maior capacidade tecnolóxica, que se está perdendo porque a Xunta de Galicia non cumpre coa súa función.

Sector da alimentación. Sendo os primeiros produtores nunha parte substancial das materias primas alimenticias dentro do Estado español, despois realizamos unha transformación e unha manufactura ridícula aos produtos alimentarios. Basta acudir ao sector lácteo para que saibamos que producindo o 40 % do leite de todo o Estado, transformamos aquí menos do 10 %. Ben, isto podería estarse promovendo desde unha política de I+D+i, por exemplo, desde unha política industrial axeitada; algo que vostedes non teñen ningún interese en facer.

Poderíamos falar tamén doutro sector punteiro a nivel mundial: o téxtil, onde existe un nutrido sector, non soamente dunha multinacional, senón un nutrido sector desenvolvido arredor desta forma de producir, e vostedes tampouco se preocupan disto. Poderíamos falar tamén da tecnoloxía naval, que hoxe en día daría lugar a que puidésemos estar producindo non soamente nos novos estaleiros, na eólica mariña, as torres de produción, senón tamén os propios motores, etc.

Na industria, outro tanto do mesmo: 341 millóns de euros sen executar. Debe de ser que a política industrial da Xunta de Galicia é perfecta tal e como vai, e non fai falta gastar aquilo que estaba xa consignado.

E, finalmente, como xa se referiu vostede ás persoas sen promoción social, pareceulle que eran suficientes as persoas atendidas e que estaban suficientemente ben, e deixaron sen gastar 100 millóns de euros dos orzados.

Xa non estamos falando aquí de que nos parezan cativos, mellores ou peores os seus orzamentos; é que incluso, dos que a vostedes lles parecen bos, deixan de gastar todo isto. ¿Están

vostedes satisfeitos con este grao de execución? Se uns orzamentos non poden ser executados, ¿que orzamentos son eses? Díxoo vostede ao inicio da súa intervención.

¿Onde vai parar toda esta cantidade que non se executa? ¿Saben cara a onde vai parar a maior parte delas? Ao pago dos xuros da débeda e outra parte deles en gasto de persoal.

Ben, dixeron tamén aquí que tiñan grande incerteza porque faltaban os orzamentos xerais do Estado e non sabían de onde ían vir os ingresos. ¿Sabe de onde non van vir, verdade? Do imposto sobre patrimonio que vostedes lles pagan aos ricos. Hai que insistir, porque é moi importante que a xente saiba cales son as súas prioridades fiscais e para quen miran vostedes cando fan política fiscal.

Atribuíuse vostede a creación de entre 50.000 e 100.000 postos de traballo. Isto non deixa de ser positivo, en primeiro lugar, porque reconece a capacidade que teñen vostedes desde o Goberno para incidir no mercado laboral, na dinámica laboral. Polo tanto, entendemos que, se se colgan vostedes esa medalla, serán tamén igualmente responsables do tipo de traballo creado. Non pode ser que sexan responsables de que se crea emprego, pero non sexan responsables de que o emprego que se cree sexa precario e que, polo tanto, suma na incerteza a centos de miles de persoas cada mes de non saber se van traballar o mes seguinte e en que condicións.

E é un emprego baseado na temporalidade. Hoxe en día xa a temporalidade total en termos absolutos da xente que traballa acada o 26 %, cuns salarios baixos. Estamos falando —datos oficiais tamén— de 450.000 persoas que cobran menos de 900 euros ao mes. Iso si, despois moléstanse porque haxa propostas de subida do salario mínimo interprofesional a 900 euros ao mes. É dicir, a dignificación daquelas e daqueles que menos cobran iso tamén lles molesta. Pero si que se atribúen o mérito dese traballo creado.

Tamén na sinistralidade laboral, que está relacionada coa calidade do emprego, e que dá lugar a que teñamos a taxa de mortalidade laboral o dobre da media española.

E, finalmente, da fenda de igualdade entre mulleres e homes, que dá lugar a que teñamos un 29 % de masa salarial diferenciada entre mulleres e homes polo traballo que eles fan.

Nestes condicións, podería responder por que deixan sen gastar tantos recursos. Repito: 814 millóns de euros sen executar. Xa soamente o ano pasado máis de sesenta millóns de euros en partidas que xa denunciámos aquí nas sesións do control ao Goberno, en materia de igualdade, en materia de pemes e autónomos, en materia de formación de traballadores, de xente sen emprego anterior, de parados de longa duración. ¿Está todo ben así?, ¿non hai que executar estas partidas? Ben, pois veñan e explíquenlo.

No ámbito da función pública explicaron tamén as súas medidas de conciliación, pero resulta que perderon este ano a magnífica oportunidade de apoiar unha proposición de lei presentada por En Marea para ampliar e igualar o permiso de paternidade e o de maternidade, votaron en contra. Igual que votaron en contra doutras medidas de implementación no mercado de traballo xeral para establecer unhas medidas de condición que fosen realmente axeitadas.

Falou vostede tamén no remate da súa primeira intervención da innovación de tratamentos en sanidade, de novos tratamentos. É unha pena que non tivesen iso en conta no ano 2013.

Tamén din que se lles cuestiona polo persoal que teñen traballando no sector público sanitario. Si, claro que llelo cuestionamos, e parécenos insuficiente. Por iso denunciámos aquí tamén na primeira sesión de control ao Goberno despois do verán que con incumprimento explícito da normativa aplicable ao Sergas tiñan vostedes o PAC da Estrada sen un segundo equipo médico; con incumprimento expreso da súa propia lei. ¡Pois claro que nos parece insuficiente!

Falan vostedes da Tarxeta Benvida e do Bono Concilia, e están ignorando que moitas nais que están dando á luz tardan meses en recibir a Tarxeta Benvida, ¡meses! E non poden ir a crédito ás farmacias para que lles avancen o que van gastar en cueiros, o que van gastar noutros materiais que son necesarios nos primeiros meses de vida dos nenos e das nenas. Ou fanse trampas ou non chegan parte deses cartos ao fin que tiñan que ser destinados.

Di o conselleiro que non están de acordo en subirlles os impostos aos galegos e que, polo tanto, os seguirán baixando. Pois queremos desenmascarar unha vez máis en que se traduce esa baixada de impostos: na baixada de impostos sobre o patrimonio. Di vostede, para xustificar esta baixada: revertemos a subida do imposto do patrimonio para poñelo como antes da crise. Díxoo vostede, ¿si ou non? Díxoo vostede, ¿verdade? Si, porque é copiado literal.

Mire: se vai poñer o imposto aos ricos como antes da crise, ¡perfecto!, pero antes de facer iso poña os salarios como antes da crise, poña o emprego como antes da crise, poña as prestacións sociais como antes da crise, poña as oportunidades de avais como antes da crise, faga volver aos que marcharon despois de que viñera a crise. Iso é o que ten que pasar antes de que se lles baixe os impostos aos ricos.

Para nós, non, nada é igual que antes da crise. Porque houbo unha emerxencia e unha consolidación dunha nova clase social: o precariado, o precariado social, o precariado laboral, a xente que vive na incerteza permanente. E vostedes están pensando única e exclusivamente en baixar os impostos aos ricos. Isto é para nós inaceptable. Hai que recordalo: con patrimonio neto de 3 millóns de euros, 6.000 euros ao ano con esa reforma; con patrimonios netos de 6 millóns de euros, un regalo fiscal de 16.000 euros ao ano; con patrimonios de máis de dez millóns de euros, case corenta mil euros ao ano de favor fiscal. A nós isto parécenos absolutamente inaceptable.

Falou vostede da débeda e perdeu a oportunidade tamén de referirse a aquela pregunta que lle fixemos, que lle lancei eu agora: de dicir se era verdade ou non que o mecanismo público de financiamento, o FLA, non contiña ningún tipo de limitación para as comunidades como a Comunidade Autónoma galega, sen ademais estar condicionada a ningún tipo de intervención no caso de que estivesen cumprindo os obxectivos do déficit. De tal maneira que podían vostedes ter acudido antes e, polo tanto, ter aforrado e ternos aforrado a todas e a todos un sobrecusto de financiamento da débeda de 549 millóns de euros. ¿Tanto lles sobra para regalarlle á banca privada eses xuros que agora estamos pagando de máis? Pois a nós parécenos que é absolutamente inaceptable.

Como é inaceptable que veña vostede aquí —xa vou rematar, señor presidente— falarnos de «sablazo fiscal». ¿Sablazo fiscal? Pois, si, nós queremos seguir sableando os ricos máis ricos. Si, queremos que sigan pagando o que estaban pagando no imposto polo patrimonio. Si, a nós parécenos que os supersableados supermillionarios que van nos seus *jets* privados ou teñen as grandes ostentacións non van notar demasiado ese favor fiscal. E, pola contra, moita xente humilde do noso país que ten dificultades para chegar á fin de mes tería agra-
decido por parte de vostedes un pequeno xesto que sería pequeno; ínfimo para os máis ricos, pero moi importante para as xentes máis humildes do noso país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Peche deste debate, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Hai temas nos que, de verdade, me gusta moito o ton de tal como se está desenvolvendo o debate no día de hoxe, tamén ultimamente, teño que recoñecelo.

Pero as persoas que me coñecen un pouco, señora Pontón, dirán que se algo teño é un certo nivel de sensibilidade. Non digo que sexa máis, é un tema de paternalismo. ¿Como que non? Chégame cun só fillo que teño, e tampouco el di que son moi paternalista. Polo tanto, eu comprendo que todos temos a pel un pouco sensible, de cristal, pero non é malo que discutamos en determinados debates, é bo incluso a confrontación de distintas posturas.

Hai un tema común que todos vostedes foron repetindo, que é o tema de execución. De novo volvo repetir, e con algún elemento máis, e voume centrar en tres cuestións:

En primeiro lugar, a estrutura de fondos o que nos di é que non se perden todos os fondos. Iso é correcto e ese é o factor fundamental. Hai que miralo, polo tanto, non en períodos anuais, senón en períodos un pouco máis abertos, normalmente o segundo ano. Tema número un en cada unha das políticas que foron aquí adiantadas.

Tema número dous, ¡claro que existe unha marxe de mellora! Pero hai que ter en conta que determinadas cantidades, sobre todo ligadas non tanto a fondos finalistas do Estado, pero si a fondos que proveñen da Unión Europea, necesitan un período de programación e de lanzamento que outras veces non sucede, e iso condiciona determinadas actuacións como algunhas das que foron sinaladas nestes momentos. (*Murmurios.*)

O que si é verdade é o terceiro elemento que me gustaría introducir de novo —espero que non teñan a pel moi fina—. Cando se ve o predicamento de cada un dos grupos e cando se ve a execución que presentan normalmente en ámbitos en Galicia onde teñen responsabilidade, como poden ser os concellos e as deputacións —e aí a teñen todos, tena o PSOE, tena de En Marea e tena o BNG—, resulta que calquera parámetro referencial respecto do que é a execución na Xunta de Galicia non se soporta nin por casualidade, sobre todo no que é o

investimento. Eu comprendo que é moi difícil xestionar o investimento de 15.000 en 15.000 euros, como nos teñen acostumados.

Volvo repetir, a estrutura de fondos non se perde, non hai que ir ao concepto de anualidade en termos estritos. Estrutura que está ligada, polo tanto, a unha marxe de mellora pola nosa parte —é obvio recoñecelo—. E despois, *consejos vendo que para mi no tengo* é o que soen ter vostedes en cantidade de cuestións. (*Murmurios.*)

Non podo permitir cando se falta aquí á verdade e se nos cita o tema, por exemplo, das universidades. No tema das universidades, o que está moi claro é que é o cumprimento a rajatabla do que nos demos entre as universidades e a Xunta de Galicia; por certo, nun nivel moi superior ao que había no plan anterior. En consecuencia, non me explico eu ese posicionamento que facía vostede, señora Pontón, sobre a materia, cando a min o que me transmiten as universidades polos máximos representantes é que se está executando escrupulosamente o que acordamos. E, coma sempre, todos queremos máis, chegaremos no seu momento, pouco a pouco, e cunha clara orientación a obxectivos e resultados. Polo tanto, é un plan no que —proximamente empezaremos a traballar no próximo— calquera parecido co anterior ou co que había na etapa bipartita é pura coincidencia.

É o mesmo ou algo parecido ao que sucede no ámbito da atención primaria, cando aquí se refire a todo tema de sanidade sen ter en conta o cambio fundamental. E o cambio fundamental en primaria especializada, no nivel organizativo, é que a día de hoxe, despois de varios anos, contamos con estruturas integradas. Coller a parte polo todo e ver o que significaba no ano 2008 ou no ano 2009 a atención primaria e a denominación estrita que se fai nestes momentos, e chegar á conclusión á que vostede chega, non é máis que unha simple manipulación dos datos que non coincide co que sucede na realidade.

Señor Fernández Leiceaga, sabe que lle teño moito cariño, pero supoño que cando fala de fondos, supoño que cando fala da Secretaría Xeral de Igualdade, cando fala de vivenda, cando fala de fondos finalistas... supoño que os fondos finalistas virán para todas as comunidades autónomas, ¿ou é que hai un diferencial para con Galicia? Veñen fondos finalistas con criterio xeral. Por certo, ao cambiar tamén a evolución e o ingreso da Administración central do Estado, é lóxico que cambien tamén determinadas cuestións. Pero de ningún modo é unha dádiva que nos fai o Goberno central ao Goberno da Xunta de Galicia.

De novo volve terxiversar os datos cando se refire a persoal eventual ou altos cargos. Calquera parecido nestes momentos en altos cargos, onde estamos un 37 % ou un 38 % no número por debaixo do que había no ano 2009, é pura coincidencia. ¡Por favor! (*Murmurios.*) E tres cuartos do mesmo sucede co persoal eventual. Tanto en número como en crédito, resulta que temos un 27 % menos en persoal eventual de gabinete —datos do 2019 fronte ao 2009—. Non se nos tilde, por favor. Vostede non sabe que entre 3,7 millóns de euros que significa para os altos cargos, e 2,3, estamos falando de case 6 millóns de euros que cada ano este Goberno, en vez de gastalo en altos cargos e en persoal eventual de gabinete, destina a outro tipo de prioridades, jano a ano! Non esquezamos que son 1.000 millóns das antigas pesetas, que non é tan pouco. E cun engadido que nunca é suficientemente ben explicado e que amosa tamén, unha vez máis, a nosa sensibilidade. Porque boa parte de vostedes son conscientes

de que na etapa do Bipartito, na estrutura da propia Presidencia da Xunta, había contratados eventuais que non eran nin mileuristas. (*Murmurios.*) Entón, ¿de que estamos a falar? ¿De que estamos a falar cando falamos de persoal eventual e dos altos cargos?

Como tamén ¿de que estamos a falar cando se fala da taxa AROPE e resulta que cando vai ben, a cuestión é demográfica e non depende da Xunta, cando vai mal, a cuestión tal si que depende da Xunta? A realidade obxectiva o que nos di é que, falando sempre do risco de pobreza —do que non nos gusta falar, para que vexan que tamén temos unha sensibilidade moi grande—, a partir de aí o que temos é que corrixir, e que a realidade a día de hoxe é mellor que a que había no ano 2009 tantas veces referenciado, e tamén como parámetro medio.

É o mesmo que sucede tamén coa economía de Galicia. A economía de Galicia medra por dúas cousas: porque cada vez estamos facendo mellor as cousas, porque non soamente é importante a demanda interna —como tamén dixo na primeira intervención o señor Villares—, senón que tamén é importante a demanda externa. Porque a demanda externa o que nos está dicindo é que cada vez, como sociedade, facemos as cousas mellor. E sendo pequenos e estando onde estamos, se somos capaces de competir na economía do mundo, iso estamos dando viabilidade de futuro. E ao mesmo tempo tamén existe unha cuestión demográfica —xa foi falado en comisión—, e ámbolos efectos están dicindo que como sociedade cada vez o estamos a facer mellor pero queda moito por facer.

Das miñas palabras nunca poden deducir, por favor, unha autocompracencia pero si unha ambición; unha ambición que se reflicte dunha maneira moi clara nestes orzamentos. Hai unha priorización moi clara, seguimos apostando por medrar máis que España, por medrar máis que a Unión Europea, por medrar máis que as economías avanzadas da OCDE. Iso moi poucas veces ten pasado na historia de Galicia, ¡moi poucas veces!, e iso para que se traslade a máis e mellor emprego, como está sucedendo. E debemos de incidir dende o Goberno da Xunta nas nosas priorizacións en todos os programas que temos en marcha. Executando quizais un pouco mellor algúns deles, pero sempre sen perder o que é o financiamento que nos debemos.

Como tamén cando se nos achaca que estes son uns orzamentos con diálogo social. Diálogo social é recoñecer que tes alguén enfronte que lexitimamente defende os seus dereitos, e nós somos a contraparte. Pero ao que non estamos dispostos é —como noutras partes está sucedendo— a superar pola tanxente todo o que significa de diálogo social entre empresarios e traballadores. Coma sempre, son feitos desde o rigor os nosos orzamentos. Son feitos tamén co apoio do Parlamento. Trouxemos un teito de gasto e discutímolos. ¿Pero por que estamos a discutir este orzamento o primeiro Parlamento que en España hai? (*Murmurios.*) ¡Porque existe un orzamento! Non existe un borrador nin ideas peregrinas; e incluso sobre as prioridades podemos distinguir, argumentar, non compartir a maioría das veces, pero polo menos existe unha base, negro sobre branco, sobre a que discutir. Iso é moi importante, e non as ideas peregrinas que cadaquén poida lanzar, os globos sonda ou a inestabilidade que se está trasladando. Porque a xente ten a certeza de que estes orzamentos —oxalá entre todos os saibamos mellorar coas achegas dos distintos grupos— entrarán en vigor o primeiro de xaneiro e serán executados, e en termos absolutos sempre cabalgamos en camiño do 100 %.

Hai unha cousa que é o máis importante que acaba de pasar, xa neste 2018 a Comunidade Autónoma de Galicia está en consolidación fiscal. Saímos da consolidación fiscal en positivo, medrando máis ca o noso contorno, medrando máis en emprego que a gran política social, facéndoo un pouco mellor e quedando moito por facer. Esas son as miñas palabras. Pero cun engadido: que en termos políticos de toda esta etapa nunca perdemos un ápice do que é a autonomía. Nunca perdemos un ápice, e, coma nós, moi poucas comunidades autónomas.

Por iso, señor Villares, repase. Vostede, que é unha persoa relativamente ilustrada, compare e respóndase a si mesmo cando fala do FLA. ¿Por que cre que en determinado momento, habendo un FLA, se crea un fondo de facilidade financeira? ¡Será por algo! Se fose o mesmo, non facía falta crealo, ¿verdade?

E facilidade financeira, ¿que significa en materia de débeda? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Significa que nós dependemos de nós mesmos, ninguén nos ten que dicir... (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Lago —señor Lago, un gran namorado da débeda—... (*Risos.*) (*Aplausos.*) Non, non, non, (*Aplausos.*) incluso cando tiña responsabilidades estaba na tele, (*Risos.*) que todo evoluciona, ¡home!, todos vamos indo... (*Murmurios.*)

Polo tanto, eu creo que estamos nun bo orzamento. Creo que é útil para a Galicia de hoxe, e, como lles avanzaba, tamén para a Galicia da próxima década. O gran aldabonazo como referencia ao Xacobeo 2021. Pero non nos esquezamos, o gran aldabonazo que é o Xacobeo 2021 complétase coa previsión suficiente, con esa planificación que une con criterio o presente e o futuro. No ano 2019 poñeremos as bases do que será o plan para telo listo no 2020, na primeira metade do ano, e así empalmar co ciclo orzamentario normal. Iso é o que nos está movendo como sociedade.

Creo que estamos nun orzamento —xa o dicía moi ben o portavoz do Partido Popular, o señor Puy— que, mírese por onde se mire, está tildado como prudente, como normal, está no intervalo de poder ser realizado, e, aínda así, mellor que en todo o noso contorno. Salvagardemos, por favor —e desde o Goberno galego somos os primeiros interesados—, a nosa Galicia da inestabilidade que de verdade, obxectivamente, estamos detectando. A cousa funciona nos países avanzados, nas sociedades avanzadas, pola estabilidade, tratando de chegar certezas aos actores, tanto ás persoas, como ás familias, como ás empresas, como ás institucións. Así funciona unha economía moderna, sempre e cando saibamos ser o suficientemente ambiciosos.

Seguimos reforzando o máis importante —mírese por onde se mire—, que é o gasto social, e cando se analiza nin tan sequera polo miúdo; soamente hai que descender un escalón no que significan estes orzamentos. E compatibilizando sempre a cuestión de que non máis endebedamento se podemos valernos por nós mesmos, cunha débeda perfectamente estruturada e mesetada. Creo que hai moito esforzo detrás, creo que seguimos co rigor, coa planificación, coa confianza. Creo que a seguridade de ter este novo orzamento o primeiro de xaneiro viranos a todos moi ben. Ese é o gran valor de Galicia, que o que anuncia o seu Goberno pode executarse.

Entón, cun orzamento, coma sempre, para o crecemento, pero para o crecemento non só económico, senón social, para ter mellores servizos públicos, cada vez mellores. Seguro que teremos que mellorar, pero creo que imos nunha liña máis que correcta. ¿E por que? Porque ao final si que estamos coas persoas. E incluso como modelo, este que lles fala e o Goberno que o soporta, non estamos dispostos a non poder falar de persoas, porque nos doen, como mínimo, tanto como a calquera de vostedes.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

Votación das emendas do grupo I

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Procedemos á votación das emendas debatidas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando as emendas que postulan a devolución global dos orzamentos.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39789) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39848) do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda á totalidade que postula a devolución global dos orzamentos número 1 (doc. núm. 39701) do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas á totalidade que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos

O señor PRESIDENTE: Agora votamos as emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto.

Comezamos votando as do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas 1 á 13 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas 1 á 12 do G. P. dos Socialistas de Galicia que postulan a devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas 1 á 31 do G. P. de En Marea, de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores de gastos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: As seguintes emendas, as do grupo II, debaterémolas ás dezaseis horas, catro da tarde.

Suspendemos a sesión ata esa hora.

Suspéndese a sesión ás dúas e seis minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión, co debate e votación das emendas no grupo segundo, que modifican a contía global de orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións. En concreto, hai emendas que modifican a contía global do orzamento, ou sexa, que transfiren créditos, dos tres grupos: do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Debate e votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para a defensa das emendas, ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde a todas e a todos, aínda que non sexamos moitos e moitas.

Debatenos hoxe os terceiros orzamentos desta lexislatura e, no esencial, temos que dicir unha vez máis que continúan a repetir as mesmas receitas fracasadas da última década, propostas que están basicamente pensadas ao servizo dunha axenda absolutamente neoliberal e centralista e frontalmente opostas ás necesidades das clases populares, propostas que continúan a ser continuístas no económico e no social, cun modelo que só fixo durante estes anos agrandar esa fenda que provocou a crise e estender no tempo a desigualdade, a precariedade, a perda de músculo tamén financeiro, económico e produtivo do noso país.

E o certo é que a Galiza real que hai detrás do relato autocompracente que puidemos escoitar hoxe pola mañá, o certo é que detrás diso hai unha Galiza real que ten cuestións moi preocupantes, como que unha cuarta parte do noso país estea en risco de pobreza ou de exclusión social, que teñamos menos emprego e de menos calidade que hai dez anos e que teñamos tamén un modelo económico cada vez máis baseado no sector servizos do que nos sectores produtivos e que teñen realmente un potencial para sacarnos adiante.

Temos que dicir tamén que a Galiza real que hai detrás da retórica da recuperación ten cada vez menos poboación, contrariamente ao que acontece co resto do Estado, e iso lévanos a concluír —sería longo explicar máis argumentos en profundidade— que esa chamada recuperación queda nas grandes cifras e non acaba de servir de impulso para recuperar o emprego e para fixar poboación, especialmente nas capas máis novas.

E dicía Malcolm X que o mañá pertence a aqueles que se preparan para el no día de hoxe. E o certo é que, pensando nisto, temos que presentar, como se explicou hoxe pola mañá, unha emenda a todos e cada un dos aspectos destes orzamentos, porque distan moito de pensar o que leva pasado neste país na última década e distan moito de prepararnos para un futuro para o que non están en absoluto planificados.

E quen non se move non avanza. E por iso nas nosas propostas o que facemos é deseñar unha folla de ruta clara e dirixida a un proxecto político de país definido, que estea ao servizo dunha Galiza de futuro e con futuro, que recupere dereitos e que recupere servizos, pero tamén que impulse un novo modelo produtivo e de economía do país que sexa o pan das futuras xeracións. Na nosa emenda demostramos que, aínda con este marco, é posible. Por iso presentamos un modelo alternativo tanto á cuestión dos ingresos e da recadación como ás prioridades de gasto.

En canto aos ingresos —deterime un pouco nesta cuestión—, nós entendemos que, como cuestión inicial ou previa, temos que insistir unha vez máis en que a falta de soberanía e de poder político fai que vexamos moi mermada a nosa capacidade como país. E iso é así pola permanencia dunha relación económica absolutamente desigual co Estado español. Vémolo perfectamente na peza máis importante dos ingresos, ese sistema de financiamento que, unha década despois de iniciarse a era Feijóo, achega menos recursos neste momento dos que achegaba hai dez anos, mentres todo ao noso arredor en materia de prezos só fixo incrementar. Iso dá conta dun marco absolutamente limitado, demostra o fracaso de Núñez Feijóo á fronte da Xunta de Galiza e é un trato absolutamente inxusto para Galiza, máis cando temos en conta que, co último ano fiscal liquidado, se nós recadamos no noso país e foron para Madrid máis de 11.000 millóns de euros, tan só retornaron 7.000 millóns. Cara nos sae a peaxe da dependencia, señorías.

E a isto hai que sumar outro lastre que arrastramos, que é unha repartición absolutamente inxusta do déficit e tamén unha recentralización na nosa capacidade de decisión sobre o gasto e de decisión política. Nós somos conscientes de que estas dúas cuestións non entran na marxe destas emendas apenas, pero o certo é que son dúas cuestións que non podemos perder de perspectiva para darnos conta da profundidade que ten esta cuestión e as súas consecuencias.

Pero, con todo, nós entendemos que, mesmo co marco limitado que temos nestes momentos, cabería un modelo absolutamente diferente, e por iso deseñamos na nosa emenda unha proposta de política fiscal para termos máis recursos que permitan blindar o gasto social e impulsar medidas de activación económica. Introducimos mudanzas de fondo diante dunha política fiscal do Partido Popular que se amosa repetitiva, sen ideas novas e monótona, que renuncia a aplicar medidas de alto impacto e que renuncia a aplicar en serio os principios de progresividade, de redistribución e de xustiza social.

Fronte a iso, coas propostas do BNG introducimos, dunha banda, na liña de anos anteriores, novos tramos nos impostos xa vixentes, como é o caso do IRPF, aplicando progresividade real; como é o caso do imposto de patrimonio, reducindo o mínimo exento e modificando a tarifa daqueles máis elevados; e tamén suprimindo as modificacións no imposto de sucesións.

En segundo lugar, como novidade, presentamos unha proposta de cinco novos impostos que nos permitirían ter un marco fiscal moderno e actualizado, propio da Galiza deste século e non o mesmo que do século pasado, porque o certo é que o país e as nosas necesidades teñen mudado e temos que facer cambios ao respecto.

E van en dúas direccións: por unha parte, empregar esa política fiscal para orientar o modelo económico, o modelo de hábitos de consumo e tamén de coidado do medio, e, por outra parte, conseguir así tamén sumar case 200 millóns de euros máis, que nos permitirían facer moitas cuestións ao respecto, e todo isto sen que afecte as maiorías sociais.

En primeiro lugar, insistimos novamente en que é necesario un imposto ás grandes superficies comerciais, para desincentivar ese modelo de consumo e para compensar o noso país e tamén o pequeno comercio do impacto que ten o que xa foi xerado. E reiteramos isto, ademais: unha vez xa, non caben as desculpas de sempre do Partido Popular de que isto está xudicializado, porque xa o Tribunal de Xustiza europeo sentenciou que non é unha axuda encuberta, que non atenta contra o principio de liberdade de establecemento e que hai ademais unha relación moi salientable entre o tamaño meirande deste tipo de instalacións e o seu meirande impacto ambiental. Por iso, fronte ao modelo pelotazo cidade de Mos, nós apostamos por esta cuestión para ter máis recursos para a nosa economía.

En segundo lugar, nós entendemos que a política fiscal tamén serve para incentivar determinados modelos de sociedade, e por iso propoñemos aplicar un imposto sobre as bebidas azucreadas. Esta é unha recomendación de moitas entidades expertas ao respecto, é algo que xa se está probando noutros países, e, sen ir máis lonxe, en sitios cercanos a nós, como é o caso de Cataluña, leva un tempo aplicándose. E o certo é que o primeiro estudo que hai ao respecto desta aplicación estima que houbo un descenso no 22 % do consumo deste tipo de substancias e que, polo tanto, repercutiría positivamente na saúde global da poboación. Nós preguntámonos por que non probalo, por que non apostar por algunha cuestión innovadora neste sentido.

En terceiro lugar, tamén apostamos por un imposto á prestación de servizos e comunicacións electrónicas, dunha maneira que teña un destino finalista a promoción do noso audiovisual. Esta é unha proposta que vén tamén do sector. Sabemos que ten trabas legais ao respecto, pero entendemos que hai marxe aínda coas últimas sentenzas do Constitucional para buscar un encaixe no noso sistema e que isto nos permita combinar os fondos propios con esta recadación para así promocionar o noso audiovisual.

Outra cuestión que nos preocupa moito —e que entendemos que é ademais unha necesidade á que hai que dar resposta desde este debate— é todo o que está acontecendo no noso país en canto ao mercado da vivenda, un mercado da vivenda cuxa meirande inmobiliaria que hai neste país neste momento son directamente os fondos voitre. Isto non se pode permitir. E, polo tanto, entendemos que cabe un imposto sobre vivendas baleira que grave aquelas vivendas de persoas xurídicas, non persoas físicas, que estean pechadas de forma permanente durante máis de dous anos e que, polo tanto, así se reduzan as prácticas especulativas.

E, por último, ¿por que non un imposto ás liñas de alta tensión?, que impactan de forma importante no campo visual, no campo ambiental, e que sería unha forma de incentivar para

que tamén as propias empresas estiveran interesadas en aplicar o soterramento alá onde sexa posible.

En síntese, estas son propostas novas, pensadas para un país diferente, que, primeiro, non afectan para o aforro das maiorías sociais, que en segundo lugar apostan por un novo modelo económico, fiscal, ambiental e social e que suman 200 millóns para destinar ás nosas arcas públicas. E isto permitiría dar pasos adiante tamén nunha batería de emendas nas que presentamos un modelo político alternativo de cambio de rumbo, porque necesitamos unhas prioridades de gasto absolutamente diferentes que as que está a ditaminar o Partido Popular neste proxecto de orzamentos.

E resumiríamolo en cinco grandes prioridades. É complicado neste tempo sintetizalas, pero intentareino. Cinco grandes prioridades. Nós entendemos que, en primeiro lugar, os orzamentos deben ser fillos do seu contexto histórico e que, polo tanto, neste momento, señor Martínez, urxe pisar o acelerador na busca da igualdade real. Nós entendemos que o 8 de marzo todos e todas deberíamos ter asumido un mandato dun maior esforzo a prol da igualdade e que, polo tanto, cabe incrementar as contías ao respecto. Aquilo que non se orza non existe, e por iso nós pedimos pasos adiante por exemplo contra a fenda salarial, cun plan galego de 4 millóns. Non hai igualdade desde logo cobrando menos, pero tampouco con violencia. Por iso volvemos insistir: o 1 % deste orzamento debería ir destinado a loitar contra a violencia machista, cando menos o 1 %. Se as nosas vidas non valen eses 100 millóns, nós volvemos preguntar: ¿que é entón o que o vale?

En segundo lugar, nós entendemos que tamén hai que dar a importancia que merecen a nosa lingua e a nosa cultura. Por iso hai que dicir que neste contexto, onde vostedes —hai que outorgarlle ao César o que é do César, ese don e habilitade que teñen para a propaganda— pois crearon unha Consellería de Cultura, pero aínda estamos esperando que haxa un impulso económico correspondente. Por iso facémolo na nosa proposta, cunha liña de axudas específicas para o audiovisual en galego.

Tamén sacamos dese ostracismo ao que teñen condenadas as partidas de lingua. É hora de que vostedes decidan ou asuman o mandato legal que teñen de promoción. Ou asumen iso ou se instalan definitivamente nas teses de Ciudadanos e de Vox. Nós temos propostas para vostedes e apostamos nun plan específico para a infancia e tamén para a Xustiza.

Tamén por corrixir esa anomalía democrática que é que, un ano máis, nos orzamentos non haxa un só euro para a memoria histórica. Señores do Partido Popular, esgótase o tempo. En materia de memoria histórica é fundamental que a reparación veña canto antes, e para iso precisamos recursos económicos.

Incluimos tamén cuestións referidas a todo o que ten que ver —é o terceiro gran eixo que aplicamos— coa recuperación ambiental e a vertebración do territorio. Nós entendemos que Touro, A Casalonga, o Umia, etc., etc., as nosas rías, son o síntoma dunha ausencia absoluta do Goberno galego en materia ambiental, e por iso incluimos diferentes medidas para a restauración e para a posta en valor dos espazos protexidos.

Tamén quere a casualidade do debate que non só esteamos ás portas do 25 de novembro, senón que estamos na Semana Europea da Prevención dos Residuos, e por iso, como ben dixo unha vez nesta mesma tribuna o meu compañeiro Luís Bará, pedímoslles que non nos afasten de Europa e que, entón, polo tanto, se adapten ás novas normativas que se están a implantar, e apostamos por un plan de xestión dos biorresiduos e de fomento da autocompostaxe.

Isto, ademais, acompáñase, como dicía, de propostas para vertebrar o territorio.

Pero hai dous últimos grandes puntos que nos parecen absolutamente prioritarios: dunha banda, a defensa dos servizos públicos, e, doutra banda, as medidas de impulso económico. Defensa dos servizos públicos porque precisamente que ensino e sanidade incrementen menos os seus orzamentos do que o fai o orzamento en global é síntoma dunha política de abandono planificada e premeditada. Por iso destinamos créditos a aumentar o persoal e recuperalo tanto en ensino como en sanidade.

Nós entendemos que hai moitos problemas na realidade que vostedes non queren ver. E nin que dicir da falta de persoal nestes servizos públicos. Vimos recentemente escenas que parecían propias d' *A Vida de Brian* nestes debates parlamentarios que tivemos a respecto do inicio do curso escolar. Por exemplo, eu trouxen un titular: a Xunta de Galiza premia o IES Brión por un proxecto de robótica, materia suprimida este ano por falta de docentes. Este é un claro exemplo do que é a teoría destes orzamentos e do que é despois a consecuencia práctica da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Así está o país, mentres vostedes tapan os ollos. E podemos poñer exemplos tamén na sanidade; sen ir máis lonxe, esta mesma fin de semana, veciñanza de Moaña, veciñanza de Rubiá e de moitos sitios do noso país saían á rúa por falta de médicos e médicas.

Tamén entendemos que é o momento de ir máis alá, que non se pode permitir un país con 324 suicidios ao ano neste último ano 2017 e non apostar en serio por abrir novos horizontes no campo da saúde mental e dotar un plan de prevención que sexa digno de tal nome. Tamén entendemos que a propia política social ten un importante campo por cubrir que están deixando de lado.

Por iso, propoñemos incrementar en 100 euros as contías das pensións non contributivas, nas que vostedes, como Goberno, si que teñen capacidade, e que só suporían 40 millóns de euros nun orzamento de máis de 9.000.

Entendemos que hai moitísimo por facer neste ámbito e no segundo turno profundarei con máis detalle.

Nós entendemos tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que é hora — remato xa, señor presidente, despois de satarémolo con máis calma— de apostar por medidas de creación do emprego que dean un

xiro de 360 graos a todo o que se está facendo, que é ben pouco, en materia de innovación. Primeiro, na aposta económica, reforzando estes orzamentos, e, segundo, na orientación...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e, despois, na segunda quenda, profundarei máis nestas propostas. Pero trouxen un resumo do que vén sendo a política de innovación deste goberno...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...tamén ao fío do debate que vemos esta mañá. (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) E sobre todo isto, señor Martínez, é unha sorte que estea o señor Conde tamén: publicidade, publicidade e publicidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Despois ten un segundo turno para seguir cos asuntos que considere.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pola miña banda, de momento, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Fermín Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Esta mañá o Partido Popular, o seu voceiro e o conselleiro faláronnos dos glosadores do século XIV e de Charles Dickens, no XIX. Eu vou avanzar un pouco, tampouco demasiado, non vaíamos ter vertixe. Voume ao XX, voume ás memorias dun neno xudeu que naceu nun barrio obreiro de Filadelfia en 1928, que se chama Noam Chomsky e que escribía: «A miña familia era de clase traballadora, estaba en paro,» —insisto: naceu no 28, é dicir, que era un neno cando a recuperación da crise do 29— «non tiña educación, era un tempo moito peor que o de agora, pero había un sentimento de que todos estabamos xuntos niso; agora, hoxe, vivimos na sensación de que estamos sós, de que non temos nada que facer.»

Isto é exactamente de que van os orzamentos, da dereita ou da esquerda. Eu agradezo o apoio, en fin, moral —sempre vén ben, mesmo que sexa do Partido Popular—, pero é exactamente así. E é exactamente así porque, efectivamente, despois dunha crise moi forte como foi a do ano 29, o Estado, o ámbito público foi capaz de respotar ás necesidades dos afectados por esa crise.

Lamentablemente, na crise do ano 2008 a dereita en España e noutros países occidentais non foi quen de respostar a esas necesidades; todo o contrario: profundou a desigualdade e a pobreza, esas palabras que vostedes son incapaces de pronunciar.

Porque miren, cando din que vostedes tamén falan das persoas pois é evidente, todos falamos das persoas. Persoas eran as que casaron esta fin de semana no Parrote e persoas son as que están nos comedores sociais no porto de Vigo. (*Aplausos.*) Eu non quero falar de todas as persoas e non quero igualar todas as persoas, porque é evidente, obxectivo, manifesto, que non todas as persoas son iguais nin teñen ou temos as mesmas necesidades. Eu creo que esa é a cuestión fundamental.

E o que se agocha detrás destes orzamentos, señor conselleiro, máis alá das cuestións contables, nas que por suposto vostede manexa —só faltaría—, son dúas cuestións: é unha ideoloxía vergonzante e, por outra parte, é unha xestión nefasta, por moito que nos falen de plurianualidades, por moito que nos falen de datos estatísticos. Eu agradeceríalle, de verdade —eu sei que o tempo aquí é moi limitado, pero o de citar as fontes sempre é un feito que enriquece o debate, ao mellor permite utilizar menos datos, pero, ben, estaría ben, porque dende logo esta mañá escoitamos algúns—, que, de verdade, cite algunhas fontes dalgunhas cuestións que sinala.

O Partido Socialista, os socialistas, alí onde gobernamos —e neste caso é no Goberno de España—, manifestamos a necesidade de establecer unha folla de ruta, que é a folla de ruta que nós aplicaríamos no caso de que gobernásenos en Galicia e que explicitamos, da que non nos avergonzamos en absoluto —todo o contrario—. E nesa folla de ruta, efectivamente, é na que imos inserir —digamos— as prioridades de gasto, que nós situaríamos neses 400-401 millóns de euros, que é aproximadamente a cantidade que imos mobilizar.

Ten catro liñas fundamentalmente, señor conselleiro. A primeira: é fundamental atacar a precariedade laboral e promover emprego de calidade, porque o emprego de baixa calidade, mal retribuído, temporal, para tempo parcial, é ineficiente economicamente —sabe perfectamente que é así— e inxusto socialmente; e, polo tanto, é imprescindible solucionaralo e é imprescindible actuar aí. E non me poden dicir que as políticas que está facendo a Xunta de Galicia en relación con combater o desemprego, coa formación tanto de empregados, de desempregados, de empregabilidade, de todos os ítems que vostedes queiran, están dando resultados, porque non é, evidentemente, así.

Polo tanto, esta sería a primeira cuestión. Dentro desta cuestión —tamén aproveito que estea o conselleiro de Industria— eu creo que o tema industrial é un tema pendente. Hai un obxectivo do 20 % do PIB a nivel europeo, que todo parece indicar que, segundo a publicidade e propaganda da Consellería, imos conquistar, pero no último ano a ocupación industrial baixou un 5 % —cito: EPA de terceiro trimestre de 2018 a terceiro trimestre de 2017; é cuestión de restar; fácil, creo que todos podemos—.

O segundo punto: unha repartición equitativa da riqueza vía salario, señor conselleiro. E eu reivindicolle, os socialistas reivindicamos a subida do salario mínimo interprofesional, claro que si, dun 22 %. ¿Por que non? ¿Quen nos di que non? ¿O gobernador do Banco de España,

esa institución reguladora que foi tan perspicaz á hora de detectar as dificultades financeiras e a chegada da crise? ¿Esa vai ser así de perspicaz nos efectos laborais ou no mercado laboral da subida do salario mínimo interprofesional? *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Nada, señor Tellado, ten vostede despois un turno no que estou seguro de que, igual que Zaratustra, nos iluminará coa súa sabedoría, pero polo de agora estou eu. *(Aplausos.)*

E dentro desta repartición equitativa da riqueza vía salarios, señor conselleiro —e nunca oín a ninguén do Partido Popular falar aquí disto, por suposto non para intentar contes-tarme, pero nin sequera para dicirme que estou equivocado—, mellorar a repartición da torta, porque xa sabemos que o PIB medra, pero eu quero saber quen leva ese crecemento e quero saber que medidas se poden facer para corrixir as disfuncións que se producen na distribución do crecemento se deixamos que este se reasigne estritamente segundo meca-nismos de mercado.

Isto é o que ten que facer a política. Iso é o que facía a política cando actuaba sobre a familia de Noam Chomsky en 1938 en Filadelfia. Lamentablemente, non é o que fai hoxe nos Estados Unidos e non é o que fai en moitos países de Europa, e faino —non digo que non o faga—, na nosa opinión, moi pouco eficazmente no caso de Galicia.

O terceiro punto: un sistema tributario que recade máis e de maneira máis xusta. Estamos —dato da OCDE— no 38 % do PIB de esforzo fiscal, 46 % na zona euro; iso significa 8 pun-tos, iso significa 80.000 millóns de euros, iso significa 4.000 millóns de euros en Galicia. Eu non sei por que, cal é a razón, cal é o imperativo kantiano que di que non podemos ter un sistema fiscal similar ao da media dos países europeos, cando estamos aproximadamente no media da renda. Porque o que acontece é que o sistema fiscal español —e tampouco aquí vou dicir que sexa só culpa do Partido Popular, en absoluto— que se construíu neste país ten problemas moi graves —digamos— mesmo de autopercepción, porque está tan focali-zado nos salarios, e polo tanto na maioría da poboación, que fai que haxa a percepción de que pagamos moitos impostos. Pero o conxunto da economía española paga moitos menos impostos que países cun nivel de desenvolvemento similar. E a isto chámase incrementar os impostos ao capital, ás grandes empresas e á acumulación da riqueza. A nós parécenos que é importante.

Mire, en Estados Unidos, Eisenhower, que era republicano —pouco sospeitoso de mar-xista-leninista, como vostede ben sabe—, tiña un IRPF do 92 % para salarios superiores aos 200.000 euros. É verdade que salarios de 200.000 euros nos anos cincuenta eran sa-larios absolutamente de elite, pero era un 92 %. Ninguén está falando agora diso, pero está ben que saibamos o dato, porque ese era o dato que permitía que os pais e os avós de Noam Chomsky non se sentiran desatendidos e abandonados nunha saída dunha crise nun barrio obreiro de Filadelfia, ¿entenden? Entón, este punto eu creo que tamén é rele-vante.

E este sistema fiscal sólido ten que servir para o cuarto punto, que é reforzar o Estado do benestar, que para a esquerda é o obxectivo fundamental da política; os outros tres son fe-

rramentas, son instrumentos. Pero o obxectivo fundamental da política é reforzar o Estado do benestar, para que as diferenzas —que sempre as vai haber— entre esa voda do Parrote e os comedores sociais desta comunidade autónomas sexan menores. E eu reivindico a acción do Goberno para que sexa menor. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, reivindico unha subida das pensións digna e que as pensións se poidan cofinanciar con impostos. ¿Por que non? ¿Cal é tamén o imperativo categórico kantiano que di que as pensións non se poden financiar ou cofinanciar vía impostos? Iso só o din aqueles que esperan que cando o sistema de repartición sexa insuficiente quen poida meter a man sexan os fondos privados. Claro, ese é o discurso, ese é o discurso de Unesa e da maior parte deses desayunos informativos que se fan en Madrid. Pero non sei cal é a razón económica para que non se poidan financiar con impostos, señor conselleiro.

E, por suposto, cubrir as prestacións por desemprego. E non pode ser que o nivel de cobertura da taxa do desemprego, que indubidablemente está baixando, siga diminuíndo, porque lamentablemente a xente que vai quedando desempregada é a máis vulnerable, por xénero, por nivel de cualificación, por duración dese desemprego. En fin, eu creo que non lle conto nada, señor conselleiro, que non saiba.

E exactamente o mesmo dentro deste reforzo das políticas públicas é potenciar o Sistema nacional de saúde e o pacto de Estado pola educación. Son dous elementos fundamentais de redistribución de renda e de igualdade.

E, dende logo, eu no tema sanitario non son experto nin nada parecido, pero é verdade que a sensación trasladada polos profesionais de que os recursos son escasos para a demanda existente eu creo que está na sociedade, está nos medios de comunicación, está en Galicia, só non está no conselleiro de Sanidade e nos portavoces de sanidade do Partido Popular, que nos contan outra historia *(Aplausos.)*, pero dende logo no resto parece que está.

Eu non vou discutir con vostede se o número de traballadores neste momento na sanidade galega é maior ou menor que no ano 2009, porque a verdade é que tampouco busquei o dato. Pero o que é certo, señor conselleiro,... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu non sei se le a prensa. ¿Le a prensa? ¿Si? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ata o *Faro de Vigo*? Está moi ben, hai que ler todos os periódicos.

E, polo tanto, o sistema de educación, exactamente o mesmo. É o único ascensor social, non hai outro. Non todos queremos casarnos no Parrote, pero todos queremos e temos dereito a ter unha vida digna, todos temos dereito a ter unha vida digna.

A min —e é lexítimo— hai cousas que me escandalizan e, como me escandalizan, dígoas e falo delas. Só faltaría que viñeran aquí os deputados e deputadas do Partido Popular contarme de que podo falar aquí, só faltaría. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois parece que si.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ao mellor están enfadados porque non os invitaron. (*Murmurios.*) Hai unha cuestión, unha cuestión... Eu non, eu non estou enfadado por iso, pódollo asegurar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

En relación xa co tema concreto das modificacións, estes cinco puntos trasládanse en termos de gasto ao que falei e, desde logo, en termos de ingreso mobilizamos 400 millóns de euros. Respectamos escrupulosamente as normas europeas, as normas da Unión Europea, non somos rupturistas, non pedimos a saída de España da Unión Europea, en fin. Iso si, só faltaría que nun país cos problemas sociais que ten Galicia e España, que os temos —porque é evidente que os temos: temos a taxa de desemprego máis alta da Unión Europea despois de Grecia—, nos permitamos non utilizar toda a marxe de déficit que Europa nos permite... Señor conselleiro, non poña esa cara, dixeron que non o ían utilizar; se cambiaron de opinión, pois porque si; ben, perfecto; pois estana utilizando, en fin.

Política de ingresos. Efectivamente, nós cremos que no IRPF hai que incrementar a imposición nas rendas máis altas, e parécenos que as rendas máis altas non son eses 60.000, eses 120.000 euros. Eu creo que cos 47.600 euros, que é o que poñemos —e basta con ver as táboas de declaración do IRPF da Axencia Tributaria—, estamos falando non de clases medias en termos de tarifa, estamos falando de escasamente o 5 % da porcentaxe de declarantes.

No caso do imposto do patrimonio —en fin, xa falamos diso pola mañá—, eu creo que é imprescindible esa historia da dobre imposición, é unha construción teórica daqueles que teñen pasta para non pagar por ela; ou sexa, teño meridianamente claro que o patrimonio, a riqueza, ten que estar gravada fiscalmente. E, por certo, tampouco hai ningunha evidencia empírica de que estes gravames sobre a riqueza vaian en contra do crecemento económico, ningunha. Hainas en contra e a favor, pero non hai ningunha conclusión científica, académica, absolutamente determinante. Hai —volvo repetir— intereses, por dicilo dalgunha maneira.

E, da mesma forma, imposto sobre as grandes superficies comerciais, sobre os custos medioambientais, instalacións que inciden no medio ambiente e os gravames medioambientais. E, da mesma maneira, tamén entendemos que o Sergas e o Instituto Galego da Vivenda e Solo deberían de facer un maior esforzo para incrementar os seus ingresos propios.

E reducir por suposto os gastos improdutivos. Aproximadamente falamos de 100 millóns de euros: persoal de gabinete, publicidade e propaganda. Si, si, porque o certo é que no capítulo I o aumento xeral é do 3,4 %, en altos cartos e delegados é do 5,7 % —se non fixen mal a regra de tres— e no persoal eventual de gabinete é do 4,9 %.

Gastos de carácter inmaterial...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...aproximadamente un 25 % do capítulo VI. Eu creo que, efectivamente, para investir primeiro hai que estudar, pero dáme a sensación de que están estudando vostedes moito, dáme a sensación de que ao mellor non fai falta estudar tanto.

Eu teño algunha proba do que estudan no Igape, que tendo unha división de internacionalización sacan concursos a consultoras externas para que afonden na internacionalización da economía galega. Ao mellor había que aproveitar os recursos endóxeos en vez de ser tan...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— xenerosos nesta cuestión.

E, polo tanto, aquí aproximadamente 100 millóns de euros; polo tanto, 400 millóns de euros.

E volvo repetir: os cinco eixos dos que falamos son en boa medida aqueles que dixemos ao principio: programas adicionais para a creación de emprego, incremento das políticas sociais e reforzo dos servizos públicos en sanidade, en educación, todo o que ten que ver coa pobreza e coa desigualdade, que está aí, señor conselleiro. Vostede non sei se se dá conta dos datos da EPA. Hai un dato absolutamente grave, que é que aqueles fogares que teñen...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...todos sen ningún ingreso, a baixada é moito...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: —Remato, señor presidente—.

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É que tivemos un intercambio aí sobre nupcial e entón... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non sabía.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Entón, a baixada sen ingresos é moi lenta, e eses son aqueles sobre os que hai que actuar.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, señor conselleiro, eu creo que debería de saber exactamente falar da xente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non sempre ten que ser falar de toda a xente, é falar de quen o necesita.

O señor PRESIDENTE: Grazas. (*Aplausos.*)

Grupo Parlamentario En Marea, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Boa tarde neste difícil día de debate orzamentario que tanto apaixona a Cámara.

Señor conselleiro, por moitas veces que se repita unha mentira, nunca se converterá nunha verdade. Hoxe outra vez dixo aquí que a economía galega saíu da recesión grazas á eficiente xestión do Goberno Feijóo, que xa recuperamos o nivel de emprego e benestar, que a débeda pública se reduce, que Galicia converxe con España, que o orzamento do ano que vén é expansivo, que xa temos un nivel de gasto similar ao previo á crise e que continúan as rebaixas fiscais que benefician a maioría da sociedade. ¿Están todas, non, conselleiro? Ningunha, nin unha soa desas afirmacións se corresponde coa realidade.

Nesta mañá cruzáronse datos para soster tanto a defensa dos orzamentos como a súa crítica, creo eu que houbo un certo nivel de confusión que é bo aclarar, e por iso vou aproveitar parte do meu tempo para aportar evidencias, informes externos que permitan avaliar realmente do que se está falando.

É certo que a economía volveu crecer, que a maior actividade xera máis ocupación e maiores ingresos, o que se traduce nun incremento do orzamento. Pero sobre estes feitos obxectivos construíu un discurso tan triunfalista como falaz, que se demostra falso en canto se retira o decorado de cartón pedra. E iso vouno facer con doce informes (*O señor Lago Peñas mostra uns documentos.*) que contradín de forma contundente o que vostede dixo aquí e que lle irei deixando ao presidente da Cámara.

O primeiro é un informe do Instituto Nacional de Estatística, que presentou en outubro deste ano un informe sobre calidade de vida en España tendo en conta sete dimensións e noventa e seis variables sobre as condicións materiais de vida, a sanidade, o emprego, o traballo, a vivenda. Conselleiro, ¿coñece este informe? (*O señor Lago Peñas mostra un documento.*) ¿Sabe que posición ocupamos? Galicia é a última, a última das dezasete comunidades autónomas do Estado, a última neste indicador de calidade composto elaborado polo INE e que lle deixo ao presidente da Cámara. (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.*)

O segundo é un estudo do BBVA no que analiza a evolución do emprego nas diferentes comunidades autónomas do Estado dende o ano 2007. ¿Sabe que posición ocupamos, señor conselleiro? Galicia é a segunda comunidade autónoma con peor evolución; só está peor que nós Extremadura. (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.*)

O terceiro informe é o barómetro do CIS de outubro, que, ademais de falar de intención de votos —moi interesante—, inclúe a pregunta de que opina a cidadanía galega sobre a situación da economía. Non sei se coñece o informe, conselleiro. Pero nese informe dise que só o 3 % dos galegos cren que a economía vai ben e, polo tanto, o 97 % da cidadanía galega di que a situación da economía é regular, mala e moi mala. Señor conselleiro, ¿os galegos e as galegas somos parvos? ¿Como pode ser que o 97 % do país diga que a situación da economía é regular, mala ou moi mala e que vostede faga o discurso triunfalista que fixo pola mañá? (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.*) Aínda máis. Só o 8 % do país

opina que estamos mellor que hai un ano e, polo tanto, o resto opina que estamos igual ou peor que hai un ano. Esa é a valoración da xestión da economía que fai a sociedade galega.

Señor conselleiro, non é certo que a economía galega medre máis que a media española, non o é. No informe sobre crecemento das comunidades autónomas (*O señor Lago Peñas mostra un documento.*) que elabora o Instituto Nacional de Estatística di que dende o ano 2010 ao ano 2017, o último período, os últimos datos, a economía galega medrou de media un 0,7 % e a economía española un 0,8 %; 0,8 % de media no conxunto do Estado, 0,7 % de media en Galicia nos últimos sete anos, informe do Instituto Nacional de Estatística. (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.*)

Menos crecemento que explica que Galicia sexa a comunidade autónoma con peor evolución do mercado de traballo dende o ano 2008 en todas as súas variables: poboación activa, poboación ocupada e poboación desempregada.

Señor conselleiro, voullo dicir outra vez: nada ten que ver a xestión da Xunta de Galicia coa saída da recesión. Para darlle en parte a razón ao señor Puy, direi que nada tivo que ver a xestión da Xunta de Galicia na caída da recesión da economía mundial no ano 2009. Non a provocou a Xunta de Galicia, nin a caída na recesión mundial do ano 2009 nin a saída da recesión da Unión Europea, dos países do sur da Unión Europea, a partir de 2014. Galicia é un sitio importante, poderoso, pero algunha limitación sobre a nosa capacidade para influír no mundo si que existe.

Que a economía creza é o normal, fíxoo 117 dos 124 trimestres dende que recuperamos a democracia ata o ano 2007. Que o faga o 2,5 % é o habitual, porque é a taxa media de crecemento da economía galega dos trinta anos previos á recesión.

¿Sabe cal é a diferenza, señor conselleiro? Que desta vez o crecemento económico non se traslada ao benestar, tal como demostra que o 97 % da cidadanía galega considere que a situación da economía é mala, regular ou moi mala logo de cinco anos de fase expansiva do ciclo económico.

E a cidadanía ten razón, sempre ten razón, pero neste caso especialmente, porque temos o mesmo nivel de riqueza pero está peor distribuída. Temos o mesmo nivel de riqueza pero menos emprego, máis precariedade laboral e peores salarios. O PIB de 2017 está 2.700 millóns de euros por riba do PIB de 2008, pero a renda salarial está aínda 1.250 millóns de euros por debaixo, tal e como reflicte a contabilidade trimestral do Instituto Galego de Estatística. (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.*)

Hai menos emprego e hai peores salarios, hai emprego de peor calidade, porque a metade da clase traballadora, a metade, está en situación de precariedade. O Partido Popular non o acaba de entender: a temporalidade só é unha das fórmulas da precariedade laboral. Pero hai máis. O informe mensual da Tesourería Xeral da Seguridade Social de outubro di que só o 48 % das persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social teñen un contrato indefinido a tempo completo, e, polo tanto, o 52 % das persoas afiliadas ao réxime xeral da Seguridade Social son temporais, son fixos descontinuos, son indefinidos pero contratados a

tempo parcial, están en prácticas ou en formación, etc., etc. Informe mensual da Tesourería da Seguridade Social. *(O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.)*

Temos o mesmo nivel de PIB que antes da recesión, pero está peor distribuído, e por iso temos unha sociedade máis inxusta, máis desigual, con máis pobreza, con menos dereitos laborais, menos emprego, máis paro, salarios devaluados e maior precariedade laboral que antes de caer na dobre recesión.

Unha das consecuencias máis graves da política económica aplicada polos gobernos da dereita, entre os cales está a Xunta de Galicia, é o brutal retroceso do benestar das persoas e a capitalización do país, un enorme recorte do gasto público provocado polas políticas de austeridade impostas a partir de 2010.

Señor conselleiro, a ver se esta vez o consigo: non é certo que o nivel de gasto de 2019 se aproxime ao nivel de 2009, non o é, porque non se poden comparar datos de diferentes anos sen ter en conta a evolución dos prezos. Dende xaneiro do ano 2009 ata este mes do ano 2018 o IPC aumentou un 16 %, *(O señor Lago Peñas mostra un documento.)* 15,5 % exactamente, certificado do INE, 15,5 %. *(O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.)*

Explíquelle vostede a un pensionista ou a unha asalariada que no ano 2019 cobra o mesmo nominal que cobraba no ano 2009, dígalle que iso está ben. Pois ese é o truco que vostede intenta utilizar aquí, o cartón pedra para agochar ese recorte orzamentario e comparar cantidades nominais.

Este devalo do público non é unha casualidade nin un efecto colateral, nin sequera un custo inevitable da crise. Señor conselleiro, é un obxectivo buscado premeditadamente polo Goberno do Partido Popular no Goberno do Estado español. Porque esa é a súa decisión estratéxica: reducir o peso do público na economía.

O programa de estabilidade presupostaria 2018-2021 *(O señor Lago Peñas mostra un documento.)* que presentou o Goberno Rajoy pretende reducir o peso do gasto público e dos ingresos públicos na economía española; polo tanto, non é un efecto colateral, é algo buscado premeditadamente. *(O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao presidente.)*

O señor conselleiro di que o orzamento do ano 2019 é expansivo. Se eu non me trabuco coas cifras, o orzamento medra o 3,8 e o PIB nominal medra o 3,9. ¿Como pode ser expansivo cando medra o gasto por debaixo do que medra o PIB nominal? ¿Como pode ser, señor conselleiro? En ningún caso pode ser cualificado como de expansivo.

Nós, nese sentido, dicimos que é inaceptable que os recortes se consoliden nos orzamentos. Como plantexaba Luís Villares hoxe pola mañá, se despois de seis anos de crecemento do PIB apenas avanzamos na recuperación do financiamento dos servizos públicos, ¿cando o imos facer? ¿Agora, que empeza —digamos— unha desaceleración da fase do crecemento económico?

Menos gasto e máis débeda e porque no ano 2019 —vou dicilo outra vez— a débeda pública galega non vai baixar, vaise incrementar en 238 millóns de euros máis. De tal forma que a

función 91, a función da débeda pública, xa absorbe o 14,5 % do orzamento total, conselleiro —xa sei que non é o non financeiro—; no ano 2009 era o 3 % do orzamento total, agora é cinco veces máis. E, non obstante, é certo que, a pesar de que aumenta a débeda, se reduce o pago de xuros. ¿Por que? Pois porque a Xunta de Galicia no ano 2016 tomou unha decisión correcta: deixar de endebedarse con bancos e recorrer aos mecanismos públicos de financiamento para amortizar anticipadamente préstamos que estaban a tipos de xuro por riba do que podía facer.

Voulle ler unha frase que di a Conta xeral do ano 2017: ampliación de crédito para a cancelación anticipada de operacións de préstamo a causa do seu elevado custo financeiro. A Conta xeral vén dicir que o que lles dicía En Marea nos anos anteriores é exactamente isto (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao señor presidente.*). E isto demóstrase cando se analiza a información do Banco de España sobre a estrutura da débeda pública galega. No ano 2014 Galicia tiña cero euros de financiamento destes mecanismos extraordinarios públicos de financiamento, ¡cero! Hoxe temos 6.154 millóns de euros —e subindo—, porque a Comunidade Autónoma que máis recorre aos mecanismos extraordinarios de financiamento, ao FLA, a que máis recorre dende o ano 2016, dende que baixou da burra o discurso da Xunta de Galicia, somos nós, intentando nunha carreira a marchas forzadas recuperar o terreo perdido nos anos anteriores (*O señor Lago Peñas entrégalle un documento ao señor presidente.*).

Señor conselleiro, 549 millóns de euros é o sobrecusto do financiamento por acudir ao mercado privado, en vez de acudir aos fondos públicos postos á disposición das comunidades autónomas. É a campaña de *marketing* político máis cara e máis ridícula da historia política de todo o Estado español.

Señor conselleiro, como a economía non crece máis, non pode ser que converxamos en termos de PIB per cápita coa media do Estado de forma sa —como diría vostede—. Se Galicia crece menos que España —como o demostra o INE—, ¿como é posible que converxamos en PIB por habitante?, porque é unha división entre PIB e poboación —habitantes— e Galicia cada vez ten menos habitantes, redúcese o denominador; e como o denominador se reduce, o PIB per cápita aumenta de forma artificial. Este é o truco: cantos máis habitantes perdemos, máis converxemos coa renda media do Estado español, pero facémolo pola vía equivocada, a vía da converxencia pasiva.

As contas do ano 2019 consolidan os recortes aplicados no período 2009 a 2014, danlle continuidade á redución do peso do público; nós dicímoslle a iso que non. Fronte á resignación, aos recortes, ao axuste permanente, nós mandámoslles unha posición, unha política diferente e ambiciosa. Nese sentido, presentamos unha emenda que ten dúas liñas básicas de actuación: primeiro, incrementar en 400 millóns de euros o nivel de gasto, actuando sobre a vía dos ingresos; e, segundo, redistribuíndo o gasto que fai o Goberno, cambiando as prioridades do mesmo, por un importe de 292 millóns de euros. Son, en definitiva, 692 millóns de euros que dedicamos a programas prioritarios co obxectivo de aplicar unha política económica que impulse o crecemento, que transforme o crecemento en desenvolvemento económico e social, que estea baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza a un maior benestar da cidadanía, para combater a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Señor conselleiro, remato facéndolle a mesma pregunta que o ano pasado, a ver se esta vez teño sorte e a contesta: ¿por que, se xa temos o mesmo nivel de PIB, o gasto real da Xunta de Galicia é un 17 % inferior ao que había no ano 2009? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Señor conselleiro de Facenda, ten vostede agora a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Grazas e boas tardes tamén a todos os que aquí estamos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bastantes, bastantes, non somos tan poucos.

Permítanme que me centre na miña exposición ao que nos traía. Verdadeiramente, eu comprendo a frustración que pode ter algún dos intervenientes porque non sei se lle gustou ao mellor suficientemente a intervención da mañá do seu voceiro principal. Comprendo que estar aquí falando durante minutos, dada a liberdade que todos temos e merecemos, non sei se lle gustou moito, pouco ou nada. A min dáme a impresión de que moi pouco, porque este mesmo debate, señor Lago —e permítame que comece por vostede—, xa o tivemos en comisión. Contestóuselle dunha maneira máis ou menos afortunada —eu creo que bastante afortunada—, pero vostede, erre que erre, con todas as súas matracas, con toda a súa consideración, sen... (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, se é moi bo, ¡home!, ter ideas. Ter ideas é moi bo, (*Murmurios.*) como tamén é bo de vez en cando traballar algo máis, e para iso serve a todos para aprender, eu o primeiro, ¡eh!, que despois me din que son moi pretencioso; non, non, eu o primeiro, que sempre hai moito que aprender.

Non podemos entrar tampouco en debates un pouco espabilados de máis, porque é bo que tamén nos fixemos en que, á parte de estar nun Parlamento, moita xente pode estarnos oíndo e necesita tamén comprender. Porque a estas alturas que vostede —como unha persoa que pasou por unha facultade, que tamén foi a miña e a dalgunha persoa que aquí hai—, que case é de 1º de Económicas, veña falar aquí do crecemento real da economía, simplemente o dato do IPC, e non se dea conta do que é o deflactor do PIB, é que, ¡vamos!, é que é unha marabilla. Pero, claro, non me vou pasar de pedante aquí explicándolle á xente as catro compoñentes que ten o deflactor do PIB e como esa é a verdadeira incidencia para medir.

Vostede tamén sabe que a grande incidencia que hai dende o ano 2009 ao ano 2017 en incremento de retribucións ou menor en decremento sobre os salarios medios no sector público —que algunhas comunidades xa o temos recuperado dende o ano 2016 e hai quen aínda o vai recuperar dentro de cinco ou seis anos e quen aínda vai polo último ano— como consecuencia dunha cuestión que aínda non se recuperou. Esperemos que en termos completos se recupere, como foi o 5 % do Goberno Zapatero en termos medios. Se lle aplica iso que vostede acaba de dicir, xa será menor.

Como é algo que vostede é difícil que entenda, como é o tema de que se pode facer incluso máis con menos, efectivamente, e sendo vía equivalente como é a farmacia hospitalaria, soamente mire un dato, unha aplicación: a farmacia extrahospitalaria, 100 millóns de euros

menos no ano 2019 do que había no 2008-2009, sen ningún tipo de afectación, porque estamos falando de equivalencias de carácter químico, bioquímico e médico perfectamente comparables. Polo tanto, si que se pode facer máis.

Xa lle dixen hoxe á mañá tamén como un chascarrillo como vostede falando de débeda... ¡Home!, eu creo que temos bastante máis débeda na Comunidade Autónoma. Onde hai un sitio que si temos menos é na Televisión de Galicia. Pouco a pouco imos mellorando. (*Aplausos.*)

Si que me vou cinguir un pouco máis á exposición das outras dúas persoas, porque é o que me trae aquí. Procuo traballar coa nosa xente que estamos na Consellería de Facenda respecto do que nos trae. E, entón, esta mañá eu creo que foi onde debatemos todo isto de confrontar distintos modelos de política económica. Son modelos —permítame que lle diga— que de ningún modo quere dicir que eu presupoña que o meu é bo e o de vostede malo; non, non, non fago ese maniqueísmo, pero si que trato de explicar as causas que me levan ao bo. E, por suposto, nin pretendo dar nin pretendo recibir clases de mellor nin peor respecto de modelos económicos, senón que trato de argumentar.

Pero, claro, logo de analizar as emendas transversais dos grupos da oposición, resulta moi difícil achegar posturas, xa que parten de premisas que si que son —con todo o meu respecto, señora Pontón— o Día da Marmota. Non creo que este Executivo non poida considerar as súas propostas, pero verdadeiramente aquí hai algo que falla; ou fallamos nós ou fallan vostedes, porque son moi semellantes ás dos anos anteriores. É que é relativamente fácil chegar á estrutura, chegar á contestación incluso.

E permítanme que lles diga que non é por falta de vontade nin de estudo por parte deste goberno, senón que —na miña opinión— teiman en formulacións que ou ben non son susceptibles de levar á práctica ou ben, incluílas no orzamento, significaría deixar fóra outras que son necesarias. Ademais, discrepamos na maneira en que queren contar con máis ingresos. De novo, como é habitual nos últimos anos, os grupos da oposición queren subirles os impostos aos galegos, ou teiman en incluír partidas que non temos garantía de poder recibir con eses maiores ingresos, co cal sería unha irresponsabilidade; pola nosa parte así o consideramos. ¿Por que non aceptamos isto?

Xa quedou moi claro este ano, como en anos anteriores, que o noso modelo é outro pola parte fiscal, é o de baixar impostos. Xa non critico que se suba o imposto, o que digo é que ese non é o noso modelo. Non é o noso modelo dunha maneira clara. E tamén defendemos o rigor e optamos por incluír —fíxense en que isto é difícil, falar de rigor, ¡que aburrido é falar de rigor, ¿verdade?!— e por iso soamente orzamos os ingresos dos que temos a certeza, máis ou menos a certeza, porque a certeza absoluta en materia de ingresos terá que evolucionar ao ano en que van ser certos eses ingresos que estamos dando.

Curiosamente —como tamén avanzaba o señor Puy hoxe pola mañá—, cando analizamos ano a ano todos os ingresos, resulta que estamos moi lixeiramente por riba do 100 %; 100 %, 101 %, 102 %..., máis ou menos, é a tónica na que nos movemos. Isto tamén contesta algunha das intervencións que foi feita —paréceme recordar— polo señor Losada cando falaba de fraude fiscal, de se tal. Unha das principais liñas de creación tamén de fraude fiscal que

dende o nacemento da Atriga xa no ano 2010 —paréceme recordar— ou 2011 ao que nos leva é a sempre cumprir co plan que nós damos e cuns ingresos moi xeitosos.

Non podemos aceptar as emendas na maioría dos casos porque son irrealizables, como, por exemplo, aquelas que pidan detraer recursos de fondos finalistas de estados ou de fondos europeos. Vostedes, coma min, coñecen que os fondos finalistas e os fondos europeos gardan a súa lóxica. Existe un correlato entre fondos finalistas e destino destes fondos, e entre fondos europeos e destino deses fondos logo da programación correspondente. Non me explico como seguimos no mesmo tipo de erros ano tras ano.

Tampouco vou dicir, ¡home!, que todas as formulacións non sexan correctas ou razoables, pero no orzamento —e díxose moi ben aquí, e vostedes marcaron tamén un exercicio de priorización— nós tamén o facemos e non podemos aceptar que propostas, aínda que esteamos de acordo na súa formulación, supoñan retirar outras que consideramos moito máis prioritarias. Vaíamos polo miúdo.

Á señora voceira do BNG xa lle avanzo que non queremos subirlles máis de 200 millóns de euros de impostos aos galegos, está dunha maneira clara. Rexeitamos que no IRPF os galegos paguen 25 millóns de euros máis ou que paguen 45 millóns de euros máis polo imposto de sucesións. Cando un mira un pouco para o lado —porque ás veces hai que mirar un pouco para o lado—, non sei de ningunha comunidade autónoma que en materia de sucesións estea na tesitura que plantexan vostedes e algún grupo máis, como referirei dentro dun momento. Mais creo que é unha total ir contra os tempos. É imposible verdadeiramente que todos esteamos equivocados e só vostedes teñan a razón sobre este punto. Ou que se paguen 38 millóns de euros máis polo imposto de patrimonio. Tamén rexeitamos que se queiran crear novos impostos, como por exemplo recadar 36 millóns máis cun imposto sobre vivendas baleiras ou 60 millóns máis de imposto ás grandes superficies, etc., etc.

Señorías, xa lles digo: a nosa política tributaria vai exactamente na liña contraria ao que defenden os nacionalistas. O Goberno galego mantén a maior rebaixa impositiva da historia. Como dicía hoxe pola mañá, xa son máis de 248.500 as galegas e galegos que non pagaron ao recibir unha herdanza. Mantemos e reforzamos a estratexia de impostos cero no rural; xa son máis de 41.300 os galegos que se levan beneficiado disto, cun movemento de terras sen parangón na comunidade; ninguén compra ou merca terras ou cambia terras se non ten polo menos unha expectativa a medio ou a curto prazo de mobilización e de posta en valor das ditas terras.

Mantemos tamén a rebaixa de impostos e a eliminación, se é o caso, para colectivos que merquen vivenda habitual en zonas pouco poboadas. E xa levamos 2.300 familias; non son tan poucas en menos dun ano. E con carácter sempre acumulativo, as vivendas non se compran cada ano. E para o 2019 obviamente reforzamos todas as medidas, como sinalaba hoxe á mañá, e non me vou estender en cada unha delas.

Polo tanto, está moi claro que a nosa liña é unha liña moi distinta da que aquí se está comentando. Nós queremos que dez mil familias non paguen por comprar unha vivenda habitual en TPO, que é a nosa competencia.

Nós queremos seguir apostando pola innovación e non que se nos trate de innovicidas, como hoxe pola mañá, por iso, porque apostamos e facilitamos que se poida deducir no IRPF ás empresas de base tecnolóxica ou para as doazóns en investigación.

Nós seguimos profundando en sucesións no tema dos irmáns, algo moi querido. Catro mil persoas vanse ver beneficiadas por ese tipo de actuacións cada ano. ¿É que non comprenden que estamos falando xa de moitos centos de miles de persoas que por un lado ou por outro xa miran no seu peto esta posibilidade de que se chame economía de renda dispoñible, incremento que ten outro tipo de activacións?

Explicarei agora por que rexeitamos a suba de impostos que formula o BNG.

Sobre a proposta de novos tramos do IRPF para rendas superiores a 120.000 euros, pola estrutura das rendas que existen en Galicia, tería unha incidencia menor que noutros territorios. Ademais, esta alza sería soportada fundamentalmente por rendas do traballo, xa que neste tipo representa o 84 % das bases impoñibles.

En relación coa intención do BNG de suprimir as modificacións do imposto de sucesións e doazóns, por suposto non o imos eliminar, como lles dicía hai un momento.

Respecto da suba do imposto de patrimonio, reiterar que o que estamos facendo é volver á situación de partida antes da crise; é dicir, retomamos a tarifa actualmente vixente. Non hai que mirar máis que para o lado das comunidades autónomas de a carón de nós, e temos os precedentes históricos onde estando no goberno era de esquerdas eliminar, xa non digo minorar, un 20 % unha tarifa dun imposto.

En relación coa intención de crear un novo imposto sobre vivendas baleiras, aclarar que nestes momentos estamos á espera do fallo do Tribunal Constitucional sobre este tipo de imposto creado en Cataluña no 2015. Pero tamén lembrar que en Galicia estamos a traballar nun proxecto de lei de rehabilitación e rexeneración e renovación urbana que regula o canon de inmoables declarados en estado de abandono e que gravará aqueles inmoables que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. Comezaremos a aplicalo no 2020 e o primeiro ingreso producirase no 2021. Ademais, os ingresos destinarémolos a actuacións de rehabilitación nas áreas Rexurbe nas que se localicen os inmoables declarados en estado de abandono.

Sobre a formulación de crear un imposto sobre grandes superficies, ata agora cuestionábase a legalidade. Xa o adiantou a señora portavoz do BNG. Efectivamente, neste sentido o Tribunal Supremo pediu varios autos para aclarar dúbidas ao Tribunal de Xustiza da Unión sobre a adecuación deste imposto que existe en Cataluña, Asturias e Aragón. Si, xa o sabemos. E o 26 de abril o que conteste o Tribunal de Xustiza da Unión é que determinados beneficios establecidos para establecementos concretos constituían unha non axuda do Estado, e isto corresponde verificalo ao órgano xurisdiccional español. É dicir, que andamos así coa pelota dun lado para outro, o Tribunal Superior, Supremo, Europa, volve, tal...

Ao respecto, o Tribunal Supremo ditou diferentes sentenzas no mes de outubro —outubro é o outro día— polas que establece que a exención do imposto catalán para os establece-

mentos comerciais de impostos de superficie superior a 2.500 metros cadrados, as grandes superficies, resulta que si constitúe unha axuda de Estado.

En canto ao imposto sobre bebidas de alto contido en azucres, cómpre lembrar que se aprobou en Cataluña —tamén o dixo o ano pasado— e que fixa que as empresas están obrigadas a repercutir un imposto ao consumidor. Ao respecto, o sector primario, a industria transformadora de alimentos, de bebidas, a distribución, a restauración presentaron un recurso contencioso-administrativo contra o regulamento deste imposto do Goberno catalán e aínda estamos á espera do pronunciamento. Pero, efectivamente, aquí hai unha cuestión de saúde pública, que se pode compartir máis ou menos, pero o que está claro dende o punto de vista fiscal é que hai unha afectación directa sobre o consumidor. Digo cando se fala de impostos directos, indirectos ou determinado tipo de afectacións.

Sobre o imposto para os servizos de comunicacións electrónicas, sinalar que, efectivamente, tamén está en Cataluña no 2014, pero foi declarado inconstitucional xa no 2017. Descoñecemos, de verdade, jeh! —dígollo con toda humildade—, cal é o modelo proposto polo BNG, pero, se fose o catalán, obviamente non tería encaixe no ordenamento xurídico.

En canto ao imposto sobre redes de alta tensión, é un imposto que, como ben coñecen, teñen Asturias, A Rioxa, Extremadura, Canarias, aínda que neste último caso a aplicación da lei está suspendida. En Cataluña, Aragón e Castela-León, nas tres comunidades, só gravan o transporte de enerxía eléctrica. Os tipos de gravame oscilan entre os 700 e os 1.200 euros por quilómetro e liña de alta tensión e a recadación oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros. Eu creo que non é moi aconsellable o establecemento dun imposto deste tipo cando estamos falando de 1 ou 2 millóns, polo menos dende o punto de vista fiscal. Ademais, vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse se é conveniente establecer figuras impositivas que poden ser finalmente repercutidas ao consumidor final.

En canto ás minoracións, explicarei por que non podemos efectuar as medidas que propoñen vostedes. Algunhas emendas son simplemente imposibles de aceptar, porque non se poderían levar á práctica, porque diminúen partidas financiadas maioritariamente, como dicía antes, con fondos europeos ou finalistas do Estado. Outras emendas reducen tanto os créditos para gastos de funcionamento que sería imposible atender cuestións ordinarias da Administración autonómica necesarias e para prestar sempre os servizos aos cidadáns. E chegan mesmo a retirar 30 millóns para a sanidade dixital. Pero ¿de verdade estamos en serio contra a aplicación de novas tecnoloxías na sanidade pública?

Tamén reclaman unha vez máis reducir o gasto en persoal eventual. Eu creo que xa contestei isto pola mañá. É que me parece sorprendente que unhas persoas que tiveron responsabilidade no goberno —xa vai habendo algún tempo, tamén é verdade— aínda sigan coa teima de persoal eventual, cando a día de hoxe temos máis dun 27 % menor que o que había no seu momento e sen unha estrutura de miseria como había naquel momento, de que había persoas contratadas por menos de 1.000 euros na estrutura da propia Presidencia da Xunta. É algo que, de verdade, me produce un repelús enorme.

Como vexo que fai falta, diríalle outro dato que tamén é simple dedución do que dei pola mañá. En persoal eventual, dende que somos goberno, levamos aforrados máis de 20 millóns

de euros en persoal eventual de gabinete; 20 millóns de euros leva aforrado este goberno. Xa lles dixen en moitas ocasións que neste tema o BNG debería non intentar facer demagogia, por favor. Non son cribles, pois cando gobernan sempre fan o contrario do que se nos pide cando están dende a oposición.

Tamén é recorrente que piden rebaixar gastos en partidas ás que destinamos menos da metade do anterior Goberno. Centrareime. De novo, cos datos actualizados.

Gasto en material de oficina: baixámolo un 53 %, pero haberá que ter algún gasto tamén nas oficinas, ¿non?, o 100 % non existe. Gasto en atención protocolaria: diminuímolos en máis dun 51 %; e hoxe volveuse oír aquí a cantilena dos gastos en atención protocolaria. Gastos en reunións, conferencias e cursos: diminuímolos case un 54 %, por décimo ano, e seguímolo oíndo. Gastos en publicidade e propaganda: reducímolos un 60 %. Eu creo que non son necesarios moitos máis exemplos.

Piden minorar tamén o crédito previsto para a estación intermodal de Ourense. ¿De verdade o BNG non quere apostar pola intermodalidade en Ourense? Eu creo que alguén de vostedes debería de ir a Ourense a explicar isto, porque se queremos facer a intermodal de Ourense ou no resto das grandes cidades de Galicia, que é o que estamos a facer, dalgún lado teñen que saír os créditos. Pódese discutir o modelo, o modelo tal, pero minorar créditos para que non se faga unha cousa, dado o estado da situación actual do proxecto, é que me parece incrible.

Tamén incluso un grupo que nos está sempre dando clases aos deste lado da bancada do que pode ser a saúde pública elimina os recursos para o funcionamento do propio Laboratorio de Saúde Animal de Galicia, que temos ubicado en Lugo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Pero que pretendemos? Supoño que serán erros de verdade, non me cabe na cabeza que poidan ser. Pero é que, cando buscamos así, sempre é o mesmo.

Ou cando retiran o financiamento que temos destinado ao edificio Fontán, na Cidade da Cultura, en Santiago. Pero ¿non se dan conta de que non é un edificio, que este edificio verdadeiramente a función que vai ter é de investigación en ciencias sociais, con relación coas tres universidades?

Hai outras emendas que se refiren a aplicacións que non existen, pero neste caso eu si que entendo que será un erro. O que xa é algo máis que un erro é propoñer minoracións en transferencias de financiamento a entes, que, como saben vostedes, hai un correlato: minoración de transferencias entes-adequación do propio orzamento deses entes, porque, se non, estaríamos aquí facendo trampas. Se non xogamos... *(Murmurios.)* Non, non, falo con carácter xeral. Son os casos da Axencia Galega de Infraestruturas, de Augas de Galicia, da Axencia Forestal, da Axencia de Turismo, con varios e variados exemplos.

Ou tamén dos aumentos que formulan de crédito nas súas emendas. Aquí actúan ao revés de minoracións, pois propoñen un aumento de créditos, por exemplo para transferirle ao Igape pero logo non incrementan os créditos do Igape; é dicir, que vén vía financiamento pero despois o Igape non pode financiarse máis; *lo siento, Paco.*

E tamén hai algúns casos curiosos que reclaman aumentos de créditos para a creación dunha banca pública galega, unha entidade galega de investigación, e o destino que se formulan son transferencias de capital a empresas privadas. ¿Comprenden? Cando eu me encho a falar da palabra rigor —e nós cometemos máis erros que ninguén, porque meneamos máis as cousas—, deberíamos ter entre todos un pouquiño máis de humildade na forma de tratar as cousas. Non semella moi coherente.

Por tanto, considero que existen razóns máis que xustificadas para rexeitar as súas emendas.

Ao voceiro do PSdeG dicirille tamén que rexeitamos subirlles aos galegos 160 millóns, tal como propón o seu grupo, en impostos. Está claro. Ademais, imos por partes, imos por orde: 200 o BNG, 160 o PSdeG, 150 En Marea; creo que imos así... Xa non estamos falando das cantidades que eran outros anos, tamén é verdade. Imos todos pouco a pouco reformulando. Volvo repetir: non queremos que os cidadáns galegos paguen máis polo IRPF, creo que temos a tarifa adecuada para o tipo de rendas que en Galicia temos. Non queremos que se pague máis polo imposto de patrimonio. Tampouco queremos que se pague máis polos impostos medioambientais, eses 24,5 que propoñen vostedes. Rexeitamos, que era como lles dicía antes, o imposto de grandes superficies. Tampouco vemos consistentes os aumentos dos ingresos en 21 millóns de euros en sucesións, en liña totalmente, como xa lles dicía, contraria ao que se está producindo en todas e cada unha das comunidades autónomas.

Polo tanto, xa lles digo que as explicacións un pouco que lle dei anteriormente con carácter xeral ao BNG son extrapolables tamén tanto ao caso do PSdeG como ao de En Marea. Hai o mesmo esquema de resolucións en que, unha vez máis, seguen caendo todos vostedes.

Hai un imposto do que si me gustaría falar un momentíño, como é o imposto sobre instalacións que inciden no medio ambiente, como as de telefonía telemática e as liñas de transporte de enerxía eléctrica, que o que si descoñecemos é, á parte de formulalas, como calculan o importe imputado a esta medida de 18 millóns de euros. Digo isto porque reitero que neste imposto, que xa teñen algunhas autonomías, a cota oscila entre os 700 e os 1.200 euros por quilómetro e liña e con este tipo de novo volvemos incorrer no mesmo erro. Isto significaría unha recadación entre 1 e 2 millóns de euros. ¿De que estamos a falar en cuestións fiscais con este tipo de magnitudes? E así sucesivamente.

En Galicia tamén lles direi que, respecto da emisión de gases nocivos para a atmosfera, xa temos un imposto propio que grave estas substancias, e aplicámolo dende 1996, que é o imposto de contaminación atmosférica. Polo tanto, coa ampliación do feito imponible e do imposto a outras substancias que graven outras autonomías non serían tampouco posible recadar os 6,5 millóns de euros que propoñen vostedes nas súas emendas e nos seus cálculos, ás veces de bóla de cristal.

En canto á suba dos actuais gravames para o aproveitamento de auga encorada ou sobre contaminación atmosférica, tamén para recadar outros 6,5 millóns de euros máis, ou sobre contaminación atmosférica, por 2,5 millóns de euros, non cabe, como ben coñecen —que iso tamén é unha técnica que eu creo que deberíamos de coñecer practicamente todos os que

estamos aquí neste Parlamento—, a súa modificación, por motivos exclusivamente recadatorios e que teñen unha finalidade claramente de carácter medioambiental. Non o explico, de verdade.

Polo que respecta á intención do PSdeG de que incrementemos a previsión de ingresos en 21 millóns de euros máis pola recadación de imposto de sucesións, 20,6 por transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, non confundamos de novo o que son os dereitos recoñecidos netos e o axuste que hai que facer a final de ano para dar de baixa determinadas cuestións de carácter fiscal que temos. Non confundamos a evolución que imos traendo a este Parlamento de carácter trimestral co axuste que temos que realizar no último trimestre, que provoca este tipo de situacións. Así é moi fácil que incorramos en erros de estimación e que chamemos ingresos a ingresos que non van ser certos ao final do exercicio.

E sobre os supostos maiores recursos dunha mellora de xestión recadatoria na loita contra a fraude fiscal, temos en conta que o apartado da loita contra a fraude, a partida a que imputan 17 millóns de euros a multas e sancións tributarias, se se están a referir con iso a unha mellora da xestión recadatoria, quero insistirles en que, tal e como xa lles dixen no imposto de sucesións e doazóns, unha cousa son os importes dos dereitos recoñecidos netos publicados cada trimestre e outra a liquidación definitiva do ano polas anulacións de fin de exercicio.

A loita contra a fraude fiscal este goberno témola impulsado, como tamén dicía anteriormente, dende o ano 2009, reforzándoa coa creación da Axencia Tributaria. Por exemplo, o pasado exercicio fixemos aflorar 144,2 millóns de euros non declarados e revisamos máis de 325.000 autoliquidacións, que supuxo en concreto un 21 % máis que o ano anterior. Polo tanto, sempre se pode facer algo máis, pero nos importes que estamos a falar de fraude fiscal e loita contra a fraude fiscal creo que estamos en taxas perfectamente equiparables a calquera outra administración ou na parte alta de loita contra este tipo de actuacións, para nada queridas por este que lles fala.

Non podemos estar de acordo na formulación de ter en conta 140 millóns de euros máis en ingresos por unha suposta maior marxe de déficit, de novo o famoso 0,3 %. É que, de verdade, a estas alturas, coa que está caendo en España, falar dun 0,3 %, cando hai a inmensa maioría de comunidades autónomas que teñen presentado o seu orzamento e van á senda legal, única, establecida nestes momentos, que é do 0,1 %, e que aínda se traia o 0,3 % a esta cámara, é algo verdadeiramente preocupante.

Como é moi preocupante que se nos pida un maior endebedamento cando, como ben coñecen, non hai unha regra fiscal, senón que hai catro: déficit público, débeda, regra de gasto e período medio de pago, con distinta intensidade nos distintos grupos. Pero hai unha regra mestra que xoga para esta comunidade autónoma como é a regra de gasto dende o ano 2016, 2017 e 2018 e sucesivos, que é a regra de gasto. É que soamente con esa regra calquera tipo de incrementos cando a propensión ao endebedamento tende a cero resulta que sería endebedarnos ¿para que?, ¿endebedarnos para que?, se a capacidade de gasto queda limitada pola regra de gasto, que o que marca é a tendencia ao incremento da economía, neste caso galega

ou española, pola taxa de referencia, que para o ano que vén será do 2,7 %, cos distintos axustes que temos que facer en contabilidade nacional.

Pero, entón, ¿por que estamos enganando a xente con pretendidos ingresos que despois non van poder ser executados se cremos todas e cada unha das regras que xogan na consolidación fiscal? ¿Ou é que acaso nos están pedindo que incumpramos a lei?

Creo que, polo tanto, deberíamos ter un pouquiño de coidado coas formulacións que ás veces facemos.

Non me vou meter noutro tipo de minoracións que formulan. Xa lles digo que non pode ser máis que sorprendente unha vez máis. Pero, ano tras ano, volver aquí falar de gastos en persoal de gabinete, de gastos inmateriais, remítome ao que xa lle contestei ao BNG, e o mesmo tamén para o Grupo de En Marea cando chegue o momento. Incrementan sempre que poden e teñen ocasión. Non dean, por favor, clases no tema de altos cargos e de persoal eventual.

Ao igual que o BNG respecto das minoracións, en ocasións piden detraer recursos de partidas que son de fondos finalistas e de fondos europeos. Non podemos facer o que nos propoñen, sería de imposible aplicación. Ademais, resulta que piden a gratuidade das peaxes das autoestradas galegas, cun gasto de 10 millóns de euros. E a min é algo que xa empeza a despistarme. En Galicia 10 millóns de euros en peaxe nas autoestradas galegas, e resulta que existe un goberno en Madrid onde, a través de globos sondas —ou non tan sondas—, resulta que o que se está planteando é poñer peaxe a todas as autoestradas, a todas as autoestradas, coa excusa da conservación. Pero ¿en que quedamos? É que un ten que volverse un pouco tararí tararí, pero ben... (*Aplausos.*)

E despois, como para chascarrillos temos todos, seguro que tamén cando len os nosos orzamentos, nós tamén temos uns cantos, non digo que non. Pero resulta chamativo ás veces ese toque social que tanto demostran neste caso. Estoume a referir aínda ao PSdeG, porque eu supoño que será sen darse conta, pero reducir un 30 % a partida que destinamos a eleccións sindicais, eu debo de estar..., alguén se equivocou (*Risos.*); non creo que falaran cos sindicatos, que nos están a pedir elección tras elección un pouco máis. ¡Home!, eles piden bastante máis, chegamos a un pouco máis, ás veces ao mesmo, pero ¡é que pedir rebaixar un 30 % para as eleccións sindicais...! Eu creo que todos cometemos erros, por iso un pouquiño máis de... Ata incluso pedimos minorar en bastante proporción o Fondo de Continxencia, cando o temos máis que axustado; un pouco máis e vai quedar un o Kelvin, ¿non?

O que si me preocupa —e disto si que non fago chascarrillo, porque iso si que me trae un pouquiño de dor persoal—, porque, cando aquí tanto falamos da sanidade pública, mirar unha partida onde chegan a propoñer a redución como é o Programa de saúde mental, aí si que creo que ten que ser un erro. É un erro, porque *no me lo puedo creer*, que ningún grupo da Cámara traia dunha maneira consciente a esta Cámara unha redución nos créditos que amparan o Programa de saúde mental. Creo que debíamos de ter un pouquiño máis de coidado entre todos.

A En Marea xa lles dicía antes: non estamos de acordo no modelo, señor Lago. Vostede falou cero minutos e a min que se me dixo que hoxe á mañá tardei corenta e oito, ao final foron corenta e dous —ben, a forma de contar En Marea é distinta—, e que non falaba de determinadas cuestións... Falou moi pouco destas, do que nos traía aquí nestes momentos pola tarde a falar como o resto dos grupos, pero eu si que o vou facer, porque tomei a liberdade, coa miña xente, de mirar o moito que traballaron tamén sobre este tema.

Tamén xa lle digo que me parece que imos progresando adecuadamente, porque se o Bloque me pide 200 máis en impostos, o PSdeG 160 e En Marea 150, algo imos ben; non é que sexa moito, pero pouco a pouco vai a cousa confluíndo cara ao que nós consideramos que debe ser, debido a dúas cuestións: a un ecosistema en positivo, aínda que sexa mellorable na súa xestión; está máis ben condicionado polo que pode ser a evolución do gasto ligado á regra de gasto, e que en consecuencia non fagamos experimentos salvo —e aí si que nos encontraremos ao seu debido tempo— en cuestións que poidan ter natureza medioambiental evolucionada, como pasa nas sociedades normais e creo que cada vez máis en Galicia.

Polo tanto, non nos van atopar aquí no incremento de 150 millóns de euros pola vía fiscal. Non lles imos facer iso ás galegas e aos galegos e ao mesmo tempo non imos incluír outros 238 millóns nos orzamentos en base legal ningunha.

Porque vostede, que sempre fala de que teñen razón, que non teñen razón, de que..., ¡home!, non faga que pintemos 238 millóns de euros dunha pretendida supoño que será débeda do sistema de financiamento cando non veñen ao caso. Nós xa vemos cos números que bastante dificultade xa tivemos nós e outras comunidades para recoñecer os 198 millóns do IVE, que eses si que son propios do actual sistema, e non xoguemos cos números, ¡por favor!

Polo tanto, todas e cada unha das cuestións que lles fun dicindo aos seus anteriores, sabe que pola estrutura do que se nos transmitiu por parte de En Marea xa quedan contestadas.

Tamén na parte impositiva, onde presentan incrementos impositivos maiores, como tamén na parte do que son rebaixas fiscais, nas que teñen que ler con todo o abano de rebaixas que temos instaurado. Sería bo que dunha santa vez dixesen todos e cada un dos grupos a quen se lle vai quitar: ¿a determinadas axudas que temos por nacemento?, ¿a determinadas axudas que temos por discapacidade?, ¿a determinadas melloras que temos en transmisións patrimoniais pola compra de vivenda habitual? ¿Por que non lle poñemos nomes e apelidos cando se nos di que rebaixar os beneficios fiscais, para que cadaquén se vexa? Esa é unha decisión tan lexítima, o de que quitarlle, como a proposta que fan vostedes. Efectivamente, pero digamos a quen se lle quere quitar, digamos o que é a teoría de Robin Hood, que tanto practican vostedes, ese despotismo ilustrado ao mesmo tempo de dicirlle á xente: vostede non é quen de ter esta responsabilidade nas súas mans, déama a min, que eu si sei o que vou facer con eles. ¡Home!, xa evolucionamos un pouquiño máis en todos estes anos.

Polo tanto, a proposta que teñen vostedes, os señores de En Marea, señoras e señores de En Marea, de aumentar 213 millóns de euros dos ingresos que veñen do Estado, eu, de verdade, non comprendo como xogan vostedes, estrullan de determinada forma o sistema de financiamento autonómico e son capaces de chegar á conclusión de que, coa metodoloxía actual,

en cada un dos catro fondos que temos resulta que á Comunidade Autónoma de Galicia, en base aos datos que só ten a Marea, se nos deben 213 millóns de euros. Aí si que debíamos de abrir unha comisión, señor Lago; debíamos de abrir unha comisión porque, de verdade, aínda que fora só un, este que lles fala e todo o seu equipo, este goberno que o sustenta, estaríamos pelexando pero como gato panza arriba. Non podemos xogar desa maneira cos números, ¡home!

E o que xa é increíble é o incremento que se produce como consecuencia dos fondos que deben vir do Fondo de Compensación Interterritorial. Eu cría que isto se decide, en primeiro lugar, no Parlamento e en base a determinados parámetros de investimento real que se plasman nos orzamentos do Estado, e agora ¿dísenos que temos que recibir máis neste ano dunha cantidade? Isto é voluntarismo puro e duro, isto é chamanismo, isto non ten nada que ver coa economía política.

E outra vez, eu non sei que manía lles tedes aos de Ourense, porque estou mirando alí algún representante de Ourense, pero..., que manía lles temos aos de Ourense, porque tamén de novo á estación intermodal de Ourense resulta que se lle minora tamén e ao mesmo tempo para o resto de intermodais se pide 4 millóns máis. Eu non sei que ten a de Ourense, (*Murmurios.*) non sei que ten a intermodal de Ourense, non o explico. Non se poden admitir ese tipo de cuestións.

Polo tanto, e sen entrar máis en tal, que había unha retahíla deles —de verdade que teño para falar durante un pouquiño máis—, creo que xa vai sendo hora de que vaia rematando a miña intervención.

O que caracteriza, polo xeral e de común, as emendas dos grupos da oposición é que pola banda dos ingresos temos moi difícil, por non dicir nin tan sequera imposible —son ADN distintos os que temos nesta materia—, aceptalas. Dende o noso punto de vista son inviables, irrealizables, están baseadas en ingresos que non se van percibir. E nunca máis fagamos o que se fixo no ano 2008 e 2009, nunca máis pintaremos ingresos como no ano 2008 e 2009.

Outras están sustentadas en creación de impostos de dubidosa legalidade ou responden a subas de impostos que, ademais de non estar de acordo, en grande medida non están cuantificadas ou, en caso de estalo, levarían un aumento desmesurado nalgúns tributos.

En canto á minoración de gasto, coinciden vostedes —volvo repetir—, todos e cada un dos grupos, en detraer fondos finalistas do Estado ou fondos europeos, co cal non se poden empregar para a finalidade que propoñen. Retiran partidas fundamentais e prioritarias para a estratexia orzamentaria deste goberno, que, polo tanto, non podemos aceptar. E mesmo chegan a diminuír ou practicamente eliminar partidas necesarias para o correcto funcionamento da Administración.

Por todas estas razóns, a coherencia aconsella —e neste goberno procuramos ser coherentes co seu programa de goberno— non aceptar estas propostas que afectan as nosas prioridades ou que impiden o normal e correcto funcionamento dos servizos públicos que si que merecen os nosos cidadáns.

E, sen máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Grupo non emendante, Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

A verdade é que estaba pensando eu que, señor presidente, vai haber que ir pensando en abrir a claraboia, porque calquera día chegará o paracaidista, traerano no Falcon e o Partido Socialista terá novo portavoz. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Moi boas tardes a todos. Logo de horas de intenso debate dos orzamentos, constatamos... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Logo de horas de intenso debate, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* constatamos que os galegos e as galegas, efectivamente, teñen dúas opcións. Hai a primeira opción, a opción do Goberno, un goberno cunha maioría que o apoia e que representa a maioría dos galegos, unha maioría que presenta ante Galicia unhas contas serias, unhas contas realistas, adaptadas ás necesidades actuais de Galicia, unhas contas que apostan de novo polo crecemento económico, pola creación de emprego, polas baixadas de impostos e pola mellora dos nosos servizos públicos. E, do outro lado, fronte a este goberno rigoroso, o que hai é unha oposición conformada por tres minorías minoritarias. Tres minorías que teñen moitas teimas. A primeira, máis impostos, máis débeda, máis déficit. Polo tanto, queren menos crecemento económico, queren menos emprego, queren peores servizos públicos para as vindeiras xeracións de galegos e galegas. Ese é o seu modelo.

Pero tamén podemos confrontar o modelo en España e en Galicia, porque temos tamén dous modelos: o modelo que representa Galicia, o modelo do presidente Feijóo, un modelo de estabilidade institucional, un modelo de maiorías, centrado nas necesidades reais de Galicia, do presente, pero tamén pensando nas do futuro. E temos do outro lado o modelo do Partido Socialista, o modelo do presidente Sánchez, o modelo da inestabilidade, o modelo da suma das minorías, o modelo do apoio no radicalismo, cuxo único proxecto político é a súa supervivencia persoal. Esa é a realidade.

E, polo tanto, aquí sabemos que o 1 de xaneiro vai haber uns orzamentos en vigor na nosa comunidade e o que temos claro é que no conxunto do Estado non vai haber orzamentos, porque, por non saber, non se sabe cando van entrar en vigor, pero é que non se sabe nin sequera cando van entrar no Congreso dos Deputados, cando van entrar na Cámara; probablemente, en ningún momento.

As emendas que presentan os distintos grupos da oposición o que constatan é claramente cal é o seu modelo. É o modelo do sablazo aos galegos. As súas propostas de subas de impostos supoñen en xeral subirilles os impostos aos galegos en 464 millóns de euros para o ano que vén. O BNG quere 190 millóns de euros máis en impostos, o Partido Socialista 123 millóns de euros máis en impostos, as Mareas queren 150 millóns de euros máis en impostos. Sablazo fiscal ao conxunto dos galegos.

O noso modelo é o da rebaixa de impostos. Fixémolo no 2016, fixémolo no 2017, fixémolo no 2018 e imos volver facelo no 2019.

Logo vemos que propoñen novos impostos, pero é que non se coordinan as tres minorías minoritarias, non falan entre eles. Miren, imposto de auga encorada. A Marea pretende recadar 50 millóns de euros, o Partido Socialista di que neste imposto se recadarían 6 millóns de euros no ano 2019.

Imposto de vivendas baleiras. O BNG quere recadar 36 millóns de euros; a Marea, 2. Están vostedes coordinados, comparten información, son unha alternativa magnífica para Galicia.

Imposto de grandes superficies. O BNG quere recadar 30 millóns de euros; a Marea, 4; e o PSOE, 6. Póñanse de acordo.

Imposto sobre as bebidas azucradas. O BNG di que se poden recadar 11 millóns de euros; a Marea cre que se pode recadar medio millón de euros. Vaia cacao mental que ten a oposición aquí en Galicia.

E logo está o Partido Socialista, que vive un proceso de podemización francamente preocupante. Supoño que é pola dependencia que teñen nese Goberno de España que agora pronuncian con tanta seguridade.

Eu alégrome de que o voceiro socialista critique o gobernador do Banco de España, o señor Fernández Ordóñez, porque, efectivamente, non foi quen de sinalar nin de poñer as alarmas sobre o que estaba acontecendo no noso país. E vímolos que estaba preocupado pola industria. ¡Caramba!, pois se están preocupados pola industria, fagan algo, señores do Partido Socialista, porque no caso de Alcoa poden estar facendo algo e non o fan; e no caso de Meirama e da central térmica das Pontes, poderían estar deixando de mandar mensaxes francamente negativas e preocupantes. (*Aplausos.*) ¿Preocupados pola industria? Non os cremos. Non o están, non o están.

E vostede falaba dunha voda. Supoño que se esa voda, en vez de ser na Coruña, fose en Vigo, non a criticaría. Mire, o señor Amancio Ortega é un home feito a si mesmo, un home feito a si mesmo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Un exemplo claro de ascensor social, un empresario que xera na nosa comunidade trinta mil postos de traballo entre directos e indirectos. Polo tanto, eu creo que as críticas debería dirixilas vostede cun pouco máis de control e de rigorosidade pola súa parte.

Di vostede que nós non estamos preocupados pola pobreza. Pero ¿como se atreve a dicir isto? Mire, eu xa sei que non lles gusta que comparemos cando gobernaban vostedes. Entre o ano 2017 e o orzamento que imos aprobar agora subiu o gasto social na nosa comunidade 473 millóns de euros máis, en tres anos. Iso é compromiso.

Renda de integración social de Galicia. ¿Sabe canto se dedicaba á Risga cando gobernaban vostedes? 23 millóns. ¿Sabe canto se dedica agora? 64, 64. Case triplicamos o investimento na renda de integración social de Galicia.

Fondos dedicados á inclusión social e á pobreza. Cando gobernaban vostedes, 66 millóns; hoxe, 115 millóns de euros. ¿Quen está máis comprometido coa inclusión social? ¿Pero qué-
renos tomar o pelo, señor Losada?

Eu creo que hai que traballar con rigor, e, polo tanto, creo que estas emendas que vostedes presentan carecen precisamente do máis mínimo rigor.

Piden, como sempre, que se reduza o persoal eventual ou que se baixe directamente a cero, queren deixar sen conexións telefónicas a todas as consellerías da Xunta de Galicia, queren eliminar o gasto en mantemento e equipos informáticos, queren eliminar a cero o gasto en seguros e fondos. ¿Con vostedes funcionaba a Xunta de Galicia con cero euros en persoal eventual, cero euros de gasto telefónico e material? ¿A Xunta de Galicia funcionaba sen papel nin bolígrafos, señor Losada? Pero, polo tanto, eu creo que deberían ser moito máis rigorosos nas emendas que presentan a este debate dende os distintos grupos.

Queren reducir o gasto de persoal eventual. Pero se nós reducimos o gasto de persoal eventual ao redor dun 40 % con respecto a cando gobernaban vostedes. É que acaban de chegar ao Goberno de España, e ¿sabe que foi o que fixeron a primeira semana? Incrementar o custo salarial de ministros nun 30 %, e o persoal eventual, asesores, un 25 %. Pero ¿quérenos tomar o pelo, señor Losada? Un 25 %. Vostede, ao que lle gustan tanto as hemerotecas, eu creo que debería ir máis a elas.

En fin, este é o modelo da oposición: consellerías que funcionan sen material de oficina, sen teléfono, profesores da concertada que mellor que non cobren, alumnos da concertada que quedarían sen clases o 1 de xaneiro... Ese é o modelo dos partidos da oposición. *El rigor al poder*, está claro. ¡Vaia exemplo, vaia tomadura de pelo! Pois, señor Losada, se iso non é o que propón vostede, cando se voten as emendas do resto dos grupos, vote en contra. Pero é que vostede vai votar a favor do que propoñen eses grupos. Polo tanto, non se escandalice.

Miren, debe saber a xente do rural que En Marea propón recortar a partida de indemnizacións por ataques do lobo. Deben saber os alcaldes dos pequenos concellos que o PSOE propón eliminar a partida para redactar plans básicos de urbanismo para os concellos de menos de cinco mil habitantes. Deben saber os autónomos de Galicia que o Bloque Nacionalista Galego propón recortar 9 millóns de euros á partida para as axudas que van destinadas a eles. Ese é o seu modelo.

E logo eu creo que nin tan mal, ¿non?, porque o certo é que se lles enche a boca de críticas cara ao Goberno galego e logo á hora da verdade vostedes non están onde se lles espera.

Din dende o Partido Socialista: a sanidade galega está fatal por culpa dos tremendos recortes do Partido Popular. Dínolo habitualmente o señor Torrado cada vez que sobe á tribuna, pero igual o que deberían saber todos os deputados é que, á hora de facer uns orzamentos alternativos, á hora de presentar estas emendas, o grupo do señor Torrado sobe o orzamento da Consellería de Sanidade un 1,6 %. ¡Home!, non debe de estar tan mal o orzamento e o compromiso da Xunta de Galicia coa sanidade cando vostedes teñen ocasión de presentar un modelo orzamentario alternativo e cren que a sanidade pública se amaña cun 1,6 % de orzamento máis. ¡Vaia papelón dos grupos da oposición!

A educación pública galega está completamente desmantelada. Isto é o que nos di dende o Bloque Nacionalista Galego de forma habitual a señora Rodil. Pero ¿que pasa á hora da verdade? Que nos orzamentos alternativos do Bloque Nacionalista Galego as partidas para educación soben un 0,4 %. Eu supoño que están de acordo coa política educativa da Xunta de Galicia nun 99,5 %.

Claro, a Risga é totalmente insuficiente —dinnos dende as Mareas de *Pudimos*—, totalmente insuficiente. ¿Nos seus orzamentos alternativos que supoñen? Un 0,6 % máis. Entón, están de acordo cos orzamentos actuais nun 99,6 %.

E logo está o Partido Socialista, coa señora Toja, que nos conta habitualmente que o mundo do mar está fatal e que o orzamento da Xunta de Galicia é insuficiente. E como é insuficiente, o Partido Socialista o que propón é rebaixalo máis, rebaixalo en 3,8 millóns de euros. Señor Losada, noraboa polas súas iniciativas. (*Aplausos.*)

E logo está o recorte en infraestruturas e reparticións caciquís. En todas as comisións de infraestruturas tanto o señor Cal como o señor Bará piden novas obras, reparacións urxentes, actuacións en materia de augas. E logo, á hora da verdade, as Mareas resulta que lle quitan 34 millóns de euros á Consellería de Infraestruturas e Augas, e o BNG, que non quere quedar atrás, quere reducir o orzamento desta consellería en 70 millóns de euros, case un 20 %. ¿En que quedamos, señores da oposición?

Iso si, non me resisto a comentar, antes de rematar, unha última cousa sobre as Mareas de Podemos, porque elimínanlles 34 millóns de euros ás infraestruturas pero na súa alternativa hai cartos só para 3 que queren incluír, que é: 1 millón de euros para a estrada da Ramallosa, concello de Teo —governan as Mareas—; 1 millón e medio de euros para a variante de Aradas, concello de Santiago —governan as Mareas—; e 1,5 millóns de euros para a variante de Cangas —¡caramba, sorpresa, alí tamén gobernan as Mareas—. Iso si que é unha reparación caciquil a través das emendas transversais que presentan. (*Murmurios.*)

Dende logo, eu o que lles digo é que estes orzamentos se elaboran na sede da Xunta de Galicia en San Caetano e se negocian no Parlamento de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Sei que vostedes os seus orzamentos os negocian na sede de Podemos e tamén nos cárceres de España, pero nós dende logo é que non coincidimos con vostedes e claro que imos rexeitar as súas emendas.

Mire, o noso modelo é completamente radical ao seu. Nós cremos en crear emprego; vostedes o que queren é destruílo. Nós cremos en baixar impostos; vostedes o que queren é subilos. Nós cremos en menos débeda e menos déficit; e vostedes o que queren é desbocar o déficit e endebedar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...todos os galegos.

Dende logo, para esa viaxe non conten con nós. Afortunadamente, aquí hai un goberno, aquí hai unha maioría, aí hai tres minorías minoritarias, que creo que nin tan sequera estudaron os orzamentos da Xunta de Galicia para o ano que vén.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Saudamos os residentes e o persoal da Residencia Teniente Coronel Barroso, de aquí de Santiago, que hoxe nos acompañan dende a tribuna. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, no turno de réplica, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Que se negocian no Parlamento estes orzamentos, di o señor Tellado... *(Risos.)* É que así isto parece o Club da Comedia. *(Aplausos.)* Curioso concepto de negociar. Agora ben, si que dixó que se elaboraban en San Caetano, e eu agradezo moito que o señor Martínez non vaia ver algún ex-ministro do Partido Popular de Facenda ao cárcere para pedirlle consello, porque a verdade é que... *(Aplausos.) (Murmurios.) (O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Si, creo que está facendo o señor Tellado algunha mención á súa grande obsesión, que é Otegi. Supoño que está vostede afectado polas últimas consideracións de Estrasburgo; eu síntoo, señor Tellado, pero... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, vou falar do importante. Eu creo que deberían coordinarse un pouco vostedes dous porque, claro, o señor Martínez dinos que son moi parecidas entre si as emendas, que é todo un *totum revolutum*; ou sexa, mal porque somos repetitivos, seica. E para o señor Tellado, mal porque temos diferenzas. En fin.

Centrándome un pouco máis nas cuestións das que xa falou o señor Martínez e que merecen un pouco máis a pena: falou de humildade, ¡díxolle a pota ao caldeiro tamén! Está claro que un ano máis suspendemos en técnica orzamentaria; vostedes tamén, porque moitas veces fan autoemendas ao propio estado de gastos, a cuestións de erros no articulado e demais. Pero o máis preocupante, ou o que debería preocuparlles desde o punto de vista dun goberno, é que vostedes suspendan en diálogo. Porque, un ano máis, está claro —e xa podemos facer unha predición de futuro— que non van aceptar nin unha soa proposta ao estado de gastos. Eu podo entender incluso que unha emenda á totalidade non a acepten, pero o que non entendemos é que haxa tan pouca vontade de diálogo a respecto de cuestións que se orientan nesta proposta, que se debaterán nas emendas parciais e que, un ano máis, dan igual; vostedes non teñen a máis mínima vontade para dialogar. É unha pena non ter tempo ilimitado como vostede, pero responderei a algunha cuestión.

Intermodal de Ourense: miren, non veñan aquí facer demagogia, nós non demos de baixa ningunha partida nominativa. En todo caso, non se preocupe; nós tamén, nas emendas par-

ciais, presentamos emendas a respecto da intermodal de Ourense para ter unha intermodal de verdade, non o que vostedes queren facer, que é facer dun centro de saúde unha rotonda. *(Aplausos.)* Entón, non se preocupen, que cando queiran mellorar de verdade a intermodal de Ourense este grupo estará ao seu lado, como o estivo permanentemente presentando alegacións aos proxectos.

Fala de trinta millóns de sanidade dixital que reducimos, e demais. Si, claro, nós temos un modelo diferente: empregar os recursos públicos de todas e todos para reforzar áreas da sanidade como a atención primaria, que está nunha situación crítica; non regalarlles contías de diñeiro a Indra ou á Everis do ex-ministro Serra. Esa é a súa dixitalización, señor Martínez, pero nós non lla compramos. *(Aplausos.)*

Tamén fala vostede da cuestión da política fiscal. Dixo unha gran verdade, que é que a nosa política fiscal vai en dirección contraria á do Partido Popular; efectivamente. Falaba o señor Tellado de sablazo aos galegos e galegas. ¡En absoluto! Sablazo, en todo caso, ás empresas e aos sectores que deben ser gravados. *(Aplausos.)* Claro, eu non sei que problema ten vostede en cobrarlle aos fondos voitre —á Sareb e ás entidades financeiras—, que son os principais responsables de que o mercado galego da vivenda estea avanzando cada vez máis nun mercado especulativo puro e duro, e de que sexa un problema a cuestión habitacional. Nós, desde logo, estamos a favor e mantemos o debate sobre esta cuestión.

É que vostedes, por non querer, non queren nin abrir un debate sobre a cuestión das bebidas azucradas. Mire, é que repercutir no consumidor tamén repercuten as contías dunha parte do tabaco, e eu creo que non vai vir vostede dicir que son malísimos os impostos ao tabaco, porque ten unha repercusión na saúde pública. É algo no que se chegou a consenso e que está aí.

Redes de alta tensión: mire, que veña vostede dicirme que isto pode acabar repercutindo nos consumidores, tendo en conta que teñen ata o 30 de novembro deste mes para acabar repercutíndolles nos suplementos autonómicos dos que advertiu o BNG durante anos e que van costar aos galegos e galegas un incremento de trinta e oito millóns de euros na factura da luz, é ter o nivel de demagogia moi subido nesta tarde. *(Aplausos.)* Primeiro, Aragón ten este imposto e non se lle repercutiu nos suplementos territoriais porque non é á xeración. E logo tamén dicía que 1,3 millóns lle parecía pouco. Se estimamos unha contía moderada, mal; se estimamos unha contía alta, mal tamén. Está claro que así non hai quen teña un debate en seriedade.

E falaba vostede tamén pola mañá de que este era un debate para incorporacións. ¿Pero que incorporacións? ¡Se non están dispostos a nada! Porque mire, eu voulle poñer tres exemplos moi concretos de cuestións nas que se podería abrir un debate. Por exemplo, triplicar as bolsas de estudo universitario: isto son seis millóns de euros nun volume de máis de nove mil millóns de euros. ¿Por que non abrir un debate sobre esta cuestión concreta? ¿Por que non abrir un debate sobre a cuestión concreta de ampliar a saúde bucodental? ¿Ou por que non reforzar as contías para unha fenda salarial? Señor Martínez, isto non é un exame, pero, desde logo, tampouco é un debate real, porque vostedes non teñen a máis mínima intención de aceptar nada.

En suma, a batería que facemos é de cuestións de fondo, de cuestións que abrirían novos horizontes e que nos permitirían abrir un futuro diferente. E, polo tanto, seguiremos a insistir.

E eu quixera facer unha última mención a algo que me parece fundamental —que xa llo dixen na comisión e que hoxe me vexo na obriga de repetir—: non é en absoluto presentable para nós que veña aquí o Goberno galego falar de orzamentos e que permanentemente non faga unha soa mención á precariedade laboral que hai neste país. Por iso tamén presentamos unha batería de cuestións referentes ao emprego e nas que seguiremos insistindo no resto do debate.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Porque non se trata —e remato, señor presidente— de conformarse con que aumente o PIB, con que aumente o cadro macroeconómico, senón de como se reparten eses ingresos, como se reparte o esforzo e como se reparte esa creación da riqueza.

Eu remato simplemente ensinando unha portada que é ilustrativa —xa que non temos tempo ilimitado, unha imaxe vale máis que mil palabras— sobre a realidade que se está consolidando neste país. *(A señora Presas Bergantiños amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Hoxe esta é a portada de *La Voz de Galicia*: sae Alejandro Rivero, neurólogo, premio de bacharelato no 2008. Recibe hoxe o Premio Nacional de Fin de Carreira e di: «*Mi perspectiva es irme al paro*». Nós non queremos un futuro así no noso país.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Queremos creación de emprego e queremos apostar polos servizos públicos e outro modelo produtivo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

A verdade é que non sei moi ben por onde empezar. Podía empezar por Ourense e os orzamentos da cidade de Ourense, que todos sabemos que trasladan a mesma estabilidade e seguridade orzamentaria dende o ano 2014, creo que é. Creo que é un bo marco. *(Aplausos.)* E logo, cando falamos de intermodais, podemos empezar tamén pola da Coruña, que tamén é un elemento importante.

Mire, señor Tellado, a verdade é que está o Partido Popular para falar de vodas e de cárceres. Eu creo que é a metáfora perfecta da historia política deste país e do Partido Popular *(O señor*

Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.): la boda del Escorial y Soto del Real Corporation. (Aplausos.) Exactamente, vodas e cárceres. Mire, ¿sabe cal é a diferenza? Eu non sei se o Goberno do Partido Socialista foi negociar os orzamentos a unha cadea. Os do Partido Popular, cando eran ministros os que agora están na cadea, executaban os orzamentos de todos os españois, ¿sabe? Polo tanto, mire: eu creo que non están para iso.

Tampouco están para falar de industria. Podía falar de Navantia, podía falar das fragatas (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) —agora vaime escoitarme vostede a min, ¡só faltaba!—, podía falar das empresas do señor Morenés, podía falar do ministro Arias Cañete e a súa empresa de subministración de combustible no estreito de Xibraltar... ¿Saben? Teñen que falar da absoluta colisión de intereses públicos e privados cando gobernan, que ese é o problema do Partido Popular. Lamentablemente, só están no cárcere algúns. (*Aplausos.*) Teñen que falar diso. Diso é do que teñen que falar.

Mire, señor conselleiro: di vostede que a súa opción é baixar impostos. Eu felicíto, por unha vez fala de ideoloxía. Agora quero que me diga: ¿que recortamos? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Claro, vostede di «baixar impostos»; non o escoito moi habitualmente na bancada popular. Efectivamente, baixar impostos é unha ideoloxía lexítima. Díxoo o señor conselleiro; non o estou inventando, díxoo el; dixoo que nós pediamos subir impostos a algúns que casan —que me parece que algo máis poden pagar— e el di que hai que baixar impostos. Paréceme moi ben, pero eu quero saber: ¿que recortamos? Porque milagres, señor conselleiro..., eu non creo en milagres. E a multiplicación dos pans e dos peixes, ao mellor no lago Tiberíades si, pero no mundo occidental desenvolvido sabe vostede perfectamente que non.

Logo tamén, mire: informárono mal. Non sacamos nin un euro do Plan de saúde mental; ao contrario, engadimos catro millóns de euros ao Plan de saúde mental. A ver que votan vostedes agora, xa que están tan preocupados. Por certo, paréceme lamentable que veña falar do Plan de saúde mental cando votaron hai quince días en contra de remediar a situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo. (*Aplausos.*) ¡É que hai que ter cara, por non dicir outra cousa! Agora veñen aquí de abandeirados do Plan de saúde mental, e teñen enfermos sen informes metidos corenta anos nun psiquiátrico do século XIX. ¡Oia, por favor, un pouco de decencia política! Digo «política» para que non me chame a atención o presidente. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) Claro, medicina preventiva, que se chama. (*O señor presidente: non, non é esa, pero ese é outro tema.*) Ben.

En sanidade, noventa e catro millóns de euros de incremento do gasto, non sei se é o un por cento —ou non sei canto por cento— dun orzamento que, evidentemente, en sanidade son tres mil oitocentos millóns de euros, ¡moito diñeiro! Pero, insisto: noventa e catro millóns de euros máis. Oia, non sei que están esperando para apoialo.

E mire: eu, en todas estas cuestións, volvo ao elemento central, porque volvo repetir que da cuestión da xente, das persoas, xa falei. Levamos tempo dicindo que iso das persoas no seu conxunto é algo que non nos gusta conceptualmente. Non nos gusta porque hai persoas que necesitan o ámbito público e outras que non o necesitan. E eu creo que hai que gobernar, por suposto, para todos, e sen agredir os dereitos de ninguén; pero hai que gobernar para aqueles que necesitan o ámbito público, señor conselleiro.

E voulle poñer un exemplo interesante dunha cidade que coñezo ben, que é a de Vigo. Cando se cambiou o sistema de financiamento da construción do hospital, que ao final foi un informe que se fixo en vinte e catro horas pola persoa que naquel momento era a interventora xeral da Xunta de Galicia, a señora Muñoz Fonteriz —parece que moito máis eficiente como interventora que como candidata á alcaldía do Partido Popular—, (*Murmurios.*) nese cambio no sistema de financiamento —que nos está custando unha pasta aos galegos— escoitamos aquí día tras día que nas Baleares os socialistas estabamos facendo o mesmo e que o señor Antich tiña un sistema de financiamento similar. Logo, cando meteron na cadea a Jaume Matas porque recibiu comisións pola contratación dese hospital de Son Espases, pois parece que non fora Antich, que era un pouco antes, e que a decisión a tomaran outros. E o Goberno que hai agora —un Goberno perigosísimo, destes da esquerda revolucionaria— acaba de dar a gratuidade no aparcadoiro privado —*que era parte del negociete de Matas, que se llevó la pasta para su casa, para el palacete del siglo XV en el centro de Palma y, por lo tanto, está en la cárcel—*, e ese aparcadoiro vai ser gratis. Eu espero, señor conselleiro,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...que vostede sexa capaz de facer algo parecido no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo. Os cidadáns de Vigo estarían encantados con iso, (*Murmurios.*) pero témome que non o vai facer; igual que estarían absolutamente encantados con que a xestión nefasta cando gobernan nalgúns ámbitos se solucionara.

Mire, o tema da PLISAN: o Goberno do Partido Socialista en Madrid leva escasamente seis meses gobernando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: «Zona Franca desbloquea con la Confederación Hidrográfica la urbanización del Puerto Seco». (*Murmurios.*) ¿Que fixeron? Na Zona Franca a señora Pedrosa eu sei o que facía: tapar os buratos que en Vigo tiña o señor Feijóo, que non investía nin un euro. ¿E que fixeron a señora Pedrosa e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no seu momento? Porque en seis anos —e aquí ensinei as fotos ducias de veces— non se fixo absolutamente nada.

Polo tanto, señor conselleiro, de verdade, felicítoo porque diga explicitamente que o que lle gusta é baixar impostos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pero ratifícome: ideoloxía vergonzosa e unha xestión nefasta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, (*O señor Losada Álvarez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) ten que explicarnos —e ten unha intervención— cento corenta millóns de euros de modificacións orzamentarias o 31 de decembro do 2017 para pagar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por certo, corenta millóns de euros, e isto segue sen executar... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Losada, xa rematou, moitas grazas pola súa intervención.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Señor Tellado, ten que ir cambiando o discurso. Puidemos: botámoslos da Coruña, botámoslos de Ferrol, botámoslos de Madrid, botámoslos de Valencia... *(Aplausos.)* ¡E botamos o partido condenado por corrupción do Goberno do Estado! *(Aplausos.)* ¡Claro que pudimos! ¡Sí se puede! *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Sí se puede! *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, espero que cando revise o Pleno *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* sinta un pouco de vergonza pola súa mediocridade e mesquindade parlamentaria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E este deputado que lle fala veu falar aquí, con documentos e informes, de políticas, e vostede empezou a súa intervención intentando descualificarme. Iso é dunha mesquindade e dunha mediocridade intolerable nun parlamento.

Déixeme que utilice a sabedoría popular. Ofende non o que quere, senón quen pode. E vostede, señor conselleiro, a min *(Aplausos.)* non é quen de ofenderme. Gasto un segundo só para dicir que, cando no 2005 eu fun traballar á Televisión de Galicia, a TVG estaba en fondos negativos, estaba en quebra, tiña un fondo de manobra negativo e non era quen de pagar aos provedores. E hai unha auditoría de [...]—pódenlle preguntar á antiga conselleira de Economía e Facenda se a coñece—, onde dicía iso.

Cando nós deixamos a televisión, a débeda era a metade. E o equipo directivo que seguiu continuou coa mesma estratexia que tivemos nós, que logo se quere lla conto. Igual que lle conto a diferenza que hai entre o deflector do PIB e o IPC, porque non imos ser quen, nesta lexislatura, de que o entenda.

Vouno emprazar, conselleiro. Vou facer dez afirmacións e emprázoo a que nalgún momento do que queda de lexislatura sexa quen de desmentir só unha, e me como as restantes. Galicia é a última comunidade autónoma no indicador de calidade de vida elaborado polo INE en outubro de 2018. Galicia é a comunidade autónoma que ten a peor evolución no mercado de traballo dende o ano 2008. O 97 % da cidadanía galega cre que a situación económica é regular, mala ou moi mala. Galicia medra por debaixo da media española entre 2007 e 2017. As rendas salariais están 1.250 millóns de euros por debaixo de 2008. Só o 48 % das persoas afiliadas ao Réxime Xeral da Seguridade Social en Galicia teñen un contrato indefinido a tempo completo. O IPC acumulado dende xaneiro de 2009 a outubro de 2017 é do 15,5 %. En termos reais, o gasto público está 2.000 millóns de euros por debaixo do executado en 2009. O programa de estabilidade do Goberno Rajoy se comprometía a reducir o peso do gasto pú-

blico en tres puntos ata o ano 2021. O 53 % da débeda pública galega xa está en mans do Fondo de facilidade financeira, e esa é a razón exclusiva polo que baixou o pago de xuros.

Señor conselleiro, isto está gravado, dez afirmacións que definen cal é o resultado da súa xestión. Emprázoo a que en calquera momento, na tribuna ou por escrito, desminta só unha das dez afirmacións. Unha, conselleiro.

Eu creo que o que acabo de relatar describe o fracaso da súa estratexia en política económica, que fundamentalmente é rebaixar os impostos aos máis ricos, pero que non serviu para dinamizar a economía e, polo tanto, maior crecemento e, polo tanto, mellor emprego. Non ocorreu en Galicia nin ocorreu en ningún outro lugar do mundo, señor conselleiro. Porque cando se rebaixan os tipos impositivos, rebáixase a recadación e hai menos recursos públicos.

Deixe que lle diga, non é un problema de recursos. Vostede desafíanos dicindo que as nosas posicións son inconsistentes. Déixeme que lle dea tres cifras.

Primeira. Os beneficios fiscais en favor dos ricos, cada ano son 490 millóns de euros. Unha minoración ponderada xusta e equitativa desta cifra dá unha boa cantidade de recursos.

Segundo. A infraestimación dos ingresos do modelo de financiamento autonómico entre o ano 2014 e o ano 2017, ¿ten na cabeza de canto foi? 1.306 millóns de euros, 326 millóns de euros cada ano que, cando fan o orzamento, din que non vai haber, e que logo a liquidación dos anticipos a conta proporciona.

Terceiro. Conselleiro, ¿como o conselleiro da Xunta de Galicia pode rirse da proposta de modificar o Fondo de Compensación Interterritorial? Que o faga o conselleiro de Madrid, é normal...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...¡pero que o faga vostede, que baixo o seu goberno pasamos de recibir 250 millóns de euros do FCI para financiar investimentos en beneficio do reequilibrio territorial, a ter hoxe 42! ¡E vostede rise desa situación! Recórdolle que o seu partido votou iniciativas nesta Cámara para recuperar as cifras do FCI.

En definitiva...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...trátase de decidir con quen se está. Vostedes están coa elite social, nós estamos coa maioría humillada e ofendida por culpa das políticas económicas da dereita. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra, no turno de peche, o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

É bo que teñamos un pouco de pel suficientemente clara e dura para asumir algunhas das cousas que moitas veces se din no Parlamento. O que si me quedo é co decálogo que acaba de ser introducido. O primeiro decálogo, paréceme recordar, do que temos constancia máis ou menos fehaciente son os dez mandamentos. ¡Benvidos ao club tamén! Supoño que case se estará facendo relixioso. Pero ao final, concéntranse en dous, que queda moi claro no que é a economía e a sociedade de Galicia: crecemento por riba da contorna, dunha maneira consolidada nos cinco últimos anos; con máis e mellor emprego, sabendo que aínda queda moito por facer, porque ao final se está traducindo en mellores servizos para as persoas. Polo tanto, non me fai falta contestar cada un dos puntos do decálogo porque se concentran en dous: mellor crecemento e mellor creación de emprego. *(Aplausos.)* Polo tanto, teñamos a pel un pouco calma.

Señor Losada, non temos nada que ocultar. Sempre fomos moi claros na nosa opción fiscal, de minoración fiscal, alí onde é posible. Porque si que cremos que é posible. Eu comprendo que hai persoas que non é que non crean, e que pretendidamente digan que en ningún lugar do mundo ten pasado. É algo moito máis fácil, porque non hai que mirar unha recadación directa, senón a través doutro tipo de cuestións como poden ser a renda dispoñible para activar a economía xeral. Eu comprendo que isto é de primeiro de Económicas, pero deixemos a cousa como está, porque está visto que a pel témola suficientemente pouco dura para algunhas das cuestións que se plantexan. Miraremos algunhas cuestións, non digo que teñamos sempre a verdade por bandeira na nosa actuación.

Fun comentando algunhas das cuestións que me foron pasando, mirarémolas con calma, señora Presas, non temos ningún medo tampouco a discutir sobre as cuestións, e chegado o momento miraremos cales delas van ser. Leve por adiantado que as que nós consideremos que non sexan verdadeiramente aceptables, así o diremos dunha maneira tan clara e tan nítida como eu me pronunciei no día de hoxe.

Creo que é bo que finalicemos este debate de totalidade, e de verdade, igual que o fixen pola mañá cos voceiros que interviñeron, quero expresar tamén o meu agradecemento polas intervencións de hoxe pola tarde. Como é norma neste debate, cadaquén tivo ocasión de explicar o modelo orzamentario que propón e como levalo a cabo —por iso existen partidos dunha e doutra cor, dunha e doutra ideoloxía—, a través de que medidas e como priorizar as actuacións cos recursos necesarios. Tamén entra no lóxico que as visións sexan contrapostas, pero —insisto—, en calquera caso considero que este tipo de debates son sempre enriquecedores.

Obviamente, desde o Goberno temos o noso propio modelo. Un crecemento san, co que estamos consolidando un Estado de benestar reforzado, como tiveron ocasión de expoñer ao longo do día de hoxe; priorizando a sanidade, a educación e os servizos sociais públicos, con máis de 1.200 millóns de euros nos últimos cinco anos. Cun impulso moi importante do investimento. Os dous últimos orzamentos, sobre todo, puidemos combinar o reforzo do gasto social cunha forte aposta polo investimento, co obxectivo de que Galicia siga liderando a nivel nacional o esforzo investidor.

Creo que encaramos o final desta década coa consolidación fiscal practicamente acadada, o que nos leva a deixar case sen depender de novo endebedamento, e ao que hai que engadir un asunto de grande importancia: que seguimos sendo a Administración autonómica que mellor paga as súas obrigas aos seus provedores en toda España. E no contraste de modelos que citaba, para o Goberno galego é irrenunciábel seguir mantendo a nosa política tributaria, que se basea en baixar impostos cando poidamos, e, en todo caso, evitar subilos.

Esta é a razón principal do rexeitamento ás subas de impostos que formularon cadaquén de vostedes. Estamos convencidos de que é bo para as galegas e para os galegos que a inmensa maioría non pague polo imposto de sucesións; que a maioría, os que temos as rendas medias e baixas, que en Galicia son o común, paguemos menos IRPF. E que haxa impostos cero no rural.

E fronte ás subas que piden os grupos da oposición, nós queremos seguir implantando rebaixas selectivas. Por iso, para o ano que vén baixamos os impostos para as persoas que merquen unha vivenda para o seu uso habitual; baixamos os impostos aos que invisten en empresas de base tecnolóxica ou fan doazóns no ámbito da I+D+i; e baixamos os impostos a aqueles que herden dun irmán.

Fronte a iso, os grupos da oposición en conxunto propoñen emendas que van dende os 200 aos 150 millóns de euros en subas impositivas. Insisto, non podemos apoiar que En Marea, o PSdG e o BNG queiran subirlles os impostos, e nesa cantidade, ás galegas e aos galegos.

Agardo que, pese ás discrepancias ao modelo xeral de política orzamentaria, os grupos parlamentarios sigan traballando para, se hai acordo, incorporar as posibles melloras ao texto final.

Señorías, somos a primeira Administración autonómica que tramita no Parlamento os orzamentos para 2019, por iso agardo que poidan ser aprobados o próximo mes de decembro, para seguir favorecendo este crecemento económico e social con mellores servizos para as persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación das emendas do grupo II

Votación das emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

O señor PRESIDENTE: Pasamos á votación das emendas do grupo II.

Pechen as portas, por favor.

Votamos as emendas que modifican a contía global dos orzamentos, e agora preguntolle ao letrado, ¿tamén podiamos votar conxuntamente as emendas que transfiren créditos entre

seccións, separándoas por grupos? ¿Podíámolo facer así? (*Asentimento.*) Ben, facémolo. (*Murmurios.*)

Entón, votamos, en primeiro lugar, especificando as dúas que dixen, tanto as que modifican a contía global dos orzamentos como as que transfiren créditos entre seccións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas número 1 e da 33 á 40 (doc. núm. 39903), que modifican a contía global dos orzamentos, e das emendas números 1 á 33 (doc. núm. 39903), que transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 39849), que modifica a contía global dos orzamentos, e da emenda número 1 (doc. núm. 39849), que transfire créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda número 1 (doc. núm. 39816), que modifica a contía global dos orzamentos, e da emenda número 1 (doc. núm. 39816), que transfire créditos entre seccións, do G. P. de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para proseguir a súa tramitación, de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento da Cámara.

Remata así o debate do Proxecto de lei de orzamentos da Comunidade Autónoma galega de 2019. Pero non remata o pleno porque temos aínda un punto segundo.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Vou comunicar, antes, unha alteración da orde do día para o novo pleno que imos ter mañá, para que as súas señorías se vaian enterando. Xa o falei cos portavoces.

Mañá pola tarde estaba previsto debater seis proposicións non de lei pero imos debater soamente catro. As dúas últimas quedarán para o mércores, porque o conselleiro de Economía ten un problema de axenda e así facilitamos que poidan debaterse as interpelacións que ten e tamén as súas preguntas.

Como isto xa está falado e hai acordo, dáselles traslado a todos os grupos.

Agora si, pasamos ao punto segundo.

Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2019, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para este exercicio, tamén actualmente en tramitación parlamentaria, sobre o que acabamos de ter un amplo debate.

O obxectivo desta norma é o habitual, acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual, perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Ao respecto, lémbrolles de novo que a doutrina do Tribunal Constitucional fixa diferentes medidas, executivas e normativas, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos, senón en normas específicas como a que se presenta hoxe.

Ademais, quero reiterar que o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Supremo. O alto tribunal configurou este tipo de normas como leis ordinarias, cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración da que goza o lexislador, que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei, quixera salientar as que pretenden implantar catro novas rebaixas fiscais; mellorar as condicións de traballo e conciliación dos

empregados públicos; incluír a rebaixa do canón de Sogama nun 10 % aos concellos que certifiquen o seu compromiso coa redución de residuos e o fomento da recollida selectiva, así como o traslado desa rebaixa aos veciños do concello. Permitir a reconstrución de edificacións afectadas por catástrofes que sexan declaradas de emerxencia. Evitar os riscos derivados do estado de abandono das parcelas forestais. Compatibilizar o acceso á Risga a aquelas persoas que estean traballando pero teñan baixos ingresos. Priorizar iniciativas empresariais que sexan tramitadas de maneira prioritaria e urxente. Ou garantir a perfecta conservación e mantemento do Camiño de Santiago.

En canto á estrutura da lei, esta se divide en dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O Título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos. O primeiro, introduce medidas en materia de tributos cedidos; e no que atinxe ao imposto sobre renda das persoas físicas, recóllense varias modificacións das deducións da cota íntegra autonómica para acadar tres obxectivos: fomentar o investimento, a creación de emprego e os investimentos en I+D+i.

Así, en liña cun dos grandes retos do plan estratéxico —a aposta pola innovación—, incéntivase a participación e investimento en pemes innovadoras e iniciativas empresariais de base tecnolóxica, así como as doazóns para investigación. Para iso, auméntanse as porcentaxes e límites de redución no IRPF.

Por outra banda, recóllense dúas novas deducións para facer efectivas as medidas aprobadas polo Decreto 55/2018, do 31 de maio, de medidas urxentes, para a reparación de danos causados pola explosión de material pirotécnico producida en Tui o 23 de maio deste 2018. O obxectivo é que os beneficiarios das mesmas queden exentos de tributación.

No que atinxe ao imposto de sucesións e doazóns, duplicamos a redución por parentesco no caso de que resulten herdeiros os irmáns, pasando de 8.000 a 16.000 euros, coa finalidade aliviar a carga tributaria, na liña do xa iniciado no ano 2016 cos descendentes e ascendentes directos. Esta medida beneficia a todas estas herdanzas, e supón que seis de cada dez irmáns queden exentos de pagar por este imposto e que Galicia nos situemos entre as comunidades con menor tributación para este tipo de herdanzas. Estimamos que esta rebaixa beneficiará a máis de 4.000 persoas.

No imposto de patrimonio, modificamos a escala vixente para reverter a suba acordada no 2013, nun contexto de recesión, para volver á situación de partida antes da crise económica. Desta forma, retomamos a tarifa actualmente vixente no Estado.

Polo que se refire ao imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o obxectivo é seguir favorecendo o dereito constitucional de acceso á vivenda. Para iso, tomamos a decisión de reducir o tipo impositivo para adquirir vivenda habitual, cun límite de patrimonio para determinados colectivos. Rebaixamos un 25 % este imposto para os menores de 36 anos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade, que pasarán de pagar o 4 % ao 3 %. Desta forma, en Galicia situámonos como a comunidade autónoma de España na que menos impostos pagarán estes res colectivos.

Ademais, tamén rebaixamos un 12,5 % os impostos que pagarán aqueles galegos que merquen unha vivenda usada para ser residencia habitual, e cun límite de patrimonio, que pasarán a pagar do 8 % ao 7 % do imposto de transmisións patrimoniais. Estimamos que esta medida beneficiará a 10.000 familias galegas cada ano.

E por último, deixamos sen contido a regulación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos, ao terse integrado co tipo estatal en virtude da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de orzamentos xerais do Estado para o 2018, que como saben será efectiva a partir do primeiro de xaneiro de 2019.

O capítulo II, relativo aos tributos propios, está integrado por un único precepto sobre taxas, no que se prevé, por unha banda, actualizar os tipos das taxas de contía fixa, e, por outra, introducir diversas modificacións na Lei 6/2002, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Señorías, isto é polo que se refire ás medidas de carácter tributario.

En canto ao título II, relativo a medidas de carácter administrativo, en materia de emprego público introducimos modificacións na Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Incluímos a reanudación do cen por cento do salario dos empregados públicos en caso de incapacidade temporal. Introducimos modificacións para facer posible a implantación da carreira profesional do persoal funcionario da Xunta nos termos da proposta que estamos a negociar xa dende o mes de xullo, e que pretendemos culminar en breve, cos interlocutores dos sindicatos. Ampliamos en dúas semanas —de 22 a 24—, contando as de preparto, a duración do permiso por parto, adopción ou acollemento, como medida favorecedora da conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e desta forma situamos a Galicia á cabeza de España na duración acumulada do permiso por maternidade. Apróbanse tamén medidas para favorecer o anonimato e a mobilidade das vítimas de violencia de xénero en oposicións e en listas de contratación, así como un complemento para funcionarias vítimas de violencia de xénero que teñan que trasladarse a outra Administración. E implantamos a segunda actividade aos axentes forestais e medioambientais tras o acordo acadado coas organizacións sindicais no marco do diálogo social.

En materia de medio ambiente e territorio, incluímos a rebaixa do canon de Sogama nun 10 % aos concellos que certifiquen o seu compromiso coa redución de residuos e o fomento da recollida selectiva, así como o traslado desta rebaixa aos veciños de cada concello. Introducimos unha disposición adicional na Lei de solo de Galicia para permitir a reconstrución de edificacións afectadas por catástrofes que sexan declaradas de emerxencia, como o caso da pirotécnica de Tui.

En materia de infraestruturas e mobilidade, incluímos dúas modificacións da Lei de estradas de Galicia. Por un lado, modificamos o artigo 47.2 para habilitar aos concellos a autorizar determinadas actuacións nas zonas de dominio público das estradas. Por outro, modificamos o artigo 41 para flexibilizar a liña de límite de edificación. Unha das funcións da liña de edificación é garantir unha maior seguridade ao tráfico e alonxar as edificacións das estradas. En estradas pertencentes á rede local, non se considera necesario separar as edificacións quince metros, sendo suficiente con sete. Isto cremos que é coherente coa realidade terri-

torial galega e cunha rede viaria que a normativa prevé que se xerarquice segundo a súa funcionalidade.

Ademais, prevense cambios noutras dúas leis. Modificamos varios artigos da Lei de augas de Galicia para adecuar o réxime sancionador ao previsto na Lei xeral tributaria, e inclúese unha bonificación do 30 % sobre o importe da sanción no caso de conformidade. Modifícase, así mesmo, a Lei de taxas para que os parados de longa duración queden exentos de inscribirse e pagar polas probas de capacitación profesional relacionadas co transporte.

En materia de mar, establécese cun carácter transitorio a normativa que establece a composición e funcionamento do Consello de Administración de Portos de Galicia; e tamén se regula un procedemento iniciado de oficio pola Administración para prorrogar as concesións das bateas. Con esta medida, exonérase ao administrado da obriga de presentar a solicitude para que se poida materializar dita prórroga, recaendo o peso, obviamente, na Administración.

No ámbito do medio rural, incluímos varias modificacións normativas. Modificamos a Lei de montes veciñais en man común, co fin de introducir unha regulación do arrendamento dos mesmos que garanta a súa explotación rendible. Inclúense cambios na Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais, con medidas como a posibilidade de declarar como perímetros de alto risco de incendios os lugares nos que o estado de abandono signifique un alto risco de propagación de incendios. A declaración de utilidade das infraestruturas e dos equipamentos preventivos vinculados á loita contra os incendios. A posibilidade de elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais por zonas, e, en xeral, a introdución de medias en materia de xestión da biomasa e de vixilancia e detección de incendios.

Modifícase tamén, neste ámbito, a Lei de mobilidade de terras no artigo regulador da subrogación no contrato da cesión do Banco de Terras. Adóptanse medidas na Lei de montes para evitar os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais, tales como o de flexibilizar as limitacións existentes para cambio de uso forestal tras os incendios nos casos en que existan razóns de interese público derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio, garantir o mantemento das masas frondosas e fomentar o seu aproveitamento sostible e establecer limitacións no emprego de determinadas especies forestais. Mellorar a regulación do réxime administrativo dos aproveitamentos co fin de facelo máis funcional. Ampliar os prazos nos que será obrigatorio dispoñer dun instrumento de ordenación ou xestión forestal, respectando os prazos máximos establecidos na norma estatal, e simplificar a aplicación do réxime de distancias mínimas.

Finalmente, modifícase a Lei de mellora de estrutura territorial agraria, Metaga, para recoller un novo precepto co fin de prever o sentido negativo do silencio; engadir un número para unha paulatina actualización dos deslindes dos montes veciñais en man común existentes; introducir a posibilidade de excepcionar motivadamente a proporción das deducións para infraestruturas rurais e para axustes técnicos previstos con carácter xeral nos números 2 e 3 do artigo 31, co fin de poder ter en conta as características e as circunstancias concretas dos terreos; modificar o artigo 38 para regular os efectos dos acordos firmes de reestrutu-

ración parcelaria sobre o planeamento urbanístico; e o artigo 40, para unificar o tratamento dado aos solos de núcleo rural común e aos de carácter histórico tradicional, para a súa inclusión no proceso de reestruturación parcelaria en aras de axilizar dito proceso.

En materia de política social, clarifícanse e concrétanse os aspectos que establece a Lei de inclusión social para realizar a valoración da situación ou risco de exclusión social.

Deste xeito, ábrese a posibilidade de que aquelas persoas que estean traballando, pero teñan baixos ingresos, poidan acceder á Risga, pasando a percibir a diferenza entre o seu salario e a contía da Risga que lle correspondería percibir en función do regulado na lei, sempre e cando cumpran o resto de requisitos establecidos.

Tamén se incorporan novos servizos na carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e determínase o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo. Desta maneira, dáse cobertura á implantación das unidades psioxeriatricas dentro das residencias de maiores, co obxectivo de prestar unha atención especializada e axeitada a aquelas persoas con demencia ou trastorno psiquiátrico.

No que respecta á incorporación dos servizos de supervisión e apoios puntuais, e máis concretamente o *cohousing*, preténdese proporcionar unha axuda a aqueles maiores que gozan de autonomía pero precisan de apoios puntuais ou supervisión para a realización de certas tarefas no día a día.

En materia de economía, emprego e industria, introdúcese un novo título na Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais en Galicia que regula as iniciativas empresariais prioritarias, aquelas que acheguen un valor engadido en determinados eidos, e estas serán tramitadas de maneira prioritaria e urxente.

Mellórase tamén a tramitación dos procedementos para regular os concursos dos dereitos mineiros coa modificación da Lei de ordenación da minería.

En canto ao comercio, suprímese o Rexistro galego de comercio, para afondar no principio de simplificación administrativa e de eliminación de cargas para os administrados.

En materia de cultura e turismo, establécese na Lei de turismo a competencia exclusiva da Xunta para a promoción e a sinalización dos Camiños de Santiago, así como para a súa conservación e mantemento, en colaboración coas outras administracións públicas. O obxectivo é garantir a perfecta conservación e mantemento do principal recurso turístico da nosa comunidade.

Señorías, vou rematando, e reitero que as principais medidas incluídas neste proxecto de lei pretenden implantar catro novas rebaixas fiscais. Mellorar as condicións de traballo e de conciliación dos empregados públicos; incluír a rebaixa do canon de Sogama nun 10 % aos concellos que certifiquen o seu compromiso coa redución de residuos e o fomento da recollida selectiva, e que trasladen dita rebaixa aos veciños do municipio; permitir a reconstru-

ción de edificacións afectadas por catástrofes que sexan declaradas de emerxencia; evitar os riscos derivados do estado de abandono de parcelas forestais; compatibilizar o acceso á Risga a aquelas persoas que estean traballando pero que teñan baixos ingresos; priorizar as iniciativas empresariais prioritarias, para que sexan tramitadas de maneira prioritaria e urgente; ou garantir a perfecta conservación e mantemento dos Camiños de Santiago.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade. Posicionamento tamén respecto do proxecto de lei.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu, desculpe, así como inicio, pero cando alguén ten que estar xustificando a legalidade dunha práctica para abrir o debate, creo que di moito do instrumento do que estamos a falar hoxe. Fano tamén na exposición de motivos do propio proxecto de lei. Mais tamén lle digo, así de entrada, que non por reiterado o uso deixa de ser un subterfuxio, unha porta traseira legal. Diciao vostede e tamén o ratifican en varias ocasións nesa exposición de motivos. Legal, segundo o Tribunal Constitucional, si, mais opaco e moi pouco democrático. E dicimos desde o BNG que é moi pouco democrático este subterfuxio, esta porta traseira, que é a Lei de acompañamento dos orzamentos, porque por esta vía se modifican —e isto tamén é algo reiterado desde o ano 2009 nesta Cámara— este ano vinte e catro leis dun golpe; vinte e catro leis e un bo feixe de decretos, por suposto, sen ningún informe previo e cun debate de tramitación parlamentaria absolutamente acelerado.

Ventílese o debate á totalidade desta Lei de acompañamento en corenta minutos; en corenta minutos de intervención por grupo. Vinte e catro reformas legislativas que se ventilan, que se reforman, en pouco máis de media hora.

Estas son, desde o punto de vista do BNG, razóns suficientes para rexeitar este proxecto de lei, este mecanismo —insisto—, este subterfuxio, esta porta traseira. Mais vaíamos tamén ao concreto, vaíamos ao contido.

Nas medidas administrativas, que son unha das partes máis importantes desta Lei de acompañamento, introducen vostedes modificacións absolutamente heteroxéneas, absolutamente dispaes, no marco normativo, no ordenamento xurídico. Vinte e catro leis, insisto.

Modifican desde a Lei do deporte á Lei de turismo, pasando pola Lei de implantación empresarial, ou mesmo reformas introducidas na Lei de acompañamento dos orzamentos de 2017. ¡Reforman o reformado! E dixo vostede agora que este tipo de instrumentos, ou este tipo de mecanismos, tiñan vocación de permanencia no tempo. ¡Pura improvisación —e agora lle

relatarei algún dos cambios — de quen — como levamos escoitando ao longo da mañá— vén aquí como adalid do rigor!

Mudanzas que, pola vía da urxencia coa que ten que ser tramitado este texto, fan imposible un debate sosegado, un debate coa amplitude necesaria para favorecer as achegas dos grupos parlamentarios, mais, sobre todo, tamén dos sectores afectados, o que supón unha vulneración do espírito de participación democrática que debe caracterizar calquera acción pública, mais sobre todo a acción de calquera goberno, e que ademais, na súa maior parte, constitúen improvisacións que no prevén solucións concretas, e moito menos axeitadas á realidade do noso país.

A proba máis palpable disto témola este ano. Eu creo que este ano temos a proba máis palpable desa improvisación, dese goberno por impulsos ou desas reformas por impulsos das que falabamos e denunciabamos desde o BNG no debate no ano 2016.

Este ano temos a proba máis palpable nunha das reformas que introduciron neste Proxecto de lei de acompañamento, nas disposicións adicionais, coa que pretendían crear a figura do pediatra de área. Tiveron que corrixirse e emendarse a si mesmos, e agora, con cincuenta e unha emendas que presenta o Grupo Parlamentario Popular a este proxecto de lei de acompañamento, véñenlle dar unha volta de torca máis.

Unha ocorrencia sen debate ningún cos profesionais da sanidade pública que vén a esta Cámara despois de reformar, de modificar, a Lei de saúde ¡hai menos dun ano! En Galiza hai un problema coa falta de pediatras, iso é evidente, e iso teno denunciado, entre outros, o Bloque Nacionalista Galego nesta Cámara en reiteradas ocasións. E a grande idea que ten o Partido Popular é suprimir a figura de pediatría na atención primaria.

Ao día seguinte de enterarse —¡pola prensa!— da ocorrencia do Partido Popular, as organizacións profesionais de pediatría de Galiza rexeitaron a proposta, evidentemente, polo risco — dicían naquela altura xa— que supón para o sistema de atención sanitaria pública do noso país. Pero ademais —e nun durísimo comunicado público— denunciaban a opacidade e a falta de transparencia coa que estaba actuando a Xunta de Galiza.

Este é o mellor exemplo de cal é a natureza da Lei de acompañamento e do uso que dela fai —insisto, reiterado, pero non por iso máis democrático— o Partido Popular cada ano, cada debate orzamentario, desde o ano 2009. Tanto lles vale para intentar extinguir a pediatría en atención primaria como para mudar por enésima vez a Lei do solo de Galiza.

A Lei do solo de Galiza, aprobada no ano 2016, leva xa máis reformas que anos leva en vigor. Aprobouse no ano 2016 —insisto—, foi modificada nos orzamentos de 2017, nos orzamentos de 2018, na Lei de implantación empresarial, e agora de novo na Lei de acompañamento para o exercicio 2019. É absolutamente improvisación, e un goberno e unha reforma do marco xurídico por impulsos, con ocorrencias que teñen que ir emendándose vostedes mesmos un ano tras outro.

Este ano cómpre sinalar —a respecto desa reforma que introducen nesta Lei de acompañamento e de modificación da Lei do solo— a gravidade da proposta, porque introduce unha

nova regulación de importantísimo calado e vostedes intentan colalo por aquí sen ningún tipo de informe do CES, nin ningún tipo de exposición pública, máis alá da tramitación acelerada que ten a Lei de acompañamento orzamentaria.

Introducen unha nova regulación de importantísimo calado, relativa á execución dos sistemas de expropiación, usando como fórmula a tramitación —insisto— de urxencia da Lei de acompañamento orzamentaria, sen ningunha xustificación, se non é —insisto— saltarse os informes que deben acompañar o procedemento lexislativo ordinario, así como negar a posibilidade de participación das entidades locais, que teñen —e moitas— competencias a este respecto.

A nova regulación que propoñen habilita que un sistema de execución de carácter público directo poida ser xestionado de forma indirecta por terceiros privados, o que supón desnaturalizar este sistema de execución a través de novas formas de xestión por concurso para asimilalo a un sistema indirecto, cando debería ser —e así o defendemos desde o BNG— a Administración quen actúe directamente e non por medio de intermediarios.

¿E que hai detrás disto? Porque nós cada día temos maior convencemento de que as casualidades non existen, e vindo de vostedes menos aínda. ¿Que hai detrás desta reforma da Lei do solo —enésima— que introducen nesta modificación da Lei de acompañamento? O intento de buscar legalizar un calote urbanístico novo, un *pelotazo* —je nunca mellor dito!— desta volta no concello de Mos, co único obxectivo de conceder a empresas privadas a capacidade de expropiar terreos para construír un complexo deportivo unido a un gran centro comercial.

Desta forma, búscase de maneira premeditada que capital estranxeiro especulativo poida facer unha operación en Vigo e a súa área de influencia que disfrazan vostedes de utilidade pública. Pero é que non estamos falando da expropiación para construír un hospital, para construír unha depuradora, un instituto ou unha residencia de maiores. Non, estamos falando da construción dun megaproxecto deportivo vinculado a un capital especulativo foráneo. Primeiro anúnciase o proxecto, asínase un convenio co Concello de Mos, e agora ponse a andar toda a maquinaria administrativa, pola vía rápida, para facela realidade.

Ademais disto, o Partido Popular avanza nesta Lei de acompañamento na folla de ruta, e de maneira absolutamente escandalosa. Falábao vostede agora. Vostede de economía sabe moito —a primeira lección de inglés, señor Valeriano, non sei se a tiña tan clara— (*Risos.*), pero inclúen repagamentos —é unha brincadeira, que vexo que vén vostede hoxe nun ton distendido— en servizos que nin sequera son aínda realidade. É o caso dos servizos de supervisión e apoios puntuais en materia de política social, o *cohousing*, e as unidades psicoxerátricas.

Volven reformar, entre outras, esas vinte e catro leis: a Lei da minería, a Lei de prevención de incendios, a Lei de montes veciñais en man común, a Lei de pesca, textos que son obxecto de modificación ano tras ano. Só temos que remontarnos ás leis de acompañamento dos procesos orzamentarios, ou dos procesos de tramitación orzamentaria, que levamos nesta lexislatura. En todas e cada unha das leis de acompañamento deses orzamentos dos anos

2017, do 2018 e agora no exercicio de 2019, volven unha e outra vez sobre eses textos, que nada ten que ver con esa suposta execución eficiente e eficaz das contas públicas.

Desnaturalizan absolutamente, se é que ten algunha razón de ser este tipo de mecanismos legais, para intentar buscar un subterfuxio, unha porta de atrás e unha vía rápida que negue o debate social, e tamén, en certa medida, o debate político e institucional, arredor de reformas de enorme calado que teñen moitísima transcendencia para o noso país.

E —diciállelo ao principio tamén— introducen mudanzas en textos que levan tan só un ano en vigor. Están aí ese novo capítulo que propoñen para a Lei de implantación empresarial ou a modificación da Lei de benestar animal, que se aprobaron hai escasamente un ano. Un *totum revolutum*, un caixón de xastre, un vale todo lexislativo, reflexo da pouca previsión ou da pouca perspectiva ou horizonte a medio e longo prazo co que traballan na Xunta de Galicia; a máis pura improvisación. E, ademais, é o reflexo dos constantes retoques que o Partido Popular ten que levar a cabo nas leis que vostedes mesmos deseñan e aproban, precisamente por esa falta de diálogo moitísimas veces cos sectores sociais.

A respecto das medidas fiscais que compoñen esa primeira parte da Lei de acompañamento, en relación con esa primeira parte do proxecto de lei referida ás medidas fiscais, vemos que afondan —foi algo que xa sinalaron as miñas compañeiras, tanto a señora Presas como a señora Pontón— nunha política impositiva de carácter regresivo. Deste xeito, non atopamos nesa proposta, nese Proxecto de lei de acompañamento, medidas que avancen cara a outra concepción da fiscalidade, apostando polos principios de progresividade e de equidade que, desde o noso punto de vista —para o BNG— son os eixos principais do sistema fiscal que permiten, ademais, atender a esa función fundamental que cumpren, como é esa función redistributiva. E, ademais, non se presentan modificacións alternativas que veñan compensar —como no caso, por exemplo, desa rebaixa do imposto do patrimonio— ou paliar esa redución na recadación —aproximadamente, as súas valoracións sitúana neses doce millóns menos—. O diñeiro das administracións públicas non nace dun carballo —neste caso, en San Caetano—, senón que provén precisamente desa función de redistribución da riqueza que teñen os sistemas tributarios.

Un ano máis, ademais —valla a redundancia— non se contempla ningunha proposta para, dentro desas limitadas competencias que ten o noso país, configurar un sistema fiscal máis xusto. Nós temos a proposta clara, está explicada sobradamente polas miñas compañeiras e, ademais, así a recolleemos tamén nas nosas emendas a este proxecto de lei.

Nós entendemos que hai, dentro deste limitado marco, capacidade para avanzar nun modelo máis redistributivo, que dote a propia administración e o Goberno galego dos recursos que necesitamos para blindar elementos fundamentais do sistema do benestar, como son a sanidade e a educación, pero tamén para camiñar e encamiñar este país cara a un modelo produtivo e económico completamente distinto, pero que tamén nos permita encarar os retos que temos no presente e, sobre todo, tamén no futuro.

Nós —e xa remato con isto— rexeitamos absolutamente este proxecto de lei. Facémolo, sobre todo, pola natureza que ten a propia Lei de acompañamento e polo uso que o Partido

Popular fai —absolutamente abusivo— deste mecanismo, que debería ter simplemente un carácter excepcional para poder introducir as mudanzas legais que sexan estritamente necesarias para poder, de maneira eficaz e eficiente, aplicar ou executar os recursos. Todas as demais reformas teñen que pasar por un proceso legislativo ordinario que permita o debate non só por parte das forzas políticas representadas nesta cámara, senón —e sobre todo— polos colectivos que están afectados pola reforma desas —insisto— vinte e catro leis que se van ventilar en pouco máis de media hora.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, señores conselleiros, señora conselleira.

Boas tardes, señores e señoras deputadas.

Hoxe debatemos a totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas —coñecida como Lei de acompañamento—, unha lei que a Xunta de Galicia nos achega conxuntamente co Proxecto de lei de orzamentos, como se fose un volume máis integrante dos orzamentos da Xunta de Galicia. Señor conselleiro, os socialistas voltamos rexeitar, un ano máis, esta práctica habitual dos gobernos do Partido Popular (*Aplausos.*); unha práctica legal —si, legal—, pero desaconsellada maioritariamente pola doutrina lexislativa vixente. E é a primeira xustificación que fan vostedes do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Mire, señor conselleiro, hoxe voulle contar unha novela histórica baseada en feitos reais. O título desta novela é *Nada é o que parece*; o lugar é unha rexión europea denominada Galicia; o tempo é o século XXI —ano 2018—, e a referencia histórica é que Galicia foi gobernada ou é gobernada durante máis de trinta anos polo Partido Popular e, nos últimos nove, cunha maioría absoluta ininterrompida do señor Núñez Feijóo. O feito histórico do desenvolvemento desta trama en que nada é o que parece é a tramitación da Lei de medidas fiscais e administrativas da Comunidade Autónoma galega para o 2019, lei de que —como acabo de dicir— parece que nos queren convencer de que está indisolublemente unida á Lei de orzamentos. Pero a realidade é que con esta lei pretenden modificar pola porta de atrás trinta e cinco leis, vinte e tres destas trinta e cinco leis promovidas polo propio Goberno do presidente Feijóo nestes nove anos de goberno ininterrompido. Nove anos en que levan 168 modificacións de leis con este procedemento e levan modificadas 560 cuestións normativas concretas.

O Partido Popular, o Goberno Feijóo, cando presenta as súas leis, faino con moita publicidade e moita propaganda. Anuncian estas leis para ser a solución do problema de que tratan, pero ao pouco deixan de ser a panacea e hai que autoemendalas continuamente. (*Aplausos.*) Mire, algunha delas en trinta e sete ocasións foi modificada.

Señor conselleiro, o Goberno Feijóo quérenos convencer de que o trámite desta lei non mingua a transparencia nin o debate democrático. Pero a realidade é que na tramitación desta Lei de medidas para o 2019 xuntan, unha vez máis, unha serie de preceptos que non teñen conexión entre si. Unha tramitación polo procedemento de urxencia, é dicir, en detrimento da calidade política e xurídica; unha tramitación que furta o debate parlamentario para cada unha das cuestións que se queren abordar; unha tramitación que vai en contra do principio de transparencia, sen publicidade e sen exposición pública (*Aplausos.*); unha tramitación que impide as achegas e as negociacións cos sectores afectados; unha tramitación sen os informes específicos de cada unha das consellerías afectadas; unha tramitación sen o preceptivo ditame do CES, que vostedes despachan en dúas liñas expresando unha opinión pola cal non é necesario, e unha tramitación sen presentar informes das administracións locais, que nalgúns dos preceptos son directamente afectadas. É dicir, un Goberno que, coa súa maioría absoluta, despreza o labor da oposición; un Goberno da publicidade e da propaganda; un Goberno en que nada é o que parece. Señor conselleiro, ¿parécelle, realmente, que este xeito de actuar se corresponde co compromiso que ten que ter un goberno do século XXI, coa transparencia e co bo goberno?

Señor conselleiro, o Goberno Feijóo tenta convencernos de que as rebaixas fiscais son un aforro importante para a maioría da cidadanía galega. Pero a realidade é que a propia valoración económica que fai das medidas fiscais que presenta o propio Goberno dinos que o custo recadatorio —é dicir, o aforro no IRPF— é de catrocentos cincuenta mil euros, pero o incremento da recadación é dun 6,4 %. Tamén nos di que o aforro no imposto sobre sucesións e doazóns supón dous millóns de euros, pero o incremento na recadación é dun 11,6 %. E, fronte a estes beneficios de dous millóns catrocentos cincuenta mil euros, temos que a Facenda pública deixa de recadar polo imposto sobre o patrimonio preto de doce millóns de euros; un imposto sobre o patrimonio que afecta tan só ao 0,25 % da poboación e cunha cota líquida media duns dez mil euros. É dicir, un Goberno que di atender as necesidades das persoas, pero a realidade é que é un Goberno que aplica unha política fiscal regresiva, é dicir, que favorece os que máis teñen. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, o Goberno Feijóo tamén nos di —ou parece— que aplica unha baixada no imposto sobre transmisións patrimoniais para vivenda usada, pero a realidade é que o propio Goberno valora un incremento na recadación do 13,3 % neste imposto. ¿E por que? Porque no 2013 o Goberno Feijóo fixo que o tipo impositivo xeral pasara do sete ao dez por cento; para os contribuíntes con menos de douscentos mil euros, do sete ao oito por cento; para as persoas discapacitadas, as familias numerosas e os menores de trinta e seis anos cun patrimonio de menos de douscentos mil euros, a un catro por cento, e nos actos xurídicos e documentados, do un ao 1,5 %.

¿Que pasa no 2019? Que o mesmo Goberno Feijóo o xeral déixao igual, no dez por cento —un tres por cento máis—; os patrimonios inferiores a douscentos mil euros volven a ese sete por cento, e para as persoas discapacitadas, as familias numerosas e os menores de trinta e seis anos cun patrimonio inferior a douscentos mil euros, un tres por cento. É así, ¿verdade, señor conselleiro? Ben.

Pois, señor conselleiro, tamén parece que establecen unha baixada do dez por cento no canon de Sogama; vostedes estímalo en cinco millóns seiscentos mil euros, segundo a propia valo-

ración do Goberno. Pero temos que volver atrás: a realidade é que o Goberno Feijóo, no ano 2014, aplicou unilateralmente un incremento do 34 % —¡do 34%!—. Ademais, que non tiñan a obriga de trasladarlllo á cidadanía. Naquel momento eran os concellos os que —unha de dúas— ou lle trasladaban os recibos á cidadanía para que se enfadaran cos concellos —porque era unha taxa dos concellos— ou a asumían con recursos propios, co detrimento nos seus propios orzamentos. ¿Verdade que é así? Pero agora, nestes momentos en que non hai unha suba, hai unha rebaixa, o que fan é: baixamos un dez por cento, iso si, con condicións para os concellos, e ademais téñenllo que trasladar obrigatoriamente nos recibos da taxa da cidadanía. Si, señora conselleira, non é moi lóxico que nun caso o asuman os concellos e noutro caso o teñan que trasladar para venderlles que vostedes son os que practican a rebaixa. *(Aplausos.)* Simplemente publicidade e propaganda. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por certo, señor conselleiro, se están tamén nesas rebaixas... ¿Que me quere, contestar vostede, señora conselleira? Se quere e se llo permiten, eu non teño ningún problema. *(Balbordo.)*

Por certo, Sogama presenta uns resultados positivos: para o ano 2016, de 9,5 millóns de euros, e para o ano 2017, de doce millóns de euros. Xa que están para baixarlle e para favorecer toda a cidadanía —que non é o caso, pero se ese é o caso—, ¿por que non lle baixan esta mesma contía? Así quedamos a pre —digamos— entre os beneficios, e trasládase a toda a cidadanía en xeral. Podíanlle aplicar ata un vinte e dous por cento de rebaixa nos recibos da recollida do lixo. ¿Ve, señor conselleiro, como nada é o que parece no seu mundo? *(Aplausos.)*

En canto ás medidas administrativas, no caso do emprego público: señor conselleiro, como vostede ben sabe, o emprego público e as condicións laborais dos empregados e as empregadas públicas sufriron as políticas de recortes do señor Mariano Rajoy e, ademais, sufriron os recortes do Goberno Feijóo durante os anos da crise. E vostedes agora —o Goberno Feijóo— quérennos facer crer que favorecen a recuperación das condicións laborais perdidas polos empregados públicos, pero a realidade é que voltan presentar unha modificación xeral da Lei de emprego público de Galicia pola porta de atrás; unha lei que foi aprobada no 2015 e que leva trinta e sete modificacións, catorce só nesta Lei de medidas. E así, deste xeito, secuestran a necesaria negociación colectiva previa e impiden o necesario debate lexislativo ordinario. Non se ría, señor conselleiro.

A realidade é que vostedes aproban unha lei en 2012 que chaman «de medidas temporais en materia de emprego público», e esas medidas temporais seguen a ser temporais seis anos despois, sendo a derogación desta lei ineludible para poder voltar recuperar as condicións laborais de todo o emprego público autonómico.

Señor conselleiro, o Goberno Feijóo propón que os concursos de traslado dos funcionarios da Administración xeral e as previsións en materia de carreira profesional se dispersen en cada consellería para facer unha resolución á carta.

Señor conselleiro, a realidade é que vostedes non están aplicando as medidas contidas no II Acordo para a mellora do emprego público, asinado polo Goberno central e as organizacións sindicais o 9 de marzo de 2018, en materia de xornadas e necesidades de conciliación —por certo, asinado polo ministro do Partido Popular, o ministro señor Montoro.

Señor conselleiro, no réxime orzamentario vostedes din que o Goberno fala de perfeccionamento do proceso orzamentario na xestión dos expedientes de modificación orzamentaria. Pero a realidade é que vostedes, durante este ano, fixeron modificacións orzamentarias polo importe global de mil cincuenta e cinco millóns de euros; é dicir, o dez por cento do orzamento da Xunta de Galicia foi modificado, desvirtuando así o compromiso inicial na aprobación dos orzamentos. Dota orzamentariamente, ano tras ano, diversas partidas que nunca executa, e hai partidas nas que as porcentaxes de execución son, ano tras ano, moi, moi, moi mellorables, por non dicir moi, moi, moi deficitarias.

Coa intención non basta, señor conselleiro, non basta; con poñelo nos orzamentos non é suficiente. Polo tanto, vostedes o que pretenden agora con estas modificacións é reducir a cantidade de modificacións orzamentarias cambiándolles o nome; é dicir, máis escurantismo para que nada siga a ser como parece no Goberno do señor Feijóo.

En sanidade, señor conselleiro, o Goberno Feijóo intenta facernos crer que coa creación, pola porta de atrás, do persoal especialista de Pediatría de área organiza un sistema sanitario coordinado e integral, garantindo unha interrelación entre os diferentes niveis asistenciais e adecuándose aos principios de eficacia, celeridade, economía e flexibilidade. Pero a realidade é que vostedes buscan continuamente fórmulas para recortar o Servizo de Pediatría na sanidade pública, como proban os diversos debates que se teñen feito nesta cámara polo desmantelamento do Servizo de Pediatría en case todos os concellos galegos, fundamentalmente os máis rurais. Supoño que será unha das medidas máis para esa «lexislatura do rural». Quixeron implantar esta figura ás agochadas porque sabían que ningún estaba de acordo. O que pasa é que tiveron que botalo atrás porque as intencións de vostedes viñéronselles encima; polo tanto, deixaron sen efecto esta intención da Pediatría de área.

En política social, señor conselleiro, o Goberno Feijóo quere facernos crer que atende axeitadamente as persoas que menos recursos teñen, e a realidade é que cronifican un ano máis o esquecemento dos que máis o necesitan. Levan nove anos prometendo sete novas residencias, unha en cada cidade, e seguen sendo intencións. Por certo, establecen un copago antes da construción destas residencias, bastante curioso.

En dependencia a demanda medra a maior velocidade que a atención do Goberno. Temos nestes intres preto de cento vinte mil persoas sen atender; por certo, vinte e cinco mil trescentas máis que no 2011.

Escolas infantís en polígonos industriais: seguen a ser intencións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, remato xa, señor presidente.

Exclusión social: máis de cento trinta mil galegos e galegas con carencia material severa, mentres que un Goberno mantén unha Risga escasa, indigna, excesivamente burocratizada e que non está a chegar ás persoas que o necesitan. (*Aplausos.*)

A intención, señor conselleiro, non responde ás situacións máis dramáticas da nosa sociedade, das persoas máis vulnerables.

Ben, seguirei no meu segundo turno. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes a todos e a todas.

Aquí un representante da minoría minoritaria en Soto del Real. Tamén vostedes son maioría maioritaria en Soto del Real, señor Tellado. *(Aplausos.)* Non se ría.

Ben, xa as compañeiras explicaron —e pisáronme a intervención— o que é o abuso que fai o Partido Popular reiteradamente desta Lei de acompañamento para facer aquilo para o que non está destinada en teoría, aínda que sexa legal. E poño un exemplo para complementar ese razoamento: a reforma que se fixo na Lei de fomento de iniciativas empresariais do sector eólico é comparable aos cambios introducidos na elaboración dunha Lei do solo, pero a diferenza foi que a Lei do solo tivo unha tramitación ordinaria, tivo todos os informes, tivo un proceso participativo e tivo un debate sosegado. A transformación do sector eólico, que tan importante debería de ser para a dinamización do noso país e do noso medio rural, foi pola porta de atrás e, aínda por riba, hoxe, nesta Lei de acompañamento, vólvese modificar.

Tamén, outra das características é o pouco democrático e pouco san que é para este país, pero tamén é a mostra da continua improvisación e da falta de proxecto de país. Puxéronse varios exemplos desa improvisación, desa falta de proxecto de país e desa falta de rigor.

Falaba vostede da modificación da Lei de estradas de Galicia aprobada en 2013. Todas as leis de acompañamento introduciron modificacións á Lei de estradas de Galicia, e nesta última vostede di que se reducen as distancias nas vías locais porque a realidade galega o fai aconsellable. ¿E logo a realidade galega mudou de 2013 a 2018, señor conselleiro? O evidente é que esa lei foi mal feita, e foi feita con pouco rigor polo ex-conselleiro Agustín Hernández, que, por certo, aceptou poucas das emendas que a oposición lle fixo naquel momento.

Polo tanto, é un proxecto de lei que reitera eses vicios, que volve introducir modificacións substanciais en sectores estratéxicos como a minaría, como o sector enerxético, como o forestal ou como na Lei de patrimonio, unha vez máis.

Tamén é a proposta dun Goberno galego que é a mostra da política que, desgraciadamente, nos vén gobernando dende 2009; un proxecto neoliberal que non aporta solucións para os sectores estratéxicos deste país e que busca facilitar só oportunidades de negocio para empresas en sectores que explotan os nosos recursos naturais, xeran pouca riqueza e emprego e escapan cos beneficios fóra. Non é casualidade a perda de peso relativo de Galicia con respecto ao Estado, sexa en poboación ou en emprego; non é casualidade que o rural siga camiño da desertización e o envellecemento; non é casualidade a falla de políticas públicas

para a dinamización dos montes veciñais ou dun monte que xere máis emprego e riqueza dun xeito máis sustentable; non é casualidade, é resultado das súas políticas.

A ausencia de proxecto faise patente na continua improvisación lexislativa, como xa teño dito. Comecemos, pois, polas medidas que se nos propoñen, nestes escasos quince minutos que teño.

Primeiro: a política fiscal do Partido Popular é sempre a de reducir o peso do público, e en sintonía con iso están as súas políticas fiscais. Reivindica vostede, señor conselleiro —e o Partido Popular—, constantemente a baixada de impostos, pero esa política beneficia principalmente as rendas máis altas. Xa me explicará despois como é posible que vostede compare cobrar impostos con despotismo ilustrado, se cobrar impostos é a base dunha democracia, señor conselleiro, e vostede dixo antes que iso era despotismo ilustrado. Ben, beneficia principalmente as rendas altas. Un exemplo é a rebaixa que fan vostedes do imposto de patrimonio. Xa se falou moito, só vou poñer un exemplo: unha base liquidable de dez millóns de euros —nada máis e nada menos que dez millóns de euros— aforra coa súa reforma trinta e oito mil euros, e unha base liquidable de cento sesenta e sete mil euros aforra sesenta e sete euros. ¿A quen favorece esta reforma, señor conselleiro? Eu creo que os números son bastante evidentes.

Nas medidas que vostede anunciou para o desastre de Tui, tamén cremos que ese é o sentido no que hai que traballar, pero nós introducimos emendas para asegurar que polos danos derivados da explosión pirotécnica a exención do cen por cento sexa efectiva, tanto para axudas como para investimentos.

En canto ás medidas administrativas, xa se falou aquí da enésima modificación da Lei do solo. Criticábase moito a lei do 2002 porque se modificou unha vez por ano de media, e a señora Mato falou dunha lei que lle ía dar estabilidade ao urbanismo neste país. Ben, pois en dous anos e medio levamos catro modificacións, e non de pouco calado, e ademais, moitas veces contraditorias coa aprobación da Lei do solo. Por exemplo, desta vez introdúcese aquí unha figura que supón a privatización da xestión urbanística e do proceso expropiatorio. ¿Acórdanse do axente urbanizador valenciano? Pois é isto o que se quere aprobar. O axente urbanizador valenciano é o que se pretende aprobar aquí. Supoño que tamén por esas casualidades, pero lembren os resultados que trouxo esa política urbanística en Valencia, señores e señoras do Partido Popular. O que pretenden, pola porta de atrás, é rescatar algo semellante ao que había na Louga: o sistema de concesión de obra, que se eliminou despois da comparecencia dos expertos, que se eliminou no 2016 na Lei do solo, e agora quérese recuperar pero en peor, para privatizar incluso o sistema expropiatorio. Non é responsable este tipo de actuación. Non sei que pretenden con esa medida, gustaríame que alguén me explicase que pretenden con esa medida. ¿Que problemas atopan hoxe en día os xestores da Xunta de Galicia para introducir a privatización do sistema de expropiación? Dígoo en serio, quero saber as motivacións e que nolo expliquen, a ver se nos convencen, pero é o axente urbanizador de Valencia.

Tamén hai cambios outra vez na Lei de montes, na Lei de montes veciñais en man común e na Lei de prevención de incendios. Tamén, nun ano, tres modificacións: na Lei de fomento de iniciativas empresariais, na Lei de acompañamento do ano pasado e nesta Lei de acom-

pañamento. Nun ano, tres modificacións. Evidentemente, non teñen moi pensadas as medidas que precisa o noso monte. De especial relevancia é esa que permite, por acordo do Consello da Xunta, a tramitación do cambio de uso de terreo forestal queimado por razóns derivadas das necesidades de ordenación e xestión sostible do territorio. Cremos que cunha xustificación tan vaga e tan xeneralista se abre a man para determinadas decisións arbitrarias que a nós non nos gustan. Porque ten sentido cando se impide a recualificación ou o cambio de uso dos terreos queimados, e ese sentido non se pode perder cunha definición tan vaga. É dicir, preocúpanos que se supedite a razóns tan xenéricas que poidan permitir unha utilización arbitraria desa posibilidade.

Tamén se modifican os criterios de cambio de uso de agrícola a forestal sen consensualo co sector agrario. E non estamos en contra de todo de como foi a modificación concreta, pero eu creo que estes cambios de uso teñen que ser consensuados e dialogados co sector agrario dentro dunha das problemáticas máis graves que ten este país, que é a perda constante de superficie agraria útil, que deriva tamén nunha dependencia alimentaria deste país, que debería de ser unha das prioridades —acabar con ela— de calquera goberno. Polo tanto, esas modificacións teñen que ser dialogadas.

Na corta de madeira, unha vez máis, apoiando un modelo forestal de baixo valor e de baixa creación de riqueza, a solución é rebaixar as exixencias. E, por exemplo, modifícase tamén a Lei de patrimonio, escudándose no atraso que teñen os informes de Patrimonio, e en vez de facer funcionar eficientemente a administración e poñer máis recursos humanos e tecnolóxicos para que os informes de Patrimonio se fagan con suficiente dilixencia, o que fan é modificar a Lei de patrimonio para rebaixar as exixencias. Por exemplo, vostedes din: «As cortas forestais que se realicen no contorno da protección dos bens declarados de interese cultural e catalogados, cando non leven aparelado un cambio de uso, e que, conforme a lexislación forestal, estean suxeitas a autorización, para a tutela dos valores obxecto de protección por esta lei requirirán da emisión dun informe sectorial da consellería competente en materia de cultura que se integrará no procedemento de outorgamento da autorización forestal». Ou sexa, isto é o sometemento da tutela do patrimonio cultural, incluídos os BIC, na autorización forestal; iso é o que significa esta modificación. E para nós non é o bo camiño, o bo camiño é facer unha administración eficiente que faga os informes de Patrimonio no tempo que os ten que facer, dilixentemente, e cos recursos que se teñen que facer.

Por certo, na Lei de acompañamento do ano pasado falábase da xeorreferenciación dos recursos de patrimonio. ¿Como van eses traballos? Porque iso si que axilizaría moito o traballo dos técnicos de Patrimonio.

Redúcense sancións ás empresas mineiras que incumpran a súas obrigacións de rehabilitar os espazos naturais danados pola súa actividade. Dispoñen dunha opción de rebaixar o oitenta por cento estas sancións, disque para incentivar que cumpran. Deben ser como esa publicación de hoxe do *DOG* en que a Xunta impón unha sanción á empresa Leitosa —propiedade de Cotino, irmán daquel do Partido Popular que está implicado na operación Gürtel—, que xa está disolta; xa nunca se vai cobrar esa sanción. Unha empresa que recibiu seiscentos vinte e seis mil euros de axudas desta Xunta de Galicia; un favor máis ao *lobby* mineiro dos que nos teñen moi acostumados.

E digo eu, chegado este momento... No sector mineiro e no sector eólico, vostedes, con estas medidas, están recoñecendo que era necesaria unha reforma en profundidade dos dous sectores, e tiñan dúas opcións: facelo democraticamente, abrindo un debate en profundidade de dous sectores en que a realidade fixo cambiar a necesidade legislativa de ter outro tipo de leis, ou pódeno facer pola porta de atrás, en varias veces, improvisadamente e con cambios constantes.

Nós cremos que este, unha vez máis, non é o camiño. O camiño é cumprir a lei. Vostedes, que falan tanto de cumprir a lei: tanto modificar a Lei de minería, e vostedes seguen sen aprobar un plan sectorial de actividades extractivas de Galicia que ordene o sector mineiro. Mire: o plan sectorial de actividades extractivas de Galicia configúrase como un plan sectorial de incidencia supramunicipal dos regulados na Lei de ordenación do territorio de Galicia como máximo instrumento da planificación da política mineira, e vostedes, despois de tantos anos no Goberno, de case dez anos no Goberno, seguen sen aprobar un plan sectorial de actividades extractivas.

Ben, Sogama, señor conselleiro, Sogama: vostedes mentiron cando subiron o 33,5 por cento do canon, xustificando o cambio, a subida, polo cambio retributivo da reforma enerxética do señor Soria; era mentira, xa o dixemos nese momento. A razón era o fallo pendente —que ao final fallou en contra da Xunta de Galicia— pola reclasificación da planta termoeléctrica, e era a amortización dos préstamos subordinados, é dicir, préstamos dos propios socios da empresa —que tivemos que pagar coa subida do canon todos os galegos e as galegas— e a amortización do préstamo de Project Finance.

Este decembro de 2018 vencen tanto Project Finance coma o préstamo subordinado; quedamos a pre. Sogama tivo dezaseis millóns de euros de beneficios antes de impostos, e vostedes propoñen unha baixada do dez por cento. ¿Por que non propoñen unha baixada para deixalo ao nivel de antes da subida, que era por unha cuestión retributiva eléctrica que non foi tal? ¿Por que? ¿Que queren, seguir dándolle beneficios a Gas Natural Fenosa, a Naturgy? ¿Quérenlle seguir dando beneficios? Si, porque, se non, non se entende. Hai perfectamente marxe, como xa se dixo aquí, para facer unha baixada que deixe o canon á altura do que estaba anteriormente á subida.

E, por certo, señor conselleiro, está ben que se traslade a rebaixa aos usuarios, pero hai que facelo dialogadamente, porque hai concellos cuxo servizo de recollida e tratamento do lixo é deficitario, ¿verdade?, e con eses concellos hai que falar para darlles unha solución.

Ben, tamén modifican a Lei de depredación, a Lei de fomento de iniciativas empresariais, e poñen a figura da empresa prioritaria, que traballe nos sectores da innovación, etc. —moita literatura—, que invista en activos polo menos dous millóns de euros. E nós dicimos: isto é discriminatorio, porque a estas empresas prioritarias a lei lles promete que os trámites se lles reducirán á metade. ¿E por que non ten dereito a ter unha tramitación áxil un gandeiro de Val do Dubra que estea pedindo un plan de mellora e que quere que lle aproben a declaración de incidencia ambiental en tempo porque, se non, perde a subvención? ¿Por que non ten o mesmo dereito que unha iniciativa empresarial prioritaria, que ten que investir polo menos dous millóns de euros? ¿Por que vostedes non traballan en ter unha administración

áxil e eficiente para todo o mundo e non lle dan trato de favor a determinadas iniciativas? Nós queremos un sistema que funcione para todos igual.

Con respecto á modificación na cuestión da pediatría: unha vez máis, sen diálogo, improviando ante unha situación que se lles veu enriba por falta de planificación —este verán estivo o país inzado de concentracións de xente pedindo pediatras nas súas vilas e nos seus pobos que non había pola falla de política de persoal e polos recortes do Partido Popular—, veñen e traen unha ocorrencia sen tela dialogada co sector. E, claro, agora teñen que cambiar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: As situacións de carencia do persoal específico resólvense habilitando vías para a formación e a dotación de novos profesionais, incrementando prazas vía MIR e coidando os profesionais que rematan as súas formacións para que todo o investimento realizado redunde nun aumento da calidade na atención do aproveitamento destes, con políticas de bo trato para os profesionais, que repercuten nas persoas usuarias no sistema.

Non teño máis tempo para seguir desgranando as súas medidas desta Lei de acompañamento, pero, en resumo, é mostra dun Goberno con pouco rigor, con ausencia de proxecto de país para sectores importantísimos para Galiza e, ademais, un Goberno que goberna tamén para determinados intereses, e refléxase, evidentemente, na lexislación que promove.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Rolda a favor e en contra das emendas. Teñen a palabra os portavoces dos grupos non emendantes para fixar posicións. Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, señora Prado Del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, tres motivos. Podería darlles máis, pero voules dar tres motivos para apoiar a Lei de medidas: primeiro, menos impostos, que vai repercutir no peto dos galegos e das galegas, que van ter máis cartos no peto porque van pagar menos impostos; melloras no ámbito do benestar social, e protección do medio ambiente —mellor xestión do monte, prevención de incendios e xestión forestal—, e tamén endurecemento do réxime sancionador as empresas mineiras que incumpran.

Señorías, unha vez máis, un orzamento en Galicia, unha Galicia que cumpre, que cumpre porque temos estabilidade política nun contexto no que falar de estabilidade é falar de ciencia ficción. Unhas contas realistas fronte ás contas da leiteira do seu presidente, o señor Sánchez.

Mire: eu xa teño dito que a Lei de medidas non é o instrumento legal que máis nos guste, non, (*Risos.*) (*Murmurios.*) pero unha cousa é iso e outra cousa é que vostedes sementen dú-

bidas sobre a súa legalidade. Sorprendíase a señora Rodil de que se xustificara a legalidade... ¡Claro, é que fai falta xustificala! Porque se vostedes len o que escriben, as súas emendas á totalidade, como cuestionan a legalidade desta lei —mesmo algún grupo, como o Partido Socialista, centrou única e exclusivamente a súa emenda á totalidade na legalidade da Lei de medidas—, pois claro, hai que traer aquí a doutrina do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo para dicir que é unha normativa absolutamente legal e amparada polo criterio de ambos os tribunais. Claro, e tampouco parece normal que sexa o Partido Socialista o que máis clases nos veña dar de técnica lexislativa, porque o primeiro que hai que ser é coherentes, señora Rodríguez. E, claro, para ser coherente, o primeiro no que hai que ser coherente xa é na redacción da súa emenda a totalidade. Porque fala vostede incluso da sentenza do Tribunal Constitucional 76/1992 na que se vetaban certas materias na Lei de orzamentos, e mesmo esa sentenza era consecuencia dunha mala utilización das materias que se regulaban na Lei de orzamentos do Goberno do señor Felipe González do ano 1988. E vostede vénnos poñer exemplo xusto do que vostedes facían mal.

Ben, ¿saben o que non é democrático? O que non é absolutamente democrático e o que non funciona en democracia é lexislar a golpe de decreto lei. ¿E saben quen foi o gobernante que máis abusou do decreto lei, ademais do señor Pedro Sánchez? O señor Primo de Rivera. E houbo que facer unha modificación na Segunda República para poñerlle restricións ao real decreto. O señor Pedro Sánchez agora está gobernando a golpe de decreto lei. (*Aplausos.*) ¡Pero sen ningún pudor! Mesmo chegaron a pretender modificar o Código civil vía decreto lei, nin máis nin menos que unha cuestión con tanta sensibilidade como é a determinación da patria potestade. Iso si que é técnica lexislativa de calidade.

Miren, o decreto lei vostedes saben perfectamente como funciona; viñeron aquí darnos clase de transparencia, de debate, de emendas... ¡Oia! Hoxe temos un debate, ábrese o prazo de emendas, teñen emendas a totalidade, hai posibilidade; tamén houbo emendas parciais. Señora Rodil, isto non acaba en vinte e catro horas: hoxe votamos as emendas de totalidade e despois temos a ponencia; hai emendas parciais, vostedes presentaron emendas parciais, ¿non? Quero dicir, non estamos furtando ese debate que a vostedes tanto lles preocupa. Iso si, co decreto lei si.

Claro, por non falar das comunidades nas que gobernan os señores socialistas, porque claro, en Cantabria acaban de presentar a Lei de acompañamento coa modificación de vinte leis. Vinte. Aí non sei cal é o discurso que teñen os socialistas, o que si sabemos é o discurso que teñen en Valencia, onde modificaron trinta. Claro, ¿e que din en Valencia? Pois voulo dicir; din: «a Lei de acompañamento é un importante apoio lexislativo dos orzamentos para facer realidade os dereitos sociais e a decencia cívica». Nós non imos chegar tan aló, señora Rodríguez, xa llo digo. «Unha lei con medidas directas para mellorar a vida dos valencianos». Ben, eu creo que a Lei de medidas galega tamén mellora a vida dos galegos e das galegas, e se a valenciana serve para mellorar a vida dos valencianos, eu pídolles que non obstrúan que se mellore a vida dos galegos e das galegas.

E, ademais, é que nesta lei baixamos os impostos, a diferenza da valenciana, onde soben os impostos. Porque, claro, xa o dixeron algunha vez, que subir impostos é de esquerdas. Pois ben, xa que subir impostos é de esquerdas, ao Partido Popular non nos queda outra

que baixar impostos. E, claro, xa o dixo o señor conselleiro, xa lles explicou as catro baixadas de impostos, e incluso lles dixo o número de galegos e de galegas que se verán afectados por esas rebaixas no imposto de sucesións e doazóns e no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Pero, ben, para vostedes semella que son invisibles e non existen nin os menores de trinta e seis anos, nin as persoas con discapacidade nin as familias numerosas que se van beneficiar desas rebaixas fiscais. Alá vostedes. Igual pensan, como as mareas de Podemos, que os galegos son un pobo ignorante e alienado e que lles facemos crer que lles baixan os impostos, pero en realidade non llelos baixamos; pero como son tontos igual cren que si, que lles estamos baixando os impostos e ao final non é así.

Vostedes, señorías, poden discrepar das políticas do Goberno, pero estaría ben que tiveran algunha alternativa. Din que hai que subir impostos... ¡Pois díganos cales! Hai que subir impostos aos ricos, aos que máis teñen. ¡Home!, pero é que alí onde gobernan, cando queren subirlles os impostos aos ricos, levamos unhas sorpresas estupendas. Por exemplo, o señor Sánchez subíndolle o gasóleo aos ricos, aos que conducen as camionetas de reparto, as furgonetas... O mesmo que fixo o señor Martiño Noriega; chegou a Santiago e dixo: vou subir o imposto de vehículos de tracción mecánica de máis cilindrada, eses que teñen os ricos, os poderosos. Esqueceuse das furgonetas de reparto dos autónomos que teñen dificultades para chegar a fin de mes.

Pero quizais o exemplo desa política fiscal para ricos: hoxe liamos na prensa como a ministra de Economía, Nadia Calviño, en cinco anos ingresou douscentos corenta e cinco mil euros e pagou cinco mil euros de impostos. Claro, quizais eses que vostedes apoian, señor Sánchez, en Madrid, eses ministros e ministras socialistas que compran a súa vivenda a través de sociedades instrumentais ou de empresas pantalla, igual ese é o modelo fiscal para ricos que a vostedes lles gusta. Ese non é o noso modelo fiscal. (*Aplausos.*)

Señora Rodil, vostede falou aquí de que a Lei de medidas se facía sen debate, sen escoitar os colectivos, e puxo un exemplo eu creo que pouco afortunado: falou vostede da Lei de benestar animal. Precisamente vai unha modificación na Lei de medidas que di que ten que ter licenza para animais perigosos non só o propietario, senón quen pasea ese animal. Esa lei, como vostede sabe, someteuse a debates, escoitouse a todos os colectivos, a vostedes tamén, e a vostedes non se lles ocorreu introducir unha emenda dese tipo. ¿Porque hoxe vén aquí? Pois porque na aplicación do día a día da lei se revela que é preciso facer esa modificación, e non é unha cuestión de non escoitar os colectivos, porque si que foron escoitados.

Tampouco o señor Sánchez estivo atinado cos datos nas contas, xa que en Soto del Real, señor Sánchez, pois hai moitos máis de Izquierda Unida e dos sindicatos polas tarxetas *black* que doutra cor política: o oitenta por cento. Vaia vostede botando contas, a ver cantos dos seus hai polas tarxetas *black*.

En canto aos pediatras, señora Rodil, mire: dende o primeiro día díxose que se ía facer a reforma coordinada co sector. Escoitouse o sector, o sector pediu que se retirara e retirámola. Non pasa nada, non se preocupe, sairá unha reforma do sistema de pediatras coordinada, falada e dialogada co sector.

En relación con Tui, señor Sánchez, mire: a plataforma de veciños sabe perfectamente que a Xunta de Galicia é a única administración que estivo, está e estará cos veciños de Tui. A Xunta é a única administración que se reuniu e escoitou a plataforma, e modificouse a norma para cumprir as peticións dos veciños. A Xunta podía poñer de perfil como a Deputación de Pontevedra, pero non o fixo, non apelou ás competencias propias e impropias.

Eu xa sei que molesta a certos territorios dicir que a Xunta foi a única que escoitou os veciños, porque, entre outras cousas, este fin de semana creo que se manifestaron diante da Subdelegación do Goberno, e non goberna o Partido Popular no Goberno do Estado, señorías. Porque o Goberno do Estado xa leva tres propostas para o desescombros. Primeiro empezaron que se un convenio —non vale—, despois un protocolo —non vale— e agora unha encomenda de xestión. ¿E sabe, señor Sánchez —vostedes que apoian o Goberno de Madrid—, canto lle ofrece o Goberno do Estado a Tui? O cincuenta por cento para o desescombros. Xa que vostedes están negociando os orzamentos e van ao cárcere a negociar as cuestións do independentismo, será máis sinxelo pedirlle ao Goberno do Estado que lles dea o cen por cento aos veciños de Tui para o desescombros desa fatal catástrofe. (*Aplausos.*)

Miren, en medio rural: non se trata de improvisación, como din vostedes. As normas legais son textos vivos e as modificacións obedecen á necesidade de mellorar —non se ría, señora Rodil, porque esta é unha técnica xurídica tamén— a xestión dos procedementos contidos nelas, ademais dalgúns cambios producidos por algunhas modificacións estatais que se teñen que traducir en modificacións autonómicas.

Hoxe debatemos unha lei que inclúe cuestións fundamentais para levar a cabo este gran reto que temos todos en Galicia, que é acabar cos incendios forestais, en materia de prevención e en materia de intervención.

Claro, como vostedes non estaban de acordo co ditame da comisión, pois agora tamén critican as medidas que se introducen nesta lei: a axilización dos procedementos de corta de piñeiros e eucaliptos para evitar as masas mixtas mediante a plantación intercalada de piñeiros e eucaliptos; mellorar a xestión de montes veciñais co fin de protexelos dos riscos de abandono das parcelas lindeiras... ¿A vostedes isto parécelles mal? Digan, de verdade, ¿parécelles mal? Non, temos que esperar que haxa outra vaga de incendios para resolvelo vía outra lexislación.

Mire, señor Sánchez: endurecéanse as condicións para o cambio de agrícola a forestal. ¿A vostede tamén lle parece mal iso? ¿Parécelle mal? Porque, claro, vostedes veñen aquí igual que a señora Rodil, que vén dicir aquí que se introduce pola porta de atrás un repago en política social. Mire, o que se introducen son dous novos servizos.

E, claro, como vostede fixo a brincadeira co conselleiro, permítame que eu lle faga outra brincadeira. Eu non son ningunha experta en inglés, pero, claro, é *cohousing*, e vostede dixo aquí «*cauhousing*». Tamén o conselleiro diría outra cousa, pero ben, creo que dar clases cando non somos expertos tampouco é o máis axeitado.

Pero, efectivamente, hai dous servizos novos. Pero eses dous servizos novos, señora Rodil, que se inclúen na lexislación non inclúen ningún copago. Eu rétolle a que agora mesmo vos-

tede aquí me diga cal é o artigo da Lei de medidas que establece o copago neses servizos de política fiscal. Porque vostedes menten tan descaradamente, ¡tan descaradamente...!, e vostedes din na redacción da súa emenda que é escandaloso que o Partido Popular inclúa un sistema de copago. Non, señora Rodil, non hai tal cousa. Establécense dous novos servizos para a carteira de servizos; non se establece ningún copago, nin repago, nin tripago.

En canto ás iniciativas empresarias prioritarias, mire, señor Sánchez: como vostedes veñen aquí e falan do rural —algúns cren que son os únicos que poden falar do idioma, outros cren que son os únicos que poden falar do rural—, eu pídlle que crea vostede un pouco máis no rural e que vostede crea que, efectivamente, hai iniciativas no rural que poden ser declaradas iniciativas prioritarias. E vostede non veña aquí poñer un caso concreto, dunha situación concreta, dun señor que non presentou a documentación e, polo tanto, non podía axilizarse o expediente en tempo. Fale vostede con xeito.

Estamos falando da maximización da simplificación administrativa para iniciativas empresariais que sexan cualificadas como prioritarias. Vostedes fan tres críticas: arbitrariedade, discriminación e rebaixa de exixencias ou garantías. Ningunha das tres é certa, señor Sánchez, ningunha das tres. Non se altera para nada a exhibibilidade de cumprimento dos prazos ordinarios, e o único obxectivo que se pretende é a maximización da simplificación administrativa. Nós si cremos que no rural pode haber proxectos no ámbito gandeiro que contribúan aos valores transversais que se establecen na normativa, como son a innovación, a competitividade, a internacionalización, a igualdade no ámbito laboral, a conciliación, a xeración de emprego, o investimento, etc.

En canto ás minas: claro, vostede vén aquí e fai unha lectura nesgada da lei, vostede vén aquí falar unicamente do réxime sancionador e de control das empresas mineiras. Pero se consideramos todas as medidas —porque a oposición só resalta a posible redución da contía da sanción—, o que supón, señorías, é unha normativa moito máis dura coas empresas que se dedican á cuestión mineira: determinar quen é o responsable da actividade mineira e, cando a empresa extinga a personalidade xurídica porque peche ou porque quebre, que os socios ou as persoas responsables sigan tendo responsabilidade á hora de cumprir as obrigas que a lei lles impón.

Miren, sobre Sogama: señorías, resulta curioso que agora o Partido Socialista diga que non se lles poña rebaixa aos veciños. Miren: cando se incrementou o trinta e tres por cento, a señora conselleira era alcaldesa de Melide e repercutiulles o trinta e tres por cento aos veciños. ¿Que facemos agora, non llelo repercutimos? ¿Vostede onde estaba daquela? ¿No concello onde estaba non llelo repercutiron nos recibos aos veciños? ¿Que pasa? Que cando hai que subir, subímosllelo, pero cando hai que baixalo, non llelo baixamos. Vaia e explíquello vostede aos veciños.

En canto ao novo sistema de expropiación, vostedes veñen aquí e vostedes saíron na prensa dicindo que isto era unha cuestión para un proxecto moi concreto. Para evitar calquera interpretación malintencionada de vostedes, o Grupo Parlamentario Popular presentou unha emenda a este artigo para simplificar a súa redacción. Con esta redacción o que facemos é, simplemente, poñer a normativa estatal, actualmente vixente en Galicia, así que eu espero

que iso lles quite absolutamente calquera indicio de intención que puideramos ter. Creo que con isto queda absolutamente despexada calquera dúbida que puideran ter vostedes sobre este asunto.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Convídoos a ler a emenda do Grupo Parlamentario Popular, porque en ningún caso esa modificación estaba prevista para ningún caso concreto. Creo que vostedes, como teñen moitas cousas que fan por aí —fan as cousas para os seus amigos, como os pisos da Coruña—, (*Balbordo.*) pensan vostedes que os demais tamén facemos o mesmo. (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Claro, é que os de Vigo o que queren sempre é ter o protagonismo. Non se preocupe, que xa vostede hoxe fixo o seu labor para que o señor emperador lle dea o parabén; non teña dúbida, non necesita vostede seguir aquí facendo esa *performance*, señor Abel. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Réplica dos grupos emendantes.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Dicía a señora Prado que non lles gustaba este mecanismo. Para non gustarlles colléronlle moitísimo gusto, porque o usan cada ano. Cada ano máis dunha vintena de leis refórmanse por esta vía —insisto—, que é unha porta traseira, porque se reforman dun plumazo vinte e catro leis, que se ventilan en vinte minutos que temos agora nesta intervención no Pleno e vinte minutos que teremos os grupos na sesión na comisión.

Así que, de verdade, se a alguén lle parece que é democrático ventilar unha reforma de vinte e catro leis de golpe, con corenta minutos de debate dentro destas catro paredes, estou segura de que temos unha visión absolutamente diferente do que é a democracia neste país, (*Aplausos.*) que vai bastante máis alá dos debates que temos as forzas políticas dentro desta cámara.

E dicíame a señora Prado que eu inventaba as cousas. Pois voulle ler a Lei de acompañamento, que pon: «Artigo 29. Modificación do Decreto 149/2013, e no apartado II do anexo I do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia —aquí a señora Prado parou de ler, pero segue— e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) dentro dos servizos de prevención das situacións...». (*Balbordo.*) E

créanse tres servizos máis (*Aplausos.*): o servizo de supervisión e apoios puntuais, o *cohousing* (*Murmurios.*) e as unidades psicoxeriátricas.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Tamén é verdade que isto... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! Señora Prado, silencio. Silencio todos.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu estou lendo, literalmente, o que pon o seu proxecto de lei de reforma, (*A señora Rodil Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara.*), e veremos, cando se traian eses novos servizos —que de momento, polo que sabemos, sobre todo en relación co *cohousing*, están na cabeza de alguén, pero aínda non sobre o papel—, (*Murmurios.*) en que acaba o conto.

Despois, outra cuestión: teñen unha concepción do diálogo tan propia como da democracia. Porque a señora Prado vén defender aquí que se crea o pediatra de área. E, evidentemente, cando se fai público, as organizacións profesionais, as organizacións sindicais, toda a comunidade sanitaria do noso país e incluso a propia oposición, que se entera —cando entra pola porta do pazo do Hórreo esa proposta de reforma que inclúe a Lei de acompañamento— de que deciden vostedes crear a pediatría de área, todo o mundo monta en cólera, obviamente, e aí vostedes deciden autoemendarse e recuar. E agora, a través da proposta dunha das emendas —das cincuenta e unha emendas que presenta a este texto lexislativo—, o Partido Popular pretende recuar porque se liou —e perdoen o coloquial—, ¡liouse parda! E liouse parda porque aquí non se fala con ninguén, e intenta coarse pola porta de atrás a supresión da pediatría en atención primaria e facer unha combinación entre a atención nos centros de saúde de atención primaria e a atención pediátrica hospitalaria. Tiveron que recuar porque levou as mans á cabeza absolutamente todo o mundo. ¡Iso non é dialogar! Porque se non chegan a advertir e a alertar as organizacións sindicais e as organizacións profesionais da pediatría deste país, vostedes seguirían adiante, mesmo indo en contra da atención ás persoas usuarias e a unha das partes máis febles do sistema sanitario deste país, que son as crianzas. E tempo haberá no Pleno que comeza mañá de abordar esta cuestión. (*Aplausos.*)

E simplemente para rematar, porque é que levamos todo o día falando de impostos, de sistema tributario, de modelos fiscais... Aquí veu Braveheart defender as clases populares, as clases traballadoras e a baixada de impostos que defende o Partido Popular e a dereita. E hai que ter a cara ben dura para pedirlle explicacións á oposición a respecto do imposto do gasóleo unha forza política que incrementou catro veces, multiplicou por catro o prezo do gasóleo no noso país. Nunha reforma no ano 2013 pasouse de 1,2 céntimos por litro a 4,8 céntimos por litro. E alguén vén aquí pedirilles explicacións ás forzas da oposición sobre a suba de impostos (*Aplausos.*) de maneira absolutamente lineal a todas as rendas, porque gravan por igual as máis altas e as máis baixas. ¡De verdade! E como se iso fose pouco, agora xa deciden que nos sobran competencias e que o gravame dos carburantes pode quedar en mans do Estado español, que Galiza non ten absolutamente nada que dicir nesta materia.

Falábase antes — simplemente un chas, porque non hai máis tempo— do axente urbanizador de Valencia. O Concello de Miño, o Partido Popular no Concello de Miño e o pufo que deixou á veciñanza dese concello, precisamente con esa figura do «axente urbanizador», que era *el gran sueño del sol y playa* no concello de Miño: mil duascenas vivendas, un hotel, un campo de golf... E aínda están pagando as veciñas e os veciños os delirios de grandeza do Partido Popular. *Nos dicen que tenemos que pensar en vivir del turismo y no de las vacas*, dicíanlles os alcaldes e os concellos do Partido Popular ás veciñas e aos veciños. E eu creo que é unha boa síntese de cal é a política económica e o futuro que deseña o Partido Popular para este país.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor conselleiro.

Señora Paula Prado, a verdade é que o subconsciente a vostede a traizoa. Remórdelle a conciencia, porque falou dez minutos xustificando o uso desta Lei de acompañamento. ¡Si, o mesmo que na propia lei, dez minutos! (*Aplausos.*) ¡Pola porta de atrás! Gústelle ou non lle guste, pola porta de atrás reforman vinte e catro leis, trinta e cinco se temos en conta as fiscais. ¡Trinta e cinco leis, señora Prado del Río! E ademais, mire, voulle dicir: pónname os exemplos que queira, pero mentres gobernou o señor Pérez Touriño non se empregou nunca. ¡Nunca! ¿Entende? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a diferenza. (*Aplausos.*)

Mire, por certo: no canon de Sogama —volvo explicarllo— quere dicirse que, cando o incrementan, que o fagan os concellos se queren e, se non, que o asuman. Esa é a diferenza. E agora, como o rebaixan, din que o rebaixa a Xunta e hai que aplicarllo á cidadanía. Olvidan unha e outra vez a autonomía dos concellos. ¡Olvidano unha e outra vez! A vostedes parécenlles que son quen gobernan e quen deciden as políticas que teñen que aplicar os concellos. ¡Si, señora Paula Prado del Río!

E mire, tamén unha brincadeira máis —xa que estamos aquí co «y tú más». Pois mire: chamarase *cohousing* —ou como queira—, pero a realidade é que a política de vivenda da Xunta de Galicia se reduce á cualificación de nove —¡nove!— vivendas de promoción pública no ano pasado. (*Aplausos.*) Iso si que é unha brincadeira, iso é unha desvergonza. Esa é a forma que teñen de axudar os máis necesitados.

Mire, é que xa non me vai dar tempo a falar de todo o que tiña aquí, pero, como teremos ocasión, seguiremolo debatendo.

Voulle recordar que na «lexislatura do rural» temos 1.546 afiliados menos en dous anos, temos catro mil ocupados menos nun ano. En nove anos do Goberno do señor Feijóo perdemos máis de noventa e cinco mil persoas, e de entre vinte e trinta e nove anos perdemos máis de duascenas mil persoas. (*Aplausos.*) No número de parados, Galicia é a comunidade que ten o menor descenso de todas: un 5,03 %, mentres que no conxunto do Estado é dun

19,30 %. En ocupados, Galicia ten sesenta mil ocupados menos: un -5,16 %, mentres que no conxunto do Estado os ocupados medraron nese mesmo período un 2,25 %. En Galicia temos o crecemento vexetativo máis baixo de todas as comunidades autónomas, e o indicador conxuntural de fecundidade está en 1,12 fillos por muller. Temos un índice de envellecemento de 195,21, é dicir, que por cada cen menores de dezaseis anos temos 195,21 maiores de sesenta e catro anos. ¿Vostede considera de verdade, señor conselleiro, que con estes datos se pode dicir que Galicia é o mellor lugar para nacer?

Se os gobernos do Partido Popular e o Goberno do señor Núñez Feijóo en Galicia nestes nove anos se empregasen a fondo para evitar a sangría demográfica e o desmantelamento dos servizos públicos e executasen os orzamentos na súa totalidade —fundamentalmente nas políticas de emprego—, Galicia sería o mellor lugar para nacer e para vivir, sen dúbida ningunha. E todo isto deixaría de ser ficticio para ser unha realidade. Aplíqueno, porque o estamos esperando.

Non se ría, señor conselleiro, non me parece que sexa unha brincadeira, son datos irrefutables.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, Señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, pois como a señora Prado non tiña moitos argumentos para defender o contido da lei, tivo que tratar de xustificala, con pouca convicción. Dixo: non nos gusta moito, non nos gusta; terémolo que facer, pero non nos gusta. Non, non teñen por que facelo se non lles gusta, podían facelo doutra maneira. Pero, claro, teríanse que enfrontar a que fose con máis tempo e a xente puidese moverse, alegar, protestar e esas cousas. Xa sabe que fixeron que tirasen abaixo a proposta de plan sectorial de actividades extractivas, o Anteproxecto de lei de acuicultura, etc. Por iso prefiren facelo pola porta de atrás, é esa a razón e non outra.

E ademais, claro, vostede, nisto de vir aquí e non ter argumentos, di: «y tú más». E criticou —¡que manda truco!— o Goberno actual do Estado por gobernar por decreto lei. Mire, titular *(O señor Sánchez García amósalles un documento aos membros da Cámara): «El Gobierno de Rajoy bate el récord de legislar por decreto».* *(Aplausos.)* Ben, ata agora... 21 de agosto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, xa, claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ellos un poquito más, sí, señor. *Los otros son un poquito más peores.*

Ben, e despois, tamén, que vostede veña falar de corrupción aquí, darnos leccións de corrupción... ¡Home! *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* En Soto del Real había un tal Pablo Crespo, el Bigotes, Bárcenas, Granados, Ordinas, Ignacio González, o irmán de Ignacio González, Correa, Blesa, Rato, Damián Vidal, os alcaldes de Torreveja, de Valdemoro, de Totana... *(Aplausos.)* Están alí xogando a partida, están alí xogando a partida vostedes. E, ademais, «casos aislados» de corrupción no Partido Popular. *(Murmurios.)* ¡Moi ben!

Vostede falou de baixadas fiscais: «Baixámoslles os impostos aos galegos». A uns máis que a outros, ¿verdade? Xa llo dixen, pode contar todas as milongas que queira. A súa proposta fai que unha persoa cunha base líquida de dez millóns de euros teña que pagar trinta e oito mil euros menos; cunha base liquidable de cento sete mil euros, sesenta e sete euros menos. Mire aí a quen lle baixan vostedes os impostos.

E dicía: «É o modelo fiscal que nós defendemos». O seu modelo fiscal é o da amnistía fiscal, ¿verdade? Aos pobres, a aqueles pobres que se negaban a declarar os millóns, tamén moitos compañeiros do Partido Popular —o señor Bárcenas entre eles, o señor Rato entre eles, etc.—. Ese é o seu modelo fiscal. Váialles a outros coa milonga esa de que aquí baixaron os impostos nos anos en que vostedes gobernaron. ¡Mentira! ¡Falso! Pregúntello á xente, xa verá como non. Pregúntelle polo IBI, polo IVE, etc.; e tamén polo gasóleo —o céntimo sanitario, como xa se dixo aquí—: 4,8 céntimos. E veu vostede criticar aquí o que faciamos.

Iso si, non sei se nos lembramos na oposición cando gobernaba Rajoy e quería aprobar os orzamentos. Tiñamos que soportar aquí que viñeran os do Partido Popular e dixeran: ¡deixen de bloquear os orzamentos do Estado, porque están impedindo o desenvolvemento deste país! Señores do Partido Popular: ¡apoien a Pedro Sánchez! ¡Apoien os seus orzamentos! ¡Deixen de bloquear os orzamentos, señores do Partido Popular! ¡De verdade que si! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio. Xa estamos rematando. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Tranquilos todos. Tranquilo, Antón, tranquilo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Tranquilo. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, non é para que te vaias indo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non me vou.

O señor PRESIDENTE: Veña, vamos rematar xa, veña.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Teño por primeira vez en moito tempo o amparo do señor presidente. (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Non, xa o tiveches en máis dunha ocasión, tampouco te pases agora. ¡Coidado! (*Risos.*) (*Aplausos.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A Lei do solo, señora Prado; o que di a súa proposta é moi claro, mire: «A administración expropiante poderá utilizar, para o desenvolvemento da actividade de execución das actuacións do sistema de expropiación, todas as modalidades de xestión directa e indirecta admitidas pola lexislación de réxime xurídico, de contratación das administracións públicas, de réxime local e de ordenación territorial e urbanística». (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) E: «A condición de beneficiario da expropiación a persoas naturais ou xurídicas, para que adquiran a propiedade de todos os bens

e dereitos incluídos no ámbito de actuación, aboando o seu xusto prezo, e executen as obras de urbanización. Nos concursos públicos que a tal efecto se convoquen poderán presentar ofertas calquera das persoas físicas ou xurídicas interesadas en asumir a xestión da actuación, incluídos os propietarios que formen parte do correspondente ámbito». (*Protestas.*)

Iso significa... (*Balbordo.*) (*Un señor deputado: ¡Xa está emendado!*) Xa sei que está emendado, que xa o veu explicar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ben, moi ben! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, ¿como se lles ocorreu facer isto? ¿Como se lles ocorreu, señores e señoras da Xunta, traer isto aquí e que teñan vostedes que emendar? ¡É que é un circo continuo! Catro modificacións, e agora, coa emenda do Partido Popular, outra modificación. ¡Aclárense! Un pouquiño de seriedade, un pouquiño de rigor. E que non se lles note tanto que queren, ás veces, pillarnos despistados e metérnola... Ben, non podó dicir iso, perdón. (*Murmurios.*)

Ben, iniciativas empresariais prioritarias: vostede falou de simplificar os trámites administrativos. Polo que eu sei, as iniciativas empresariais prioritarias non se restrinxen só ao rural, non é unha medida só para o rural; pode ser tamén para o rural. Pero si que é unha medida para aqueles que poidan investir dous millóns de euros. E eu o que digo é: ¿e por que só se lles simplifican os trámites e se lles reducen á metade aos que poidan investir dous millóns de euros, e non a moitas e moitos que están tratando de sacar a adiante proxectos que son máis pequenos pero igual de interesantes ou máis? ¿Por que non? ¿Por que vostedes teñen a arbitrariedade de poder dicir quen ten unha administración eficiente e a quen se lle rebaixan as garantías? Porque se rebaixan: cando se reducen os trámites á metade, rebáixanse as garantías.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: O que temos que facer é unha administración para todos igual.

En política social... Non sei se xa me pasei de tempo...

O señor PRESIDENTE: Home, un minuto e pico xa.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Un minuto e pico. Ben, non me dá tempo, pero...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Para outra ocasión, veña. (*Murmurios.*)

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señores e señoras do Partido Popular... Noutra ocasión, si, porque seguramente se repetirá isto para o ano que vén. (*Murmurios.*) Ou sexa, que repetirei isto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Votación das emendas á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Procedemos, polo tanto, a votar.

Pechen as portas, por favor.

Votamos as emendas á totalidade ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Comezamos votando a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39804).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39866).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas do G. P. de En Marea (doc. núm. 39844).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.


O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Nada máis.

Remata aquí o pleno. Boa noite.

Remata a sesión ás sete e cincuenta e nove minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25